



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 206
29 de setembro de 2021

Fascículo 2



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.2. Solicitudes de comparecencia

1.4.2.2. Solicitudes de comparecencia en Comisión

Admisión a trámite, traslado á Comisión e publicación

■ 22565 (11/CPC-000044)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Da directora da Axencia de Turismo de Galicia, por petición propia, para dar conta dos proxectos aprobados ao abeiro dos plans de sustentabilidade turística en destino (PSTD) [80055](#)

1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

■ 22638 (11/INT-001200)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa gratuidade do transporte escolar [80057](#)

■ 22649 (11/INT-001202)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación cos problemas do transporte escolar [80062](#)

■ 22849 (11/INT-001205)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre o procedemento aberto pola Comisión Europea a España por irregularidades na ampliación da concesión da AP9 [80068](#)

Admisión a trámite e publicación

■ 22040 (11/INT-001174)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en materia de subvencións para a mellora das infraestruturas turísticas [80074](#)

■ 22105 (11/INT-001177)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis



Sobre a política do Goberno galego en relación coas propostas remitidas ao Goberno central para os fondos europeos [80076](#)

I 22147 (11/INT-001178)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co impacto do incremento dos prezos no ámbito enerxético nos fogares galegos [80079](#)

I 22206 (11/INT-001181)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 4 máis

Sobre a política do Goberno galego en materia de despoboamento e masculinización do rural [80083](#)

I 22214 (11/INT-001182)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a política do Goberno galego en relación coa colaboración do colectivo de ópticos e optometrístas na asistencia sanitaria visual [80086](#)

I 22236 (11/INT-001183)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co índice de sinistralidade laboral en Galicia [80089](#)

I 22257 (11/INT-001184)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e Ríos Santomé, Paulo

Sobre a política do Goberno galego en relación co funcionamento do transporte transfronteirizo marítimo [80093](#)

I 22267 (11/INT-001185)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 3 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co impacto económico e laboral en Galicia da xeración de enerxía eólica [80096](#)

I 22270 (11/INT-001186)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa precariedade no ensino público [80100](#)

I 22287 - 22725 (11/INT-001187)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre a política do Goberno galego en materia de incentivos fiscais [80104, 80106](#)



I 22304 (11/INT-001188)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín**Sobre a política do Goberno galego en relación co Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia [80107](#)**I 22325 (11/INT-001189)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Seco García, Martín e 2 máis**Sobre a política do Goberno galego en relación co sector naval da ría de Vigo [80109](#)**I 22397 (11/INT-001190)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis**Sobre as explotacións gandeiras de leite [80112](#)**I 22403 (11/INT-001191)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Castro García, Daniel e 2 máis**Sobre a política do Goberno galego en relación coa presenza do galego nas plataformas audiovisuais [80116](#)**I 22418 (11/INT-001192)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e 2 máis**Sobre a política do Goberno galego en relación coa protección do patrimonio histórico-artístico de Galicia [80119](#)**I 22466 (11/INT-001193)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Albert, María e 2 máis**Sobre a política do Goberno galego en relación co persoal do Servizo de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais [80123](#)**I 22471 (11/INT-001194)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Lago, Noelia e 2 máis**Sobre a política do Goberno galego en relación cos beneficios da Tarxeta Xente Nova para a mocidade [80127](#)**I 22519 (11/INT-001195)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 2 máis**Sobre a política do Goberno galego en relación co dereito ao aborto na sanidade pública galega [80129](#)**I 22523 (11/INT-001196)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 3 máis**Sobre a política do Goberno galego en relación coa industria pasteira en Galicia [80132](#)

I 22529 (11/INT-001197)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a política do Goberno galego en relación coa optimización dos recursos nos centros hospitalarios [80134](#)**I 22563 (11/INT-001198)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co sector cultural galego [80136](#)**I 22618 (11/INT-001199)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa industria cultural en Galicia [80139](#)**1.4.4. Preguntas****1.4.4.1. Preguntas orais en pleno****Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación****I 22639 (11/POP-003317)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre o uso gratuito do transporte escolar por parte do alumnado de formación profesional básica [80143](#)**I 22654 (11/POP-003319)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre os problemas do transporte escolar en Galicia [80148](#)**I 22850 (11/POP-003329)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre o procedemento aberto pola Comisión Europea a España por irregularidades na ampliación da concesión da AP9 [80153](#)**Admisión a trámite e publicación****I 22025 (11/POP-003251)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 3 máis

Sobre o atraso na data de apertura do centro de saúde de Bouzas, en Vigo [80158](#)**I 22032 (11/POP-003252)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre as obras de seguridade necesarias na dársena do porto de Malpica e no porto de Barizo [80160](#)

I 22038 (11/POP-003253)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis**Sobre as subvencións para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas a concellos de ata dez mil habitantes [80162](#)**I 22045 (11/POP-003254)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Calvo Pouso, Diego e 7 máis**Sobre as conclusións do estudo de alternativas para solucionar os problemas de abastecemento de auga do concello de Vigo [80164](#)**I 22051 (11/POP-003255)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis**Sobre a cobertura da praza de traballadora social no Centro de Educación Especial Saladino Cortizo, en Vigo [80166](#)**I 22055 (11/POP-003256)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Lago, Noelia e 2 máis**Sobre a sentenza condenatoria ao Servizo Galego de Saúde pola denegación da prestación sanitaria [80169](#)**I 22109 (11/POP-003261)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 2 máis**Sobre a concreción das propostas remitidas ao Goberno central para a obtención dos fondos europeos [80171](#)**I 22151 (11/POP-003262)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 2 máis**Sobre o impacto do aumento do prezo do gas nos fogares e na economía galega [80174](#)**I 22166 (11/POP-003265)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis**Sobre a construción dunha residencia de maiores no barrio do Vinteún en Ourense [80177](#)**I 22178 (11/POP-003267)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Albert, María e 2 máis**Sobre o correcto funcionamento do Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra [80181](#)**I 22209 (11/POP-003268)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 4 máis**Sobre a destrución de emprego no sector agrícola en Galicia [80184](#)

I 22215 (11/POP-003269)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina**

Sobre a colaboración do colectivo de ópticos e optometristas na asistencia sanitaria visual

[80187](#)**I 22219 (11/POP-003270)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis**

Sobre a iluminación do paso peonil da ponte da variante de Noia

[80189](#)**I 22224 (11/POP-003271)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre o cumprimento pola Universidad Intercontinental de la Empresa dos requisitos do Real decreto 640/2021, de creación, recoñecemento e autorización de universidades e centros universitarios, e acreditación institucional de centros universitarios

[80191](#)**I 22227 (11/POP-003272)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Arias Rodríguez, Raquel e 7 máis**

Sobre a declaración como reserva da biosfera da Ribeira Sacra e das serras do Oribio e O Courel

[80192](#)**I 22229 (11/POP-003273)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Seco García, Martín e 2 máis**

Sobre a información da tramitación do parque eólico nos concellos de Negreira e Outes

[80195](#)**I 22237 (11/POP-003274)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis**

Sobre o índice de sinistralidade laboral en Galicia

[80197](#)**I 22245 (11/POP-003275)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Seco García, Martín e 2 máis**

Sobre as limitacións de niveis máximos e mínimos de baleirado dos encoros da demarcación Galicia-Costa

[80200](#)**I 22250 (11/POP-003276)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e Carreira Pazos, Iria**

Sobre a adxudicación a tempo completo das prazas de titor, Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica nos centros escolares Monte dos Postes e As Fontiñas, de Santiago de Compostela

[80202](#)**I 22256 (11/POP-003277)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis**

Sobre a atención sanitaria no concello da Lama

[80204](#)

I 22261 (11/POP-003278)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e Ríos Santomé, Paulo
Sobre o funcionamento do ferri entre A Guarda e Caminha

[80206](#)**I 22268 (11/POP-003279)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 3 máis
Sobre o impacto económico e laboral en Galicia da xeración de enerxía eólica

[80209](#)**I 22274 (11/POP-003280)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis
Sobre a precariedade no ensino público e a ampliación do cadro de persoal docente

[80212](#)**I 22282 (11/POP-003281)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Albert, María e 3 máis
Sobre o estado estrutural e dotacional dos centros de saúde do distrito sanitario de Valdeorras

[80215](#)**I 22286 (11/POP-003282)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Francisco Rivera, Juan Carlos
Sobre os incentivos fiscais aplicados dende o ano 2016

[80218](#)**I 22296 (11/POP-003283)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ríos Santomé, Paulo e Prado Cores, María Montserrat
Sobre a reactivación das terapias de atención temperá para a infancia con parálise cerebral no centro San Rafael, de Vigo

[80220](#)**I 22300 (11/POP-003284)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 3 máis
Sobre a folga dos traballadores da empresa Imerys Kiln Furniture, na Guarda

[80223](#)**I 22305 (11/POP-003285)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín
Sobre a convocatoria dos cursos de formación en protocolo covid para o persoal da hostalaría

[80226](#)**I 22310 (11/POP-003286)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e 2 máis
Sobre as deficiencias e as carencias do Centro de Educación Primaria Altamira, de Salceda de Caselas

[80228](#)

I 22315 (11/POP-003287)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 3 máis

Sobre a posta en marcha da unidade de demencias da Área Sanitaria de Vigo no Hospital do Meixoeiro

[80230](#)**I 22321 (11/POP-003288)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre a reactivación da industria naval privada da ría de Vigo

[80232](#)**I 22398 (11/POP-003293)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a concentración excesiva de xurros e os problemas de xestión nas explotacións gandeiras de leite

[80235](#)**I 22404 (11/POP-003294)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre o aumento da cota e do financiamento dedicado a obras en galego

[80239](#)**I 22419 (11/POP-003295)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as obras na ponte Nafonso, entre os concellos de Noia e Outes, e a protección do seu patrimonio

[80242](#)**I 22459 (11/POP-003296)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e 2 máis

Sobre o acceso da mocidade galega a unha vivenda digna en réxime de alugueiro

[80245](#)**I 22467 (11/POP-003297)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre a inestabilidade laboral no Servizo de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais

[80249](#)**I 22472 (11/POP-003298)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 2 máis

Sobre as persoas beneficiarias da Tarxeta Xente Nova dende o ano 2016

[80253](#)**I 22477 (11/POP-003299)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis



Sobre a achega de recursos económicos para a promoción de rutas aéreas no aeroporto de Peinador, en Vigo [80255](#)

I 22483 (11/POP-003300)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 4 máis

Sobre a cobertura da praza da traballadora social no Centro de Educación Especial Saladino Cortizo, en Vigo [80257](#)

I 22497 (11/POP-003301)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e 2 máis

Sobre o peche temporal do centro de día público de Chantada [80260](#)

I 22501 (11/POP-003302)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre as listas de agarda no Servizo de Traumatoloxía da provincia de Ourense [80262](#)

I 22508 (11/POP-003303)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre a supresión da oferta de educación secundaria para as persoas adultas no Instituto de Educación Secundaria Dionisio Gamallo Fierros, de Ribadeo [80264](#)

I 22520 (11/POP-003304)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a garantía do dereito ao aborto na sanidade pública galega [80267](#)

I 22524 (11/POP-003305)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 3 máis

Sobre a postura da Xunta de Galicia en relación co futuro da empresa Ence en Galicia [80270](#)

I 22530 (11/POP-003306)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a necesidade dun plan especial de actividade hospitalaria para reducir os tempos de espera [80272](#)

I 22531 (11/POP-003307)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a necesidade de optimizar os recursos materiais e humanos nos centros hospitalarios [80274](#)



I 22536 (11/POP-003308)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina**Sobre os prazos para a construción dun novo centro de saúde en Vilagarcía de Arousa [80276](#)**I 22537 - 22761 (11/POP-003309)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina**Sobre o investimento para a construción dun novo centro de saúde en Vilagarcía de Arousa
[80278, 80280](#)**I 22545 (11/POP-003310)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez López, Daniel e 2 máis**Sobre o pechamento de oficinas bancarias en Zas, Baíñas (Vimianzo) e Malpica de Bergantiños
[80282](#)**I 22552 (11/POP-003311)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis**Sobre o uso do transporte escolar gratuito do Instituto de Educación Secundaria de Soutomaior polos escolares das paradas de Pierres e O Calvario, en Soutomaior
[80286](#)**I 22557 (11/POP-003312)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**Sobre a difusión e o consumo da cultura galega
[80289](#)**I 22564 (11/POP-003313)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**Sobre a reactivación e o impulso da actividade cultural galega tras a pandemia da covid-19
[80293](#)**I 22619 (11/POP-003314)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**Sobre as axudas para o fomento e a promoción de rodaxes audiovisuais ao abeiro do programa *Hub* da industria cultural
[80296](#)**I 22623 (11/POP-003315)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis**Sobre a falta de persoal e recursos en centros educativos da comarca da Coruña
[80299](#)**I 22629 - 22724 (11/POP-003316)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis**Sobre a alternativa habitacional que ofrece a Xunta de Galicia ante o desafuzamento dunha familia en Vigo
[80301, 80304](#)

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 27 de setembro de 2021, adoptou os seguintes acordos:

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.2. Solicitudes de comparecencia

1.4.2.2. Solicitudes de comparecencia en Comisión

Admisión a trámite, traslado á Comisión e publicación

- 22565 (11/CPC-000044)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Da directora da Axencia de Turismo de Galicia, por petición propia, para dar conta dos proxectos aprobados ao abeiro dos plans de sustentabilidade turística en destino (PSTD)

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 22638 (11/INT-001200)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa gratuidade do transporte escolar

- 22649 (11/INT-001202)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación cos problemas do transporte escolar

- 22849 (11/INT-001205)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre o procedemento aberto pola Comisión Europea a España por irregularidades na ampliación da concesión da AP9

Admisión a trámite e publicación

- 22040 (11/INT-001174)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en materia de subvencións para a mellora das infraestruturas turísticas



- 22105 (11/INT-001177)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coas propostas remitidas ao Goberno central para os fondos europeos

- 22147 (11/INT-001178)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co impacto do incremento dos prezos no ámbito enerxético nos fogares galegos

- 22206 (11/INT-001181)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 4 máis

Sobre a política do Goberno galego en materia de despoboamento e masculinización do rural

- 22214 (11/INT-001182)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a política do Goberno galego en relación coa colaboración do colectivo de ópticos e optometristas na asistencia sanitaria visual

- 22236 (11/INT-001183)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co índice de sinistralidade laboral en Galicia

- 22257 (11/INT-001184)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e Ríos Santomé, Paulo

Sobre a política do Goberno galego en relación co funcionamento do transporte transfronteirizo marítimo

- 22267 (11/INT-001185)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 3 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co impacto económico e laboral en Galicia da xeración de enerxía eólica

- 22270 (11/INT-001186)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa precariedade no ensino público



- 22287 (11/INT-001187)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre a política do Goberno galego en materia de incentivos fiscais

A Mesa admítea a trámite coa corrección de erros formulada no doc. núm. 22725

- 22304 (11/INT-001188)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre a política do Goberno galego en relación co Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia

- 22325 (11/INT-001189)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co sector naval da ría de Vigo

- 22397 (11/INT-001190)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as explotacións gandeiras de leite

- 22403 (11/INT-001191)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa presenza do galego nas plataformas audiovisuais

- 22418 (11/INT-001192)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa protección do patrimonio histórico-artístico de Galicia

- 22466 (11/INT-001193)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co persoal do Servizo de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais

- 22471 (11/INT-001194)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación cos beneficios da Tarxeta Xente Nova para a mocidade



- 22519 (11/INT-001195)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación co dereito ao aborto na sanidade pública galega
- 22523 (11/INT-001196)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e 3 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coa industria pasteira en Galicia
- 22529 (11/INT-001197)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre a política do Goberno galego en relación coa optimización dos recursos nos centros hospitalarios
- 22563 (11/INT-001198)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación co sector cultural galego
- 22618 (11/INT-001199)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coa industria cultural en Galicia

1.4.4. Preguntas

1.4.4.1. Preguntas orais en pleno

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 22639 (11/POP-003317)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e 18 máis
Sobre o uso gratuíto do transporte escolar por parte do alumnado de formación profesional básica
- 22654 (11/POP-003319)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e 18 máis
Sobre os problemas do transporte escolar en Galicia
- 22850 (11/POP-003329)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e 18 máis
Sobre o procedemento aberto pola Comisión Europea a España por irregularidades na ampliación da concesión da AP9



Admisión a trámite e publicación

- 22025 (11/POP-003251)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 3 máis

Sobre o atraso na data de apertura do centro de saúde de Bouzas, en Vigo

- 22032 (11/POP-003252)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre as obras de seguridade necesarias na dársena do porto de Malpica e no porto de Barizo

- 22038 (11/POP-003253)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as subvencións para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas a concellos de ata dez mil habitantes

- 22045 (11/POP-003254)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e 7 máis

Sobre as conclusións do estudo de alternativas para solucionar os problemas de abastecemento de auga do concello de Vigo

- 22051 (11/POP-003255)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre a cobertura da praza de traballadora social no Centro de Educación Especial Saladino Cortizo, en Vigo

- 22055 (11/POP-003256)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 2 máis

Sobre a sentenza condenatoria ao Servizo Galego de Saúde pola denegación da prestación sanitaria

- 22109 (11/POP-003261)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre a concreción das propostas remitidas ao Goberno central para a obtención dos fondos europeos

- 22151 (11/POP-003262)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre o impacto do aumento do prezo do gas nos fogares e na economía galega



- 22166 (11/POP-003265)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre a construción dunha residencia de maiores no barrio do Vinteún en Ourense

- 22178 (11/POP-003267)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre o correcto funcionamento do Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra

- 22209 (11/POP-003268)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 4 máis

Sobre a destrución de emprego no sector agrícola en Galicia

- 22215 (11/POP-003269)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a colaboración do colectivo de ópticos e optometristas na asistencia sanitaria visual

- 22219 (11/POP-003270)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre a iluminación do paso peonil da ponte da variante de Noia

- 22224 (11/POP-003271)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre o cumprimento pola Universidad Intercontinental de la Empresa dos requisitos do Real decreto 640/2021, de creación, recoñecemento e autorización de universidades e centros universitarios, e acreditación institucional de centros universitarios

- 22227 (11/POP-003272)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 7 máis

Sobre a declaración como reserva da biosfera da Ribeira Sacra e das serras do Oribio e O Courel

- 22229 (11/POP-003273)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre a información da tramitación do parque eólico nos concellos de Negreira e Outes

- 22237 (11/POP-003274)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre o índice de sinistralidade laboral en Galicia



- 22245 (11/POP-003275)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre as limitacións de niveis máximos e mínimos de baleirado dos encoros da demarcación Galicia-Costa

- 22250 (11/POP-003276)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e Carreira Pazos, Iria

Sobre a adxudicación a tempo completo das prazas de titor, Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica nos centros escolares Monte dos Postes e As Fontiñas, de Santiago de Compostela

- 22256 (11/POP-003277)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre a atención sanitaria no concello da Lama

- 22261 (11/POP-003278)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e Ríos Santomé, Paulo

Sobre o funcionamento do ferri entre A Guarda e Caminha

- 22268 (11/POP-003279)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 3 máis

Sobre o impacto económico e laboral en Galicia da xeración de enerxía eólica

- 22274 (11/POP-003280)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre a precariedade no ensino público e a ampliación do cadro de persoal docente

- 22282 (11/POP-003281)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 3 máis

Sobre o estado estrutural e dotacional dos centros de saúde do distrito sanitario de Valdeorras

- 22286 (11/POP-003282)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre os incentivos fiscais aplicados dende o ano 2016

- 22296 (11/POP-003283)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Prado Cores, María Montserrat



Sobre a reactivación das terapias de atención temperá para a infancia con parálise cerebral no centro San Rafael, de Vigo

- 22300 (11/POP-003284)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 3 máis

Sobre a folga dos traballadores da empresa Imerys Kiln Furniture, na Guarda

- 22305 (11/POP-003285)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre a convocatoria dos cursos de formación en protocolo covid para o persoal da hostalaría

- 22310 (11/POP-003286)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as deficiencias e as carencias do Centro de Educación Primaria Altamira, de Salceda de Caselas

- 22315 (11/POP-003287)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 3 máis

Sobre a posta en marcha da unidade de demencias da Área Sanitaria de Vigo no Hospital do Meixoeiro

- 22321 (11/POP-003288)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre a reactivación da industria naval privada da ría de Vigo

- 22398 (11/POP-003293)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a concentración excesiva de xurros e os problemas de xestión nas explotacións gandeiras de leite

- 22404 (11/POP-003294)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre o aumento da cota e do financiamento dedicado a obras en galego

- 22419 (11/POP-003295)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as obras na ponte Nafonso, entre os concellos de Noia e Outes, e a protección do seu patrimonio



- 22459 (11/POP-003296)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e 2 máis

Sobre o acceso da mocidade galega a unha vivenda digna en réxime de alugueiro

- 22467 (11/POP-003297)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre a inestabilidade laboral no Servizo de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais

- 22472 (11/POP-003298)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 2 máis

Sobre as persoas beneficiarias da Tarxeta Xente Nova dende o ano 2016

- 22477 (11/POP-003299)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis

Sobre a achega de recursos económicos para a promoción de rutas aéreas no aeroporto de Peinador, en Vigo

- 22483 (11/POP-003300)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 4 máis

Sobre a cobertura da praza da traballadora social no Centro de Educación Especial Saladino Cortizo, en Vigo

- 22497 (11/POP-003301)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e 2 máis

Sobre o peche temporal do centro de día público de Chantada

- 22501 (11/POP-003302)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre as listas de garda no Servizo de Traumatoloxía da provincia de Ourense

- 22508 (11/POP-003303)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre a supresión da oferta de educación secundaria para as persoas adultas no Instituto de Educación Secundaria Dionisio Gamallo Fierros, de Ribadeo

- 22520 (11/POP-003304)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a garantía do dereito ao aborto na sanidade pública galega



- 22524 (11/POP-003305)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 3 máis

Sobre a postura da Xunta de Galicia en relación co futuro da empresa Ence en Galicia

- 22530 (11/POP-003306)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a necesidade dun plan especial de actividade hospitalaria para reducir os tempos de espera

- 22531 (11/POP-003307)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a necesidade de optimizar os recursos materiais e humanos nos centros hospitalarios

- 22536 (11/POP-003308)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre os prazos para a construción dun novo centro de saúde en Vilagarcía de Arousa

- 22537 (11/POP-003309)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre o investimento para a construción dun novo centro de saúde en Vilagarcía de Arousa

A Mesa admítea a trámite coa corrección de erros formulada no doc. núm. 22761

- 22545 (11/POP-003310)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e 2 máis

Sobre o pechamento de oficinas bancarias en Zas, Baíñas (Vimianzo) e Malpica de Bergantiños

- 22552 (11/POP-003311)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre o uso do transporte escolar gratuíto do Instituto de Educación Secundaria de Soutomaior polos escolares das paradas de Pierres e O Calvario, en Soutomaior

- 22557 (11/POP-003312)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a difusión e o consumo da cultura galega

- 22564 (11/POP-003313)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a reactivación e o impulso da actividade cultural galega tras a pandemia da covid-19



- 22619 (11/POP-003314)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as axudas para o fomento e a promoción de rodaxes audiovisuais ao abeiro do programa

Hub da industria cultural

- 22623 (11/POP-003315)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis

Sobre a falta de persoal e recursos en centros educativos da comarca da Coruña

- 22629 – 22724 (11/POP-003316)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre a alternativa habitacional que ofrece a Xunta de Galicia ante o desafiuamento dunha familia en Vigo

A Mesa admítea a trámite coa corrección de erros formulada no doc. núm. 22724

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2021

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2021 13:58:32
Nº Rexistro: 22565
Data envío: 23/09/2021 13:58:32.146
Data 23/09/2021 13:58

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo- da Directora da Axencia de Turismo de Galicia **para dar conta dos proxectos aprobados ao abeiro dos PSTD.**

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr/a. presidente/a da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

 Xacobeo 21:22



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2021 13:58:32
Nº Rexistro: 22565
Data envío: 23/09/2021 13:58:32.146

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/09/2021 13:58:24

CSV: BOPGDSPG3FMiPuSpG4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, M^a Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M^a Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 147 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación polo trámite de urxencia**, sobre a obriga de empregar a Tarxeta Nova para acceder ao transporte escolar mesmo a alumnado de ensino obrigatorio.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia motívase na necesidade de debater e adoptar un acordo no Parlamento canto antes sobre a obriga de empregar a Tarxeta Nova para acceder ao transporte escolar mesmo a alumnado de ensino obrigatorio.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos días, varias familias de alumnas e alumnos que cursan estudos de FP básica, están a denunciar que a Xunta abriga a empregar a Tarxeta Nova en transporte escolar prestado polos servizos integrados da consellaría de infraestruturas e mobilidade a alumnado que ten de ensino obrigatorio e que cumpre os requisitos para ser alumnado lexítimo do transporte escolar





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta solución, que é contraria á normativa vixente, obriga ademais do agravio que supón para este alumnado de FP básica, supón un prexuízo económico e de tempo importante para as familias.

A Tarxeta Nova tan só pode ser expedida pola entidade ABANCA, o que empuxa a abrir unha conta con esta entidade a aquelas familias que non a teñan, cos custes que iso supón.

Do mesmo xeito, esta tarxeta opera con reingresos quincenais dos custes do transporte, o que implica ter que cargar a tarxeta cada dúas semanas. O problema é que no caso da última quincena do curso ese remanente non pode ser retirado xa que a tarxeta tampouco permite reintegros de efectivo.

É importante destacar que o alumnado de FP básica, cursa estudos de ensino obrigatorio e que polo tanto debe serlle de aplicación o establecido no artigo primeiro da *Instrución conxunta 1/2021, da secretaría xeral técnica da Consellaría de Cultura, Educación e Universidade e da Dirección Xeral de Mobilidade da Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade do 25, de xuño sobre a xestión do Servizo de Transporte de Escolares no Curso Escolar 2021-2022* e polo tanto debe ser tratado a todos os efectos como usuario lexítimo de transporte escolar gratuito.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación polo trámite de urxencia:

Vai a Xunta de Galiza considerar usuarios lexítimos do transporte escolar gratuito seguindo a normativa vixente a todo o alumnado da FP básica e en ningún caso esixir o uso da Tarxeta Nova nin mecanismo análogo algún para exercer este dereito?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2021

Asdo.: Ana Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

M^a Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonzo

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

M^a Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 24/09/2021 09:32:11

Xosé Luis Rivas Cruz na data 24/09/2021 09:32:24

Mercedes Queixas Zas na data 24/09/2021 09:32:35

Rosana Pérez Fernández na data 24/09/2021 09:32:43

Ramón Fernández Alfonzo na data 24/09/2021 09:32:51

Daniel Pérez López na data 24/09/2021 09:32:58

Iria Carreira Pazos na data 24/09/2021 09:33:07

Olalla Rodil Fernández na data 24/09/2021 09:33:17

Daniel Castro García na data 24/09/2021 09:33:22

María del Carmen Aira Díaz na data 24/09/2021 09:33:29

Noa Presas Bergantiños na data 24/09/2021 09:33:37

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 24/09/2021 09:33:44

María González Albert na data 24/09/2021 09:33:51

Xosé Luis Bará Torres na data 24/09/2021 09:34:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 24/09/2021 09:34:08

Alexandra Fernández Gómez na data 24/09/2021 09:34:15

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 24/09/2021 09:34:23

María do Carme González Iglesias na data 24/09/2021 09:34:30

Paulo Ríos Santomé na data 24/09/2021 09:34:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Lourenzo Sobral, Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 147 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación polo trámite de urxencia**, sobre os problemas do transporte escolar en Galiza.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de debater e adoptar un acordo canto antes en sede parlamentar sobre os problemas do transporte escolar en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 25 de Xuño, a Consellaría de Educación publicaba a *Instrución conxunta 1/2021, da secretaría xeral técnica da Consellaría de Cultura, Educación e Universidade e da Dirección Xeral de Mobilidade da Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade do 25, de xuño sobre a xestión do Servizo de Transporte de Escolares no Curso Escolar 2021-2022*.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta orde, que regula a organización e funcionamento do transporte escolar, mantén na súa redacción aspectos que ano tras ano, veñen ocasionando problemas ao alumnado do noso país e aos centros de ensino á hora de acceder ao servizo de transporte.

A citada orde contempla no seu artigo o seguinte: *Esta Instrución será de aplicación directa durante o curso 2021-2022 ás rutas de transporte especial de escolares que cursen ensinanzas obrigatorias e de oferta obrigatoria en centros docentes públicos(...)* Igualmente, **aplicarase en todo o que resulte de aplicación (...)** ao transporte de escolares que se presta mediante servizos integrados nos que existe reserva de praza a favor de escolares.

Esta redacción, a todas luces ambigua e confusa, ocasiona interpretacións diverxentes e crea agravios tanto entre usuarios coma entre centros de ensino.

Outro dos problemas que se vén dando coa publicación desta orde ten que ver con que estas instrucións xestionan de maneira igual situacións sociais e académicas que son desiguais. Así por exemplo, establece no relativo as distancias dos usuarios lexítimos dos centros de ensino “*unha distancia deste superior a 2 km, calculada utilizando o itinerario máis directo, sen desvíos e rodeos innecesarios*”

Resulta evidente que non é o mesmo percorrer a pé un espazo de 2 km por unha cidade ou por un lugar urbanizado, que por unha vía rural; co que isto implica para un alumno/a de 12 anos que ten que facer este traxecto de noite ou en días de choiva.

Esta redacción está a ocasionar moitos problemas en centros rurais mais tamén noutros que simplemente se atopan fóra do núcleo urbano, sen que estas instrucións que din literalmente: *Será usuario con dereito a transporte escolar gratuíto o alumnado cuxo domicilio se encontre fóra do núcleo urbano no que radique o centro escolar*, resolva estas situacións; pola interpretación que fai a Xunta de Galiza da mesma.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Do mesmo xeito, nos últimos meses son moitas as denuncias de varios centros de ensino e familias pola obriga da Xunta de estar en posesión da Tarxeta Nova (expedida unicamente por ABANCA) para poder facer uso do transporte escolar, mesmo no caso alumnos e alumnas, de ensino obrigatorio.

Son estes tan só algúns dos exemplos dos problemas que a orde *de xuño sobre a xestión do Servizo de Transporte de Escolares no Curso Escolar 2021-2022* está a provocar na comunidade educativa.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación polo trámite de urxencia:

1. Vai o goberno galego iniciar un proceso de diálogo cos axentes da comunidade educativa para avaliar a situación do transporte escolar en Galiza e buscar solucións aos problemas que se suceden curso tras curso?
2. Vai a Xunta de Galiza empregar criterios como as características dos traxectos, o ensino no rural ou a realidade específica dos centros á hora de establecer usuarios lexítimos de transporte escolar?
3. Valora o goberno galego ampliar o carácter de usuarios lexítimos de transporte escolar a todo o alumnado do ensino non universitario?
4. Ten previsto o goberno galego iniciar un proceso de devolución das competencias en materia de transporte escolar á Consellaría de Educación?

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2021

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández
Manuel Lourenzo Sobral
Carmen Aira Díaz
Luis Bará Torres
Iria Carreira Pazos
Daniel Castro García
Ramón Fernández Alfonso
Alexandra Fernández Gómez
María González Albert
Carme González Iglesias
Rosana Pérez Fernández
Daniel Pérez López
Montserrat Prado Cores
Noa Presas Bergantiños
Mercedes Queixas Zas
Paulo Ríos Santomé
Xosé Luis Rivas Cruz
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 24/09/2021 11:02:46

Paulo Ríos Santomé na data 24/09/2021 11:02:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María do Carme González Iglesias na data 24/09/2021 11:02:59

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 24/09/2021 11:03:06

Alexandra Fernández Gómez na data 24/09/2021 11:03:12

María Montserrat Prado Cores na data 24/09/2021 11:03:21

Xosé Luis Bará Torres na data 24/09/2021 11:03:29

María González Albert na data 24/09/2021 11:03:40

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 24/09/2021 11:03:48

Noa Presas Bergantiños na data 24/09/2021 11:03:55

María del Carmen Aira Díaz na data 24/09/2021 11:04:04

Daniel Castro García na data 24/09/2021 11:04:12

Olalla Rodil Fernández na data 24/09/2021 11:04:20

Iria Carreira Pazos na data 24/09/2021 11:04:27

Daniel Pérez López na data 24/09/2021 11:04:35

Ramón Fernández Alfonso na data 24/09/2021 11:04:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández na data 24/09/2021 11:04:53

Mercedes Queixas Zas na data 24/09/2021 11:05:01

Xosé Luis Rivas Cruz na data 24/09/2021 11:05:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, M^a Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M^a Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 147 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación polo trámite de urxencia**, sobre procedemento aberto pola Comisión Europea a España por irregularidades na ampliación da concesión da AP9.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de debater e adoptar un acordo no Parlamento sobre o procedemento aberto pola Comisión Europea a España por irregularidades na ampliación da concesión da AP9.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 23 de setembro a Unión Europea advertiu ao Estado español sobre a ilegalidade das prórrogas concedidas a Audasa para a xestión da AP 9, xa que non se respectou o procedemento comunitario en materia de contratación pública e concesións administrativas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- A primeira prórroga, de UCD en 1977, supuxo a ampliación da concesión en 1 ano, de 2012 a 2013
- A segunda, do PSOE en 1994, ampliou a concesión en 10 anos, até 2023.
- A terceira, do PP no ano 2000, prorrogou a concesión por 25 anos máis, até o 2048.

A comunicación da Comisión Europea, en resposta a unha denuncia da asociación En Colectivo, pon de manifesto a actuación irregular do goberno español coa adopción de decisións que favoreceron os intereses da empresa concesionaria e supuxeron un grave prexuízo para as persoas usuarias e para a economía galega.

Este caso conta xa co precedente dunha sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, que dictaminou en 2019 que Italia ampliou a concesión dunha autoestrada á “Società Autostrada Tirrenica” sen iniciar previamente un procedemento de licitación, infrinxindo a Directiva 2004/18/CE sobre contratación pública. No caso das prórrogas concedidas a Audasa en 1994 e 2000, tamén se incumpriron as normas de contratación pública da UE, nomeadamente a Directiva 93/37/CEE.

Cómpre ter en conta que grazas a estas decisións discriminatorias para Galiza, as galegas e galegos levamos pagados 1.091 millóns de euros en peaxes desde 2012. E Audasa -empresa privatizada polo goberno do PP en 2003- obtivo ingresos de máis de 3.000 millóns de euros e máis de 900 millóns de beneficios desde o inicio da concesión. E prevé beneficios de máis de 1.500 millóns de euros até o ano 2048. Todos estes feitos poñen en evidencia a aldraxe e o agravio da AP9, tantas veces denunciado polo BNG.

Mentres isto ocorre, outras autoestradas da mesma época que a AP9 remataron ou van rematar dentro de pouco tempo o seu período de concesión, de maneira que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

pasan a ser gratuítas. Un exemplo claro do trato discriminatorio do goberno central con Galiza, compartido por gobernos dunha e outra cor.

Tendo en conta as irregularidades sinaladas pola Comisión Europea, chama a atención a reacción do goberno galego. Primeiro nas declaracións da conselleira de Infraestruturas, que atribuíu as prórrogas a “decisións do pasado” e afirmou que había que agardar as decisións do goberno central ao respecto. Posteriormente, o presidente da Xunta xustificou as prórrogas concedidas ilegalmente e rebaixou a importancia da decisión do executivo comunitario.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación polo trámite de urxencia:

. Como valora o goberno galego a decisión da Comisión Europea en relación coas prórrogas da AP 9?

. Considera o goberno galego que a concesión destas prórrogas foi unha decisión discriminatoria para Galiza?

. Comparte o goberno galego os argumentos da Comisión Europea en relación coa ilegalidade das prórrogas concedidas a AUDASA?

. Que opinión lle merece ao goberno galego que autoestradas da mesma xeración ca a AP9 pasen a ser gratuítas mentres que a autoestrada galega tería peaxes até 2048?

. Que iniciativas prevé adoptar o goberno galego para deixar sen efecto as prórrogas concedidas e lograr a gratuidade da AP9?

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2021





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Ana Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

Mª Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonso

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

Mª Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 27/09/2021 13:29:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz na data 27/09/2021 13:30:06

Mercedes Queixas Zas na data 27/09/2021 13:30:21

Rosana Pérez Fernández na data 27/09/2021 13:30:29

Ramón Fernández Alfonzo na data 27/09/2021 13:30:36

Daniel Pérez López na data 27/09/2021 13:30:44

Iria Carreira Pazos na data 27/09/2021 13:30:52

Olalla Rodil Fernández na data 27/09/2021 13:31:00

Daniel Castro García na data 27/09/2021 13:31:11

María del Carmen Aira Díaz na data 27/09/2021 13:31:18

Noa Presas Bergantiños na data 27/09/2021 13:31:25

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 27/09/2021 13:31:32

María González Albert na data 27/09/2021 13:31:41

Xosé Luis Bará Torres na data 27/09/2021 13:31:48

María Montserrat Prado Cores na data 27/09/2021 13:31:57

Alexandra Fernández Gómez na data 27/09/2021 13:32:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 27/09/2021 13:32:15

María do Carme González Iglesias na data 27/09/2021 13:32:22

Paulo Ríos Santomé na data 27/09/2021 13:32:31



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

No Diario Oficial de Galicia do venres 17 de setembro de 2021 a Axencia Turismo de Galicia publicou a Resolución do 13 de setembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións a concellos de ata 10.000 habitantes para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas e anúnciase a súa convocatoria para o ano 2021, co obxecto do fomento da recuperación, da accesibilidade e da sinalización dos recursos turísticos en concellos de ata 10.000 habitantes cara á consolidación da oferta turística nas zonas rurais a través da posta en valor da súa riqueza histórica, cultural, patrimonial e paisaxística. Para esta subvención destínase un crédito orzamentario de 3,5 millóns de euros, e pódese conceder ata o 100 % da actuación, cun límite de 30.000 euros.

O procedemento de concesión destas subvencións tramitárase en réxime de concorrencia non competitiva cun prazo de presentación de solicitudes dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia, é dicir dende ás 00.01h do sábado 18 de setembro.

No artigo 6 das bases da convocatoria débúllase a documentación complementaria que deben presentar os concellos solicitantes e no artigo 19 establécese que a xustificación da dita subvención terá de prazo ata o 15 de novembro de 2021, é dicir, 58 días dende a apertura de solicitude da subvención.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

- 1ª) Que valoración fai o Goberno galego sobre os obxectivos acadados con esta subvención?
- 2ª) Cales son os motivos polos que este ano se empregue o procedemento de concesión en réxime de concorrencia competitiva?
- 3ª) A que hora entrou na plataforma electrónica a primeira solicitude de subvención?



4ª) Cantos e cales foron os concellos beneficiados con esta subvención?

5ª) Ten o Goberno galego elaborado algún plan sobre a oferta turística nas zonas rurais?

Pazo do Parlamento, 17 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 17/09/2021 11:11:59

Paloma Castro Rey na data 17/09/2021 11:12:14

Pablo Arangüena Fernández na data 17/09/2021 11:12:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á valoración por parte da Xunta de Galiza da petición de “concreción” respecto dos fondos europeos que expresou a Vicepresidenta Calviño na súa visita a Galiza no mes de setembro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O xoves 16 de setembro de 2021 Feijóo recibiu en Santiago á vicepresidenta económica do Goberno do Estado, Nadia Calviño. Segundo consta nas informacións xornalísticas, a Vicepresidenta tería pedido concreción respecto de cales son os “dous ou tres proxectos” que considera “máis importantes” argumentando que o goberno recibía “centos” de propostas.

É realmente preocupante que a estas alturas, despois de máis dun ano de demandas á Xunta de Galiza desde diferentes ámbitos e sectores respecto da necesidade dun debate de país sobre as prioridades diante dos fondos europeos, cheguen estas afirmacións. Parecen desvelar dunha banda a falta de compromiso e concreción con Galiza por parte do goberno central. Doutra banda, a falta de capacidade de negociación, anticipación e concreción do goberno galego.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A día de hoxe o Parlamento galego descoñece a concreción da documentación e propostas que foron remitidos ao goberno central e se existe ou non esa concreción de proxectos ou algún avance na materia. Tampouco se coñece se hai algunha proposta estratéxica susceptible de formar parte dos denominados PERTE (Proxecto Estratéxico para a Recuperación e Transformación Económica), toda vez que a óptica centralista da denominada “cogobernanza” do goberno do Estado limita a relación e participación coas comunidades e a súa capacidade de impulso propio.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

Concretou ou vai concretar o goberno galego propostas para os fondos europeos despois da apelación do goberno central a seleccionar “dous ou tres”?

Significa esta petición que a Xunta non remitiu as súas propostas por orde de prioridades?

Significa isto que Galiza só aspira a que se recollan un número limitado de proxectos? Prevese cal podería ser a súa envergadura?

Ten o goberno galego algún compromiso respecto dos PERTE?

Acadou o goberno galgo algún compromiso das súas xuntanzas co goberno central e, singularmente, coa Vicepresidenta Calviño?

Asume o goberno galego que o seu sectarismo á hora de afrontar o debate dos fondos europeos ten debilitado o papel de Galiza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cando vai deixar de ocultar ao Parlamento galego a documentación solicitada?

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2021

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 20/09/2021 12:23:32

Ramón Fernández Alfonzo na data 20/09/2021 12:23:36

Daniel Pérez López na data 20/09/2021 12:23:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á previsión de incremento do prezo do gas no mes de outubro, en contexto de crise polo prezo da enerxía eléctrica e de aumento constante do IPC.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mes de setembro de 2021, ademais de continuaren as constantes subas de prezo da enerxía eléctrica, con diferentes récords históricos rozando os 200€ megavatio hora, coñecemos a actualización de datos do IPC respecto de agosto. Na liña dos últimos meses, constatábase unha liña crecente.

Desta maneira, segundo os datos do Instituto Galego de Estatística, o índice xeral de Galicia correspondente ao mes de agosto de 2021 rexistrou unha subida do 0,6% con respecto ao mes anterior, unha décima superior á rexistrada no conxunto do Estado. Con respecto a agosto de 2020 os prezos rexistraron un aumento do 3,9%,

Por outra banda, coñecemos que a previsión respecto do gas é que as tarifas reguladas TUR 1 e TUR 2 subirán a partir do 1 de outubro arredor dun de un 5 % e un 8% para TUR 3%. Esta suba é menor á que correspondería pola suba internacional do gas (21, 30 e 41%) respectivamente. O freo na suba corresponde ás





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

medidas arbitradas polo goberno central no mes de setembro e que limita nos próximos seis meses o impacto do custo da materia prima no cálculo a tres bandas da tarifa de último recurso.

Porén, a redución da curva de suba non impide dificultades evidentes para moitos fogares nun contexto no que o IPC e singularmente a enerxía eléctrica tamén continúan a subir e se achegan os meses máis duros do inverno. Máis aínda, hai que ter en conta que a nivel do Estado español hai arredor de 8 consumidores de gas dos que menos do 20%, 1,58 millóns, están adheridos a estas tarifas, sendo maioritarios os contratos no mercado libre.

Esta medida actuará de parche no inmediato, pero hai que ter en conta que o incremento do custe da materia prima quedará pendente de repercutir na factura, facéndose nas seguintes revisións da tarifa.

Polo tanto este é un ámbito que polo seu impacto na economía dos fogares e das empresas o goberno galego debe vixiar.

Por estes motivos fórmase a seguinte interpelación:

Como valora o goberno galego o impacto da suba (inmediata e a seis meses vista) do prezo do gas nos fogares e na economía galega?

Como valora o goberno galego o impacto do incremento dos prezos, singularmente de alimentación e enerxía, na economía e nos fogares galegos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera o goberno galego que as medidas do goberno central respecto do gas serán de axuda para afrontar este período ou considera que o prazo de seis meses e a posterior repercusión na facturación son problemáticas?

Vai desenvolver algún estudo?

Ao abeiro de que organismo?

Está a facer campañas de divulgación por parte do Instituto Galego do Consumo e da Competencia respecto de como afrontar a suba dos ámbitos enerxéticos?

Como está a facer seguimento da evolución dos prezos? Vai demandar algún estudo específico de Competencia? E do CES?

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 20/09/2021 12:47:39

Ramón Fernández Alfonzo na data 20/09/2021 12:47:57

Daniel Pérez López na data 20/09/2021 12:48:08



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Noa Díaz Varela, Martín Seco García, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O despoboamento do rural galego é un feito, derivado do desmantelamento dos servizos públicos e privados.

A poboación do rural cada vez conta con menos servizos sanitarios, educativos e de servizos sociais para infancia e para as nosas persoas maiores, vemos como se desmantelan servizos bancarios, ou transportes públicos etc. Ademais non esquezamos un feito fundamental, o problema ven porque os pobos masculinizáanse, envellecen e ao final desaparecen.

A masculinización dos pobos prodúcese porque as mulleres encontran moitas dificultades á hora de por en marcha o seu proxecto de vida no rural.

A presidenta da Federación de Asociacións de Mulleres Rurais de Galicia (Fademur) afirmaba que case a metade das persoas traballadoras do campo en Galicia en 2011 eran mulleres: 43 % fronte ao 57 % de homes. Agora son só un pouco máis dun terzo (35 %).

Sinalaban que dende o inicio da anterior crise en 2008 produciuse un paulatino descenso do número de mulleres que traballan na agricultura galega.

No ano 2020 dos 4.000 novos empregos que se crearon no sector primario, os 4.000 foron homes. É máis, os homes varóns sumaron 4.300, mentres que as mulleres baixaron en 300. E no primeiro semestre deste ano a situación non vai mellor.

Unha das causas que explican esta situación, é que as mulleres no campo, e na pandemia isto se agravou, téñense que ocupar de todos os aspectos relacionados cos coidados de familiares, tanto dos seus fillos e fillas coma das súas persoas maiores, ou de ambos.



As afectadas explican que teñen que optar entre renunciar as súas perspectivas persoais e laborais para ocuparse da súa familia ou optar por trasladarse a un lugar onde a situación sexa distinta, con servicios públicos que cubran as necesidades de conciliación.

A Asociación Fademur explica que a brecha de xénero no sector primario está crescendo. Con anterioridade a poboación rural estaba equilibrada na agricultura e nos últimos anos hai unha diferenza que se está agravando cada ano. E explican que a brecha de xénero entre homes e mulleres está crescendo. Anteriormente Galicia tiña unha poboación moi equilibrada ente mulleres e homes na agricultura, algo chamativo a nivel nacional e nos últimos anos hai unha diferenza que se está a agravar.

O Goberno galego ten a obriga de facilitar que a agricultura e a gandaría sexan oportunidades para as mulleres.

O emprego na agricultura galega foi un dos poucos que se salvou o ano 2020, en tempos de pandemia. O ano 2020 rompía con tres exercicios de caídas no número de persoas ocupadas e ganaba 4.000 máis, 11 cada día. Pola contra os últimos datos, da Enquisa de Poboación Activa, correspondentes ao segundo trimestre deste ano, volvendo a senda negativa dos últimos exercicios.

Ata o mes de xuño, había 66.200 homes e mulleres traballando na agricultura galega. Eran 4.500 menos que en decembro. Só nos tres primeiros meses deste ano, o sector destruíu máis empregos que todos os que creara ao longo do ano 2020. As 66.200 persoas que traballan no campo en xuño eran un 15 % menos que fai só tres anos e a cifra supón caer a niveles do ano 2015.

As grandes damnificadas desta baixada son as mulleres. Dende o ano 2017, hai un 21 % menos de persoas traballadoras na agricultura galega, sendo o peor dato a nivel nacional só superado por Aragón, mentres que o descenso no apartado masculino foi a metade, un 11 %.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan interpelean ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que valoración fai o Goberno galego de que Galicia sexa a Comunidade Autónoma que máis emprego destruíu na agricultura, o primeiro semestre do ano 2021?



2. Pensa o Goberno galego tomar medidas ao respecto?
3. En caso afirmativo, cales serán, e cando serán implantadas?
4. Realizou a Xunta de Galicia un estudo sobre a situación de masculinización dos pobos galegos?
5. Cales son as causas que están a provocar esta situación?
6. Emprnderon medidas concretas ao respecto ou realizaron un plan de actuación?

Pazo do Parlamento, 20 de setembro do 2021

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Noa Díaz Varela
Martín Seco García
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 20/09/2021 16:44:33

Noa Susana Díaz Varela na data 20/09/2021 16:44:41

Martín Seco García na data 20/09/2021 16:44:49

Julio Torrado Quintela na data 20/09/2021 16:44:58

Marina Ortega Otero na data 20/09/2021 16:45:06



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

No ano 2007 a Consellería de Sanidade e o Colexio Oficial de Ópticos e Optometristas asinaron un convenio de colaboración que permitía un avance para as dúas entidades e, en definitiva, para os usuarios/as do Servizo Galego de Saúde. A partir de entón, os establecementos de óptica comezaron a realizar unha avaliación das persoas que, remitidas polos facultativos especialistas en medicina familiar e comunitaria, precisaban dunha análise por parte de ópticos e optometristas, para logo recibir no Sergas esta avaliación e poder traballar en base a ela. Esta avaliación non tiña custe para as persoas usuarias xa que era feita de maneira gratuíta polos ópticos. Esta situación foi aceptada polo Colexio e os seus asociados por comprender que, de inicio, favorecía a difusión da necesaria introdución do seu labor no contexto do sistema sanitario, así como establecía unha canle de vinculación do usuario co establecemento, pois é constatado que a maioría dos que precisan dos servizos dunha óptica acoden a aquela na que previamente fixeron a avaliación. O volume de avaliacións realizado, calculado en torno a 60.000 ao ano nos últimos de execución do convenio.

Sen embargo, esta situación sempre foi comprendida como circunstancial e de transición, e así foi acordado pola Consellería do momento e o propio Colexio Oficial. O cambio de goberno en 2009 mudou a concepción do convenio, pasando a entender que era unha situación estabilizada e sen propor en ningún momento ningunha mellora, facilitación de progresos ou introducir variables de compensación económica co paso do tema. Tampouco contribuíu a que dende o Sergas se valorizase a figura dos ópticos e optometristas, pois foron habitualmente subordinados a profesionais do propio Sergas, cando a realidade é que o seu traballo é complementario a outros especialistas que si están dentro do cadro de persoal do servizo. O horizonte desta situación, que é a inclusión progresiva e sistemática da figura do óptico e optometrista no servizo galego de saúde tampouco foi tida en conta, e dende a propia Consellería rexeitouse de plano calquera vía proposta para comezar a estudar esta solución, ao contrario que outras comunidades autónomas de España están facendo coa incorporación desta categoría laboral nos seus servizos autonómicos de saúde.



No ano 2020 o Colexio de Ópticos e Optometristas decidiu renunciar ao convenio, por decisión da súa asemblea, o que puxo no aire a capacidade e calidade asistencial neste área dos usuarios do Sergas. Aínda que a pandemia freou o impacto desta decisión, a realidade é que esta situación vese agora plasmada. O Sergas formulou individualmente a cada establecemento a posibilidade de sumarse ao convenio, sen alterar ningunha condición nin considerar algunha mellora para tratar de atender as demandas do colectivo, de maior consideración pola súa profesión e de comprometer algúns avances para poder manter o servizo. Lonxe diso, a negativa do Sergas provocou que onde antes existían máis de 600 establecementos adheridos, agora non chegan a dous centenas. Isto provoca que se rompa a equidade asistencial, xa que existen poboacións que non dispoñen desta posibilidade, e tamén provoca que o propio sistema público estea provocando desequilibrio competitivo entre empresas, ao recomendar aos seus pacientes unhas e non outras.

A situación actual merece ser mudada, aspirando a recoñecer debidamente a figura do óptico e optometrista e consolidando novos acordos que permitan o seu traballo en mellores condicións.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Considera o goberno da Xunta de Galicia que a calidade asistencial actual para as persoas usuarias do Sergas está igualmente garantida agora que antes do cese do convenio co Colexio Oficial de Ópticos e Optometristas de Galicia?
2. Por que o Sergas non formulou en ningún momento na última década melloras para manter a vinculación do convenio asinado co Colexio de Ópticos?
3. Cre o goberno da Xunta de Galicia que é necesario comezar a formularse a incorporación de ópticos e optometristas ao persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde? Por que o rexeitaron sistematicamente cando foi proposto polo colectivo de ópticos e optometristas?

Pazo do Parlamento, 20 de setembro do 2021





Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 20/09/2021 17:11:00

Marina Ortega Otero na data 20/09/2021 17:11:07



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Neste ano e medio de pandemia de COVID-19 púxose de manifesto de maneira dramática a contradición entre a saúde e a vida e as presións para manter a actividade económica. Contradición que no eido da sinistralidade laboral, por desgraza, en moitas ocasións os representantes dos traballadores teñen que denunciar porque se produce tamén a diario. Así o demostran as cifras.

Porque o traballo debe ser decente, digno e de calidade, libre de riscos. Ninguén debería ter que elixir entre traballo e saúde.

A sinistralidade laboral, a pesar da baixada da actividade laboral, por mor da crise que se está a vivir motivada pola pandemia, segue presionando ó mercado laboral galego. Os 24.511 accidentes en Galicia no 2020 e 11.211 nos seis primeiros meses de 2021, que supoñen o 4,2 % do total dos sinistros rexistrados en todo o Estado, ben sexa porque son vítimas dos accidentes no traballo e no peor dos casos, porque faleceron no seu posto de traballo (59 falecidos nesta Comunidade no 2020 e xa 18 mortos nos seis primeiros meses de 2021).

Son as condicións de traballo que están na orixe desta eiva, sobre todo nun mercado laboral como o galego marcado pola precariedade segundo indica o sindicato UGT.

Logo da gran recesión de 2008 e a imposición de políticas de austeridade como única vía posible de saída da crise, vimos como os recortes decimaban servizos públicos que agora se revelan imprescindibles, como a sanidade pública.

Paralelamente, produciuse unha redución de investimentos en prevención de riscos laborais nas empresas e de financiamento de políticas públicas activas en materia preventiva.

Na última década asistimos a un rebrote dos accidentes de traballo, á ocultación e subrexistro das enfermidades profesionais e afixémonos a que o lema “a precariedade laboral mata” se fixera recorrente nas campañas sindicais de denuncia.



Segundo os datos que adiantaba o Ministerio de Traballo, nos seis primeiros meses de 2021 en Galicia xa se rexistraron 11.211 accidentes laborais con baixa (10.319 en xornada e 892 “in itinere”). Destes, 10.991 tiveron un carácter leve (10.118 en xornada e 873 “in itinere”), 202 graves (185 en xornada e 17 “in itinere”) e 18 persoas faleceron (16 en xornada e 2 “in itinere”).

Por provincias, en relación a hai un ano, nos mesmo período, de xaneiro a xuño, a sinistralidade aumenta en todas, excepto en Pontevedra. Na Coruña, pasa de 4.990 accidentes entre xaneiro e xuño de 2020 a 5.573 no 2021 (11,68 % máis); Lugo, de 1.221 a 1.357 (11,13 % máis); Ourense, de 1.253 a 1.336 (6,6 % máis); e Pontevedra de 4.029 a 2.945 (o que significa unha baixada do 26 %).

Analizando os datos polo miúdo e achegando a análise ós subsectores, que ofrece o Ministerio nas súas estatísticas dos seis primeiros meses de 2021 (aquí o Ministerio non inclúe os accidentes “in itinere”), a realidade é que servizos se leva a peor parte, o 48,38 % da sinistralidade. E, concretamente, á cabeza está o comercio (con 1.389 sinistros), seguido de actividades administrativas e auxiliares (904), transporte (799), sanidade e servizos sociais (604), hostalería (411), administracións públicas e defensa (401), educación (112), outros servizos (100), actividades científicas e técnicas (97), actividades artísticas, recreativas e entretemento (91), información e comunicación (39), servizos no fogar (33), actividades inmobiliarias (7) e actividades financeiras e seguros (6).

Detrás disto, deste sector, está a alta temporalidade que rexistra na contratación, o que provoca que moitas persoas traballadoras non reciban a formación necesaria en materia preventiva e que moitas empresas tampouco vixíen a saúde da súa forza de traballo.

No caso da industria o número total de sinistros rexistrados foron 2.636; 1.643 na construción; 890 na agricultura, pesca, silvicultura e gandería; e 157 noutras empresas de subministros como enerxéticos ou auga e saneamentos.

Resulta evidente que aqueles traballadores e traballadoras que estiveron ó fronte nesta pandemia, que non cesaron a súa actividade, son os máis prexudicados pola sinistralidade laboral, xa o foron no ano 2020 e seguen a selo nos seis primeiros meses deste ano.

Precisamente, en relación á pandemia, o Ministerio informa que nos seis primeiros meses deste ano rexistráronse en Galicia 45 accidentes de traballo con baixa por COVID-19.



En canto ós índices de incidencia, é dicir, a relación que mide os accidentes mortais co número de afiliados á Seguridade Social, en Galicia, entre xaneiro e xuño de 2021 este foi de 0,271 puntos, por enriba da media estatal, do 0,251.

Destaca o caso de Pontevedra onde chega ós 0,385 puntos e Ourense, con 0,336.

É preciso resaltar que a alta temporalidade na contratación fai que moitas persoas traballadoras non reciban formación en materia preventiva, nin se produza a necesaria vixilancia da saúde por parte das empresas, ambas, cuestións obrigatorias segundo a Lei de prevención de riscos laborais.

Por outra banda, o incremento dos riscos psicosociais, polas pésimas condicións laborais, provocan que unha das máis importantes causas de morte, durante a xornada de traballo, continúen sendo os infartos e derrames cerebrais, segundo datos do Ministerio de Traballo a nivel do Estado porque non desagrega os datos por comunidades autónomas.

Aínda que o informe do ISSGA, referido ó 2020, o último que publicou a Xunta de Galicia, tamén refería que os infartos eran os accidentes máis numerosos con consecuencia de morte.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelean ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que valoración fai o Goberno galego do índice de siniestralidade laboral no primeiro semestre de 2021, no que se produciron 18 falecidos e 202 traballadores vítimas dun sinistro grave?
2. Pensa o Goberno galego adoptar algunha medida concreta ao respecto?
3. De facelo, de que medidas se trata e cando se porían en marcha?
4. Que valoración fai de que o sector servizos sexa o que máis accidentes rexistra?
5. Ante esta situación, tomará o Goberno galego algunha medida sobre a alta taxa de temporalidade que rexistra o sector servizos?
6. Pensa o Goberno galego abordar a problemática da siniestralidade laboral na mesa de diálogo social?

Pazo do Parlamento, 20 de setembro do 2021

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 20/09/2021 17:46:30

Julio Torrado Quintela na data 20/09/2021 17:46:43

Marina Ortega Otero na data 20/09/2021 17:47:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral e Paulo Ríos Santomé, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a situación do Ferri entre A Guarda e Camiña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O servizo de ferri entre A Guarda e Camiña que leva anos acumulando importantes carencias; moitas das cales se viron agravadas nos últimos tempos.

Despois dunhas obras de reparación que impedían o seu uso, este servizo de estivo varias días sen servizo moito tempo despois o transporte de vehículos entre as dúas beiras do Miño segue sen estar operativo

Este servizo, que ten unha enorme potencialidade para o Concello da Guarda non pode garantir frecuencias, xa que a travesía que realiza na actualidade está condicionada polas mareas; o que impide que se oferten horarios fixos que poidan converter o ferri A Guarda Camiña nun servizo áxil para a veciñanza.

Un servizo que de se poder desenvolver en toda a súa potencialidade suporía ademais do impacto social e económico para a veciñanza da Guarda, unha conexión directa con Portugal que implicaría ter un servizo de tren a cidades coma O Porto ou Vigo a menos de 20 minutos deste concello.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dende o BNG entendemos que A Guarda non pode permitirse ver como esmorece un servizo cun potencial tan importante como é o transporte transfronteirizo marítimo.

En consecuencia formúlase a seguinte interpelación:

1. Que valoración realiza a Xunta de Galiza do funcionamento do transporte transfronteirizo marítimo?
2. Vai a Xunta de Galiza solucionar os problemas que ten o ferri A Guarda-Camiña que impiden que este transporte oferte todos os seus servizos
3. Vai o goberno galego estudar posíbeis solucións ás carencias deste servizo para que poida ter unhas liñas e horarios fixos que o convertan nunha alternativa de mobilidade transfronteiriza real para a veciñanza?

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2021

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Paulo Ríos Santomé

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Paulo Ríos Santomé na data 21/09/2021 09:51:19

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 21/09/2021 09:51:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Carme González Iglesias, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ao impacto económico e laboral en Galiza da xeración de enerxía eólica e ás medidas que debe impulsar a Xunta de Galiza para evitar a constante perda de emprego por peches e deslocalizacións das empresas do sector.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os últimos datos de Red Eléctrica de España certifican o papel de potencia enerxética de Galiza. Máis aínda afondan no seu papel líder en enerxía renovábel-Galiza é a segunda comunidade autónoma que máis enerxía renovábel xerou no ano 2020, só por detrás de Castela e León. Neste sentido, cabe salientar ademais o liderado das enerxías hidráulica e eólica. De feito, é a segunda zona con meirande produción eólica, tamén só por detrás de Castela e León, acadando un máximo histórico para o noso país no mix enerxético.

Así mesmo, cómpre sinalar que malia o impacto da práctica paralización das centrais térmicas de Meirama e As Pontes, coa conseguinte destrución de postos de traballo e de tecido económico arredor destas tecnoloxías, Galiza continúa destacando polo seu papel produtor e exportador, cifrándose nun 29,2% a enerxía subministrada fóra do noso país, na liña da tendencia histórica que vimos sinalando desde o





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

nacionalismo galego. É de sinalar tamén que, por primeira vez, a xeración con renovábeis (18.562 XWh) superou ao consumo galego (17.383 XWh).

Porén, esta situación de potencia contrasta co reducido retorno económico que ten no noso país e con graves procesos de destrución de emprego. No marco da profunda crise industrial que vive Galiza observamos como malia non ter xerado nunca tanta enerxía eólica e experimentar un boom de solicitudes de novos parques, destrúese e deslocalízase emprego, como foi sonado o caso de Siemens Gamesa, que parece non ser o último. O pasado 20 de setembro coñecía-se que Vestas, empresa referencial no sector, ía pechar a súa planta de Viveiro ocasionando a perda de aproximadamente 115 postos de traballo. Para máis, a empresa aposta por un centro de innovación en Portugal.

Este é o resultado dun modelo que renunciou á participación e á planificación pública e que non impulsa medidas como a esixencia de que unha compoñente mínima sexa de fabricación galega, que non destina recursos á vinculación co sistema innovador e que tampouco esixe o desenvolvemento de Plans industriais asociados aos novos parques.

Por estes motivos fórmase a seguinte interpelación:

. Como valora o goberno galego a destrución de postos de traballo e deslocalización de empresas como Vestas malia ser líder Galiza en xeración de enerxía eólica e estar a vivir un novo boom?

. Como valora o goberno galego que malia ser líder Galiza en xeración de enerxía eólica isto non se traduza en que unha parte importante das compoñentes se fabriquen en Galiza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Como valora o goberno galego que malia ser líder Galiza en xeración de enerxía eólica isto non supoña un retorno económico directo en materia de industrialización, emprego e recursos económicos?

. Que valoración fai o goberno galego de ter tomado medidas que garantían a fixación de emprego e industria como as contempladas no RD 242/2007?

. Vai rectificar e impulsar medidas de participación pública?

. Que medidas está impulsando ou vai impulsar para garantir o retorno galego do noso papel produtor?

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Carme González Iglesias

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 21/09/2021 10:24:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonzo na data 21/09/2021 10:24:33

María do Carme González Iglesias na data 21/09/2021 10:24:41

Noa Presas Bergantiños na data 21/09/2021 10:24:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a precarización da función docente.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os recortes da Consellaría de Educación nos últimos tempos están a ter un importante impacto no curso académico que iniciamos. Un impacto que se evidencia no incremento da ratios nas aulas, na perda de profesorado en máis da metade dos centros do país ou na diminución da oferta de materias (sobre todo nos centros do rural).

Mais outras das consecuencias que estamos a ver dende hai tempo no ensino público e a precarización das condicións laborais e salariais do profesorado.

Unha precarización que se leva facendo efectiva coa perda de dereitos laborais, baixadas salariais ou incrementos no horario lectivo; máis que nos últimos anos tamén se está a executar pola vía da contratación do profesorado interino ou substituto a media xornada.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A negativa da administración a dotar os centros co profesorado necesario (isto é, profesorado a tempo completo dos cadros de persoal) motiva que moitas das prazas que oferta a Consellaría de Educación sexan prazas correspondentes aos diferentes programas.

Esta modalidade de contratación incrementada exponencialmente nos últimos tempos, é a priori de aceptación voluntaria, mais a falta de profesorado (e polo tanto o risco a que as listaxes non garantan prazas a tempo completo) obriga a moitos docentes a ter que escoller estas prazas como mal menor.

Segundo datos trasladados polo sindicato CIG-Ensino, das 638 prazas ofertadas nos diferentes corpos de secundaria, 93 son a media xornada; o que supón unha porcentaxe do 14,6% de contratación precaria.

Unha modalidade que impón discriminacións salariais e laborais, tanto entre profesores que traballan nun mesmo centro, coma entre os diferentes centros; xa que case a metade dos centros do país ficaron este ano sen profesorado de reforzo.

Por todo exposto fórmase a seguinte interpelación:

1. Vai o goberno galego rematar coa precariedade no ensino público e ampliar en 1.000 profesores os cadros de persoal docente a tempo completo para atender as necesidades do alumnado e da comunidade educativa?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Vai a Consellaría de Educación mudar a súa política de precarización do ensino público e rematar coas contratacións que supoñen discriminacións laborais entre profesores?

3. Vai o goberno galego reforzar os centros de ensino co persoal necesario e acabar coas discriminación que supón que case a metade dos centros do país non conten con profesorado de reforzo?

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2021

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 21/09/2021 10:49:51

Mercedes Queixas Zas na data 21/09/2021 10:49:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 21/09/2021 10:50:05



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Carlos Francisco Rivera, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

O presidente da Xunta de Galicia vén anunciando dende o 2016 unha serie de rebaixas fiscais que se teñen incrementado cada ano e que, segundo os seus anuncios propagandísticos, suporía para o ano 2021 un aforro de 472 millóns de euros, 24 millóns máis que as aplicadas para o exercicio 2020, sumándose así á política fiscal adoitada por outras comunidades gobernadas polo Partido Popular que se gaban de eliminar todos os impostos xestionados pola autonomía, o que despraza a maior parte da carga tributaria na participación dos ingresos estatais (IVE e IRPF) e renunciando a aplicar políticas máis progresivas nas que paguen máis aqueles que máis gañan, ben a través do incremento dos tramos máis altos do IRPF ou o incremento na % do Imposto de Patrimonio ou de Sucesións.

Segundo o último e recente Informe Global do sector público autonómico do *Tribunal de Cuentas* de España (publicado o 27 de xullo de 2021) o 80 % dos recursos da Xunta de Galicia e entidades instrumentais proceden dos recursos da Lei 22/2009 (25 % do IRPF, 26 % IVE, 11 % impostos especiais, 8 % tributos cedidos, 19 % Fondo de Garantía de servizos públicos fundamentais, 8 % Fondo de suficiencia global e 3 % dos Fondos de Convergencia). Do restante 20 %, o 6 % procede doutros recursos (7 % FCI, 68 % UE e 24 % subvencións, convenios e outros). E finalmente, o 14 % son recursos propios da Comunidade Autónoma (83 % endebemento, 10 % tributos propios, 2 % prestación de servizos e o 5 % outros ingresos e patrimoniais).

Xa que logo, os gastos aos que ten que facer fronte o Goberno galego están financiados nunha boa parte polos ingresos correspondentes aos capítulos I e II (impostos directos máis impostos indirectos), que en Galicia supoñen aproximadamente a metade dos ingresos totais da comunidade autónoma, supoñendo, polo tanto, unha parte importante para financiar servizos públicos fundamentais, como a sanidade pública, a educación pública, as políticas sociais, de emprego ou industrial. Polo que sería necesario que a Xunta de Galicia establecese obxectivos e indicadores de cumprimento para cada un dos incentivos fiscais aplicados, así como a elaboración sistemática de estudos sobre os efectos dos beneficios fiscais nas políticas económicas e sociais ás que van destinados, recomendación manifestada polo Consello de Contas no Informe de



fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma para 2019 e non aceptada polo Goberno galego.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego sobre os incentivos fiscais aplicados dende o ano 2016?

2ª) Considera o Goberno galego que estes incentivos fiscais se traduciron realmente en beneficios para a cidadanía galega? Exactamente cales? En que datos obxectivos fundamenta a súa resposta?

3ª) Cales son as razóns polas que a recomendación manifestada polo Consello de Contas no Informe de fiscalización da Conta correspondente á Comunidade Autónoma de Galicia para 2019 non fose aceptada polo Goberno galego?

4ª) Ten realizado o Goberno galego algún estudo sobre o impacto económico e social dos incentivos aplicados en Galicia dende o ano 2016? En caso negativo, cal é a súa xustificación?

Pazo do Parlamento, 21 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 21/09/2021 12:16:29

Juan Carlos Francisco Rivera na data 21/09/2021 12:16:43



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Carlos Francisco Rivera, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, solicitan a esa mesa se proceda a realizar unha corrección de erros no documento con número de Rexistro 22287.

Onde di: “Por iso, a deputada e o deputado que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas: “

Debe dicir: “Por iso, a deputada e o deputado que asinan, interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos: “

Pazo do Parlamento, 24 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 24/09/2021 13:29:40

Juan Carlos Francisco Rivera na data 24/09/2021 13:29:54



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O Plan de Hostalaría Segura da Comunidade Autónoma de Galicia que implantou o Executivo autonómico o pasado 15 de setembro permite, como principal novidade, a apertura de locais en toda Galicia independentemente da situación epidemiolóxica de cada municipio. Agora, os establecementos divídense en dous tipos - máis un terceiro, de seguridade, que as autoridades sanitarias activan se a situación epidemiolóxica empeora - en función das medidas que cumbran.

Así, os locais tipo un teñen as seguintes condicións e requisitos: 50 % interior, 75 % capacidade exterior; distancia de 1,5 metros entre mesas, exhibición pública de medidores, contador de CO² con notificacións como máximo cada 4 horas; máscaras cirúrxicas para persoal; carta en material que permita a desinfección e dúas horas de formación en protocolo Covid para o persoal.

Mentres tanto, o tipo dous de locais, con maiores esixencias, poden abrir o interior un 75 % e as terrazas un 100 %, pero deben ter un contador de CO² que faga anotacións constantemente e unha carta dixital, QR ou lousa. Tamén teñen que ter máscaras FFP2 para o persoal que o requira, deberá ofrecerse a realización de probas diagnósticas periódicas cada 15 días. A frecuencia será cada 7 días no caso de que o nivel de restrición aplicable ao concello sexa alto ou máximo. Os restaurantes deberán facer un rexistro de clientes. Nesta tipoloxía, ademais, as barras dos locais pódense usar de xeito individual ou cun máximo de dúas persoas sempre que convivan; e a distancia de 1,5 metros debería estar non só entre as mesas, senón tamén entre a clientela. O seu persoal tamén deben ter unha formación de 4 horas en protocolos Covid.

Estas normas obrigan a ter algúns procedementos a maiores que antes non había, como a formación dos traballadores e traballadoras e a realización de probas ós traballadores e traballadoras, a pesar de que a pandemia segue baixando no número de contaxios.

O grupo parlamentario socialista vemos necesario convocar de forma inmediata os cursos de formación en protocolo Covid para o persoal da hostalería. A día de



hoxe os locais deste sector non están cumprindo a propia normativa aprobada polo Goberno autonómico e publicada no DOG do 14 de setembro porque a dita formación non está convocada.

A maiores a Administración autonómica debería ampliar o período para a implantación do novo Plan de Hostalaría Segura da Comunidade Autónoma de Galicia, para que destes xeito os traballadores e traballadoras podan facer o curso e os locais podan adaptarse a toda a normativa e decidir con máis tempo a que nivel pode acollerse cada establecemento.

Entramos nunha nova etapa desta pandemia, con máis do 70% da poboación vacinada, temos que ir cara a ter menos restricións para a hostalería, xa que a gran maioría da poboación está vacina.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Cando vai a convocar o Executivo autonómico os cursos de formación en protocolo Covid para o persoal da hostalería para que se poida formar o antes posible todos os traballadores e traballadoras deste sector?
2. Ten pensado a Xunta de Galicia ampliar a dous meses o período para a implantación do novo Plan de Hostalaría Segura da Comunidade Autónoma de Galicia para que os locais deste sector poidan cumprir todas as medidas vixentes neste plan?

Pazo do Parlamento, 21 de setembro do 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán

Martín Seco García

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 21/09/2021 16:18:15

Martín Seco García na data 21/09/2021 16:18:23





Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García, Leticia Gallego Sanromán e Noelia Otero Lago, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 149 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

Metalships quedou neste mes sen carga de traballo e xunto con Barreras e Vulcano, xa son os tres estaleiros máis importantes da ría de Vigo os que están sen actividade, estes dous últimos cun futuro complexo, no caso de Barreras cunha venta enriba da mesa e no de Vulcano cun concurso convocado pola Autoridade Portuaria nos seus terreos.

A actividade actual de Metalships céntrase en traballos de varada, acondicionamento e pintura de barcos, despois de que a partida do veleiro “Sexa Cloud” deixara o estaleiro sen apenas traballo, só pequenos traballos de varada e reparación, como un remolcador.

A situación en Barreiras é coñecida, cun contrato en vigor e nin sequera en Vigo. Trátase do cruceiro de luxo ‘Evrima’ que trasladou a Santander para o seu pintado e moi probablemente acabárase alí. Os novos xestores da consultora Krol que entraron para reestruturar o estaleiro avanza cara a un escenario preconcursal, coa intención de salvagardar a unidade produtiva e sacala á venda; e paralelamente, nun regulación temporal de emprego. Aínda que Barreiras reorganizou o seu departamento comercial, o certo é que carece de carga de traballo e non está prevista a entrada de novas contratacións a curto prazo. Por outra banda, o estaleiro enfróntase a unha ferverza de reclamacións xudiciais por falta de pagamento por parte da industria auxiliar de traballos executados no cruceiro para The Ritz Carlton Yacht Colletion. Existe o compromiso por parte de Barreiras de saldar o pago íntegro da débeda pendente, que supera os 15 millóns de euros

A antiga empresa Vulcano liquidada tras o proceso concursal, tamén está nunha situación delicada e sen actividade. Tras a súa reconversión en Estaleiros San Enrique enfróntase a un panorama complexo pola anulación da concesión portuaria e perdendo a lámina de auga que dá acceso ao mar as instalacións navais.. Recolocou a cinco ex-traballadores que están con labores de mantemento das instalacións e de limpeza. O Porto xa anunciou que sacará a concurso as instalacións exclusivamente para factoría naval, descartando que puidese converterse nunha zona loxística portuaria para contedores. Ante a dificultade



para poder desenvolver actividade algunha, o novo dono do estaleiro, José Alberto Barreiras, optou por ofrecer ao Porto de Vigo a venda dos 42.000 metros de instalacións navais que comprou en xaneiro deste ano por 7,8 millóns. O certo é que as posibilidades de conseguir carga de traballo de reparación ou de nova construción nas actuais circunstancias son escasas.

Segundo estimacións dos sindicatos do sector, o parón destes estaleiros, fundamentalmente os de Barreiras e Metalships, provocou xa a destrución de 1.500 postos de traballo. Non se trata de despedimentos nin de regulacións de emprego, senón que son, na súa maioría, postos de traballo eventuais que se extinguen por fin de obra. O problema é que a crise dos grandes estaleiros ameaza con arrastrar en moi pouco tempo tamén ao tecido auxiliar se a situación non se endereita, e tal e como evolucionan os acontecementos, non parece fácil, porque a situación xa viña complicada de atrás. Segundo Asime, a patronal galega do metal, o naval pechou o 2020 en Galicia cunha caída do emprego do 6 % e unha redución da facturación do 30 %. A contratación de novos buques retrocedeu un 75 % e iso traducíuse nun descenso do 33 % na carteira de pedidos. As tensións de tesourería para afrontar con solvencia novos proxectos, sumado ás dificultades de acceso ao financiamento que arrastra o sector naval, dificultan a situación dos estaleiros privados. Todo isto acontece, ademais, nun escenario especialmente adverso para o sector da construción naval. A pandemia leva xa máis dun ano xerando unha crise mundial de pedidos de novos buques, que afectou especialmente aos barcos de pasaxe (ferris e cruceiros). Pero a incerteza económica está a provocar tamén que proxectos que estaban en marcha por parte dos gobernos (oceanográficos, fragatas ou patrulleiras) pospuxéronse, á espera de que a situación económica e sanitaria sexa máis favorable a partir deste segundo semestre do 2021. En España, o ano da covid-19 saldouse con 18 novos buques encargados, unha cifra un 50 % máis baixa que no 2019, e un total de 44 buques en carteira, segundo o informe sectorial do Ministerio de Industria elaborado a xaneiro do 2021. Este boletín periódico da actividade de construción naval en España, constata un retroceso da actividade nos estaleiros da comunidade galega, que só pecharon tres novos contratos no 2020, e en total teñen en carteira 16 unidades.

O Grupo Parlamentario Socialista é plenamente consciente da importancia deste sector para Vigo e comarca, por iso é necesario que o Goberno galego faga valer as competencias en Industria e Economía e actúe como polo tractor que garanta a actividade dos estaleiros desta comarca cun plan para reactivar o sector naval de Vigo e con el aos seus traballadores e traballadoras.



Por iso, o deputado e as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Considera o Goberno galego que é necesario elaborar un plan de reactivación da industria naval privada da ría de Vigo, no que se reforce a colaboración pública-privada, acudindo aos fondos *Next Generation* para darlle capacidade económica a dito plan?

2ª) Vai contribuír o Goberno galego cos seus fondos a financiar a débeda do estaleiro Barreras na mesma medida que o está a facer o Goberno de España?

3ª) Pensa o Goberno galego que sería oportuno ligar o financiamento desta débeda ao mantemento dos cadros de persoal, así como elaborar un plan formativo que facilite a súa recualificación?

4ª) Vai utilizar o Goberno galego os mecanismos do Igape para darlle un impulso aos estaleiros a través dos programas de internacionalización na busca de novos contratos e mercados para o sector naval de ría de Vigo?

Pazo do Parlamento, 21 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 21/09/2021 17:22:04

María Leticia Gallego Sanromán na data 21/09/2021 17:22:18

Noelia Otero Lago na data 21/09/2021 17:22:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, María González Albert e Carmen Aira Díaz, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Contradecendo a lóxica marcada pola orografía, clima e reparto da propiedade nas súas diversas manifestacións, a tendencia marcada polas políticas dos gobernos do PP na Xunta de Galiza foron levando as explotacións gandeiras, nomeadamente as de leite, a unha intensividade que as fai cada vez máis vulnerábeis e dependentes dos insumos esóxenos ao non dispoñeren de base territorial abondo para o número de cabezas.

Ao mesmo tempo, estas dinámicas orientaron os cultivos forraxeiros a menos herba e máis maízo. Este feito, debido á ocupación de varios meses da terra sen poder fertilizar con xurros, leva a que a capacidade das fosas se volva insuficiente para almacenar o zudre xerado neses meses.

Os vertidos non desexados e sobardamentos marcan a necesidade de medidas políticas correctoras en ben da saúde humana, do equilibrio medioambiental e nun mellor aproveitamento dos recursos fertilizantes orgánicos.

Debido á forte subida do prezo do gas natural e do custe dos dereitos de emisións á atmosfera de CO2 emitidas na fabricación de fertilizantes químicos, están parando numerosas fábricas en España (Fertiberia) e en toda Europa polo que nos





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

atopamos ante un panorama de subida dos prezos dos fertilizantes o que constitúe unha ameaza para a viabilidade das nosas explotacións, sumada a escalada nos prezos das materias primas utilizadas na elaboración dos pensos.

Esta situación, constitúe unha óptima oportunidade para fomentar o modelo familiar de granxas ligadas á terra, sendo a mellora na xestión dos abonos orgánicos, un gran exemplo de economía circular, que permitiría un maior grao de autosuficiencia e tamén da redución da pegada ecolóxica das nosas granxas, pola redución de emisións indirectas de CO2 derivadas da fabricación de ditos abonos químicos.

Galiza que ocupa o décimo lugar en importancia, das rexións europeas produtoras de leite é sen embargo a única rexión produtora que non presenta aínda zonas vulnerables en canto á contaminación por nitratos. E mesmo así as políticas conducentes á intensificación e concentración da produción marcan realidades que están reclamando medidas correctoras na xestión destes recursos fertilizantes.

Moitas fosas actuais precisan con urxencia un redimensionamento da súa capacidade para poder almacenar durante períodos de tempo máis longos, así coma cubricións que eviten que a auga da chuvia aumente o volume de xurro reducindo así o tempo e gasto de gasoil no transporte coas cisternas, desde as fosas aos cultivos, e faciliten a creación desa costra que estanca o mesmo e evita unha parte considerable das emisións de metano, de óxido nitroso e amoníaco, facilitando o cumprimento na redución de emisións de contaminantes atmosféricos, Directiva 2016/2284 (Directiva de Teitos nacionais de emisións) plasmados no Programa Estatal de Control da Contaminación Atmosférica.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Trátase, pois, de xestionar en orixe a autosuficiencia das explotacións en abono e de evitar os vertidos accidentais e os apuros de xestión dos xurros en determinadas épocas do ano.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

. Que ten previsto o goberno galego para evitar a concentración excesiva de xurros e os problemas de xestión que representan actualmente en moitas explotacións gandeiras de leite?

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2021

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

María González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 22/09/2021 10:54:02

María González Albert na data 22/09/2021 10:54:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz na data 22/09/2021 10:54:13





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Mercedes Queixas Zas e Manuel Lourenzo Sobral, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a necesidade de que o goberno central inclúa o galego na Lei Xeral de Comunicación Audiovisual.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A protección e promoción da lingua galega ten que ser unha das principais encomendas do goberno galego. Por esta razón faise moi necesario que a nosa lingua estea na totalidade das plataformas audiovisuais que a inmensa maioría da nosa sociedade emprega.

Pola contra, esta necesidade de normalización da nosa lingua en espazos coma Netflix, HBO ou Amazon Prime vese ameazada a día de hoxe co novo proxecto da Lei Xeral de comunicación Audiovisual. Esta nova lei recolle que un 30% das obras do catálogo das plataformas de contidos deber esta dedicado a obras europeas e que dentro dese 30%, polo menos un 50% destas “será reservado para producións en castelán ou algunha das outras linguas do Estado.”

Esta vaguidade nas cifras mostra que non hai ningunha garantía para que a lingua galega estea incluída no proxecto de lei. Ademais disto, esta redacción desoe todas as peticións e reclamacións das diferentes institucións e entidades do Estado español que recomendaban que un 50% da cota dos traballos fose para aqueles feitos en galego, euskara e catalán.





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dun xeito semellante, o problema espállase tamén ao debate do financiamento. No proxecto de lei citado indícase que os fornecedores do servizo de comunicación audiovisual televisivo cun ingresos superiores a 50 millóns de euros deberán financiar obras europeas cun 5% dese diñeiro. Pola contra, un mínimo dun 70% deberá ir dirixida a obras de produtores independentes na lingua oficial do Estado ou nalgunha das linguas oficiais das comunidades autónomas.

Desta maneira volvemos ver a pouca concreción e as vaguidades que se inclúen no relativo ao financiamento dos traballos en galego. Alén disto, o goberno estatal volveu facer caso omiso das reclamacións do sector audiovisual galego, vasco e catalán que reclamaban que esa porcentaxe do 5% pasase ao 10%.

Finalmente, este proxecto de lei pode ir en contra do acordo acadado unánimemente no Parlamento galego no que os tres grupos votaban cun si a Iniciativa Xabarín, unha iniciativa que tiña como principal obxectivo precisamente o de asegurar e garantir a presenza do galego nas plataformas audiovisuais.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

. Cal é a opinión da Xunta de Galiza a respecto do novo proxecto da Lei Xeral de comunicación Audiovisual?

. Vai a Xunta de Galiza pular polo aumento da cota e do financiamento dedicado a obras en galego?

. Cales son as medidas da Xunta de Galiza para garantir o dereito dos galegos e galegas de accedermos aos contidos das plataformas audiovisuais na nosa lingua?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2021

Asdo.: **Daniel Castro García**

Mercedes Queixas Zas

Manuel Lourenzo Sobral

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 22/09/2021 11:33:16

Mercedes Queixas Zas na data 22/09/2021 11:33:19

Daniel Castro García na data 22/09/2021 11:33:29





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Mercedes Queixas Zas e Manuel Lourenzo Sobral, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O proxecto de reparación e posta en valor da Ponte Nafonso, entre os concellos de Noia e Outes, que está a levar a cabo a Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade non é, malia a se demandar e agardar durante moitos anos, unha actuación integral e de revalorización do noso patrimonio cultural.

A Ponte Nafonso é un ben de orixe medieval e de gran valor patrimonial, que está catalogado e que forma parte do patrimonio histórico-artístico de Galiza. Sen ter isto en conta, o proxecto que está a levar a cabo a Xunta de Galiza exclúe, inexplicabelmente, a reposición do vello peitoril de pedra orixinal, que foi retirado no século XIX para ensanchar a ponte e permitir o paso de vehículos, e non contempla actuacións de revalorización do propio ben nin da súa contorna.

Moi ao contrario, a agresión patrimonial que tivo lugar coa substitución do peitoril de pedra por unha varanda de ferro, perpétrase de novo no proxecto actual e, máis unha vez, non se contempla nin se respecta a importancia que ten a Ponte Nafonso como ben catalogado.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E por se isto non fose abondo, a desfeita leva camiño de se consumir xa unha vez iniciadas as obras. Logo de retirar o asfaltado que cubría a ponte, saíu á luz a existencia dunha gabia de formigón no centro da mesma que canaliza o cableado de teléfono de toda a comarca.

O BNG obtivo información dos responsábeis das obras de que esa situación non se vai corrixir e que, por tanto, o pavimento adoquinado terá que se elevar uns centímetros, abandonándose así toda posibilidade de reparar este grave dano ao noso patrimonio.

Representantes do BNG na zona, interesados pola execución do proxecto, recibiron hai poucos días unha chamada de “Patrimonio”, aclarando que o proxecto era o acaído e non se levarían a cabo modificacións. A persoa que contactou con eles presentouse como arqueóloga e historiadora e aseverou, entre outros desatinos, que a ponte nunca tivera peitoril de pedra, malia a existencia de probas gráficas do contrario. Tamén informou do visto e praxe de Patrimonio ao mantemento das tubaxes existentes na ponte ao considerar que é unha estrutura do século XX, afirmación incríbel e absolutamente cuestionábel.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

- . Considera a Xunta de Galiza que está a contribuír respectuosamente á conservación e reposición do patrimonio histórico artístico de Galiza?
- . Que valoración fai a Consellería de Cultura das obras que se están a executar na Ponte Nafonso, entre os concellos de Noia e Outes?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Por que motivo non se contemplou no proxecto de reparación a reposición do peitoril de pedra orixinal? Por que razón se asegura por parte de determinados técnicos da Consellería que o peitoril de pedra nunca existiu? Está disposta a reconsiderar esa decisión?

. Que valoración fai da decisión de manter a gavia de formigón existente na ponte e utilizada para canalizar o cableado de teléfono da comarca? Buscáronse alternativas para eliminar esa gavia da ponte?

. Considera que aínda non é o momento de efectuar na Ponte Nafonso unha actuación verdadeiramente acaída á súa catalogación?

. En base a que documentos se asegura por parte de determinados técnicos da Consellería de Cultura que a Ponte Nafonso é unha estrutura do século XX?

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Mercedes Queixas Zas

Manuel Lourenzo Sobral

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 22/09/2021 12:45:04

Mercedes Queixas Zas na data 22/09/2021 12:45:09

Rosana Pérez Fernández na data 22/09/2021 12:45:18





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Carmen Aira Díaz e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación,** sobre a inestabilidade laboral dentro do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No verán de 2021 asistimos, un ano máis, a novos episodios de conflitividade laboral dentro do SPDIF que tiveron un punto álxido na semana do 20 ao 25 de setembro con distintas mobilizacións convocadas polos comités de empresa da Consellaría do Medio Rural nas catro provincias.

O BNG ten denunciado en múltiples ocasións a precariedade laboral á que a Xunta de Galiza ten sometido a este servizo fundamental no noso país e que ten na actualidade unha das taxas de temporalidade e precarización do emprego máis altas de toda a administración galega.

En atención a esta situación xa convertida en estrutural polos sucesivos gobernos do Partido Popular, o martes 21 o comité de empresa de Ourense concentrouse fronte a delegación territorial da Consellaría mentres que o seu equivalente en Lugo fixo o propio o mércores 22 e os da Coruña e Pontevedra se concentrarán de forma conxunta fronte a sede central da Consellaría do Medio Rural en San Caetano na xornada do xoves 23 de setembro.



As reivindicacións non son novas. O que se denuncia desde os representantes dos traballadores é a “gravísima precariedade laboral” e “inseguridade xurídica” que padecen os traballadores e traballadoras do SPDIF no seu conxunto e os fixos-descontínuos especialmente.

A reclamación é clara: reclámase a ampliación do tempo de traballo das prazas fixas descontinuas de 6 a 9 meses e de 9 a 12. Ao tempo púlase pola cobertura dos postos vacantes. Os comités de empresa advertiron con estas concentracións de que nestes intres, en pleno período de alto risco de incendios, son numerosas as prazas vacantes sen cubrir o que engadido á non cobertura de incapacidades temporais, licenzas e permisos segue a provocar unha diminución da capacidade de resposta do dispositivo.

Este extremo púidose comprobar in situ no gran lume de Ribas de Sil que calcinou preto de 1800 hectáreas e no que unha parte significativa das brigadas destinadas non contaban co total dos seus membros mermando significativamente a súa capacidade operativa.

Por outra banda, e no referido aos empregados fixos descontinuos, resáltase que o feito de que os arredor de 1.000 empregadas e empregados públicos da Xunta pertencentes ao SPDIF sexan contratadas e contratados unicamente durante seis meses ao ano atenta directamente contra a profesionalización do dispositivo, impide acadar os obxectivos de prevención de incendios forestais e reduce a operatividade dun servizo público de emerxencias esencial para a defensa dos intereses dos todos os galegos/as.

Ao mesmo tempo, critican que o Goberno galego esqueza a máis de 600 traballadores/as fixos/as descontinuos e descontinuas de nove meses, que tras máis de 12 anos e pese aos reiterados anuncios publicitarios por parte da Consellaría afirmando





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que solucionarán a cuestión, seguen agardando pola ampliación do tempo de traballo dos seus contratos.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

. En que porcentaxe cifran desde a Consellaría a temporalidade laboral no servizo?

. Estiman desde a Xunta de Galiza que a alta temporalidade laboral no SPDIF colabora na conformación dun servizo de emerxencias profesionalizado e operativo?

. Teñen previsto afrontar neste 2021 a ampliación de contratos dos traballadores e traballadoras fixas descontínuos de 6 e 9 meses que hoxe fan parte do dispositivo do SPDIF?

. Cal é o motivo polo que desde a Consellaría de Medio Rural, de xeito reiterado, non se cobren as vacantes no SPDIF (tanto en brigadas como nos postos de emisorista, vixilantes e axentes forestais) nin sequera en momentos de risco alto de incendios?

. Estiman desde a Consellaría que un servizo no que non se cobren as vacantes pode ser igual de efectivo que un servizo con todos os seus postos cubertos?

. Até que grado de incumprimento do cadro de persoal previsto no PLADIGA 2021 estiman que poden asumir sen que se resinta esa efectividade do servizo?

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2021





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: María González Albert

Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 22/09/2021 13:50:59

María del Carmen Aira Díaz na data 22/09/2021 13:51:05

María González Albert na data 22/09/2021 13:51:17



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A crise económica e social xerada pola pandemia da Covid-19 afectou de xeito moi preocupante á mocidade, entre outros aspectos, nos seus procesos de emancipación ou laboral.

Este mes de agosto, UGT-Galicia presentaba unha radiografía do mercado laboral galego centrada nas e nos máis mozos que amosaba a falta de oportunidades, a precariedade e a inestabilidade como principais lastres para desenvolver un proxecto vital independente e digno na nosa comunidade.

Ante esta situación, compre poñer sobre a mesa todo tipo de medidas para ofrecer ás mozas e os mozos galegos oportunidades no plano laboral, no acceso á unha vivenda digna pero ao mesmo tempo ofrecer de xeito inmediato solucións en materia de transporte. Neste contexto de crise, non se entende a limitación ata os 21 anos dos beneficios da tarxeta Xente Nova. Agora que son xa máis de 100.000 as usuarias e usuarios da mesma, e nun escenario socioeconómico delicado para a mocidade galega, compre dar sentido ás políticas en materia de transporte público e mocidade.

Por todo isto, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Cal é o número de usuarias e usuarios beneficiarios da Tarxeta Xente Nova detallado por provincias, concellos e anos dende o seu inicio no ano 2016?
2. Cantas solicitudes teñen denegado dende a súa posta en funcionamento e cales foron os motivos que provocaron esa denegación dende o ano 2016?
3. Ten pensado a Xunta de Galicia ampliar este dereito a toda mocidade galega menor de 30 anos? En caso negativo, cal é motivo?
4. Cal é o motivo para que a Xunta de Galicia non incorpore os beneficios da Tarxeta Xente Nova dentro das vantaxes do Carné Xove?

Pazo do Parlamento, 22 de setembro do 2021





Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 22/09/2021 16:19:01

Julio Torrado Quintela na data 22/09/2021 16:19:10

Marina Ortega Otero na data 22/09/2021 16:19:18





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a garantía do dereito ao aborto na sanidade pública galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo os últimos datos publicados polo Ministerio de Sanidade español correspondentes a 2019 en Galiza producíronse 2.868 Interrupcións Voluntarias do Embarazo (IVE).

Segundo o tipo de centro no que se levaron a cabo os abortos o 77% dos mesmos foron en centros extrahospitalarios privados, 2.212 fronte apenas 34 na pública. En troca, os abortos realizados en centros hospitalarios son maioritariamente asumidos pola sanidade pública (539) fronte a 83 na privada.

Os datos evidencian que o dereito á interrupción voluntaria do embarazo non está a garantirse no sistema público senón que se está a derivar na inmesísima maioría dos casos á rede privada.

Entre as razóns coas que tradicionalmente se pretende explicar esta distorsión (moi lucrativa para as clínicas privadas) está a obxección de conciencia do persoal sanitario público, un dereito recoñecido na lexislación vixente que permite ás traballadoras e traballadores negarse a practicar unha interrupción do embarazo por ir en contra dos seus principios éticos.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alén do debate que podería darse arredor da obxección de conciencia o certo e verdade é que a súa invocación por parte do persoal sanitario na rede pública non pode supor un impedimento, de facto, ao exercicio do dereito ao aborto no sistema público de saúde.

Esta situación supón unha vulneración dos dereitos das mulleres mais tamén o incumprimento flagrante da lexislación vixente a nivel estatal que sitúa como “excepcional”, desde 2010, a derivación á privada sendo a rede pública a que debe garantir o dereito ao aborto nos termos previstos legalmente.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

- . Como valora a Xunta de Galiza os datos de interrupcións voluntarias do embarazo en Galiza segundo tipo de centro?
- . Cre que se está a garantir o dereito ao aborto das mulleres tal e como prevé a lexislación vixente?
- . Cre o Goberno galego que a obxección de conciencia pode menoscabar o dereito das mulleres a interromper voluntariamente un embarazo na sanidade pública?
- . Pensa adoptar algunha medida para mudar a situación actual e cumprir co disposto na Lei Orgánica 2/2010?

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2021





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Olalla Rodil Fernández

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 23/09/2021 13:16:17

Iria Carreira Pazos na data 23/09/2021 13:16:20

Olalla Rodil Fernández na data 23/09/2021 13:16:30



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Pablo Arangüena Fernández, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O pasado 16 de xuño a Audiencia Nacional publicou a sentenza que resolvía o recurso interposto pola Asociación medioambiental GREENPEACE e o Concello de Pontevedra, contra a concesión polo goberno de Mariano Rajoy dunha prórroga de 60 anos a empresa pasteira Ence no ano 2016.

Aínda que a reseñada sentenza aínda non é firme, dende ese momento o PPdeG adoptou unha postura de oposición ao seu contido, ata o punto de afirmar, varios membros do goberno da Xunta de Galicia, que a única solución posible, se a mesma adquire firmeza, era que o Goberno non executara a resolución, nunha clara incitación á desobediencia.

Para continuar secundando a postura da empresa que segue a manter a imposibilidade de traspaso por non existir outro emprazamento posible en Galicia.

Asemade, na segunda xuntanza, da mesa de diálogo polo futuro de Ence, celebrada o día 10 de setembro, arrincouse o compromiso do Goberno de España e do Concello de Pontevedra de non executar temporalmente a sentenza se existe unha posibilidade real de reubicación.

Pola contra, o presidente da Xunta de Galicia, a pasada fin de semana, apuntaba a posibilidade de instaurar outra pasteira en Galicia se Ence pecha, creando un desconcerto no cadro do persoal desta empresa e contradicindo a postura doutros membros do seu goberno.

Ante tanta contradición e falla de responsabilidade dun goberno con competencia exclusiva en materia de desenvolvemento industrial e ordenación do territorio, dende o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que a Administración autonómica ten que deixar de dar bandazos e buscar unha solución real, que permita a continuidade desta industria madeireira en Galicia e permita o mantemento dos postos de traballo.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Como xustifica o goberno da Xunta de Galicia os sucesivos cambios de postura que ven mantendo en relación ao futuro da empresa Ence en Galicia?
2. Entende o goberno da Xunta de Galicia como axeitado nun estado de dereito que o seu vicepresidente primeiro pida ao Estado Español que non execute unha sentenza?
3. Entende o goberno da Xunta de Galicia como axeitado nun estado de dereito que o seu vicepresidente segundo pida ao Estado que modifique unha lei xeral para beneficiar a unha empresa?
4. Que valoración fai o Goberno do manifestado polo presidente da Xunta de Galicia en relación a implantación doutra pasteira en Galicia se Ence pecha?
5. Cree o goberno da Xunta de Galicia que a prórroga outorgada á empresa Ence no ano 2016 polo Goberno do Estado se fixo sen as garantías legais, como manifestou o



- voceiro do PP de Pontevedra?
6. Ten previsto o goberno da Xunta de Galicia manter unha postura clara e unánime sobre o futuro de Ence en Galicia?
 7. Existe un proxecto real para a implantación doutra pasteira se Ence pecha como apuntou Feijóo?
 8. Ten previsto o goberno da Xunta de Galicia encargar a un comité de expertos independentes, composto por persoal do sector e das diferentes universidades galegas, un estudo e posterior redacción dun informe técnico sobre as distintas situacións posibles dentro do noso país e a viabilidade técnica e económica dunha nova pasteira?
 9. Vai a impulsar e liderar o goberno da Xunta de Galicia as negociacións co grupo Ence para a construción dunha nova planta de celulosa en Galicia na que se poida acadar a mellora na calidade do produto e na eficiencia dos procesos de fabricación, incrementando o compromiso medioambiental e de sostenibilidade?
 10. Ten previsto o goberno da Xunta de Galicia impulsar políticas que permitan mellorar o crecemento e a competitividade, e desenvolver o potencial deste sector para afrontar os retos e aproveitar as oportunidades que se presentan?
 11. Vai apostar o goberno da Xunta de Galicia pola cofinanciación de proxectos de I+D+i e o desenvolvemento tecnolóxico dixital, co fin de acadar unha industria competitiva no mercado global, mellorando a dixitalización da futura planta, a eficiencia enerxética e reducindo o consumo de recursos?

Pazo do Parlamento, 23 de setembro do 2021

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 23/09/2021 13:11:44

Pablo Arangüena Fernández na data 23/09/2021 13:11:56

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/09/2021 13:12:07

Patricia Otero Rodríguez na data 23/09/2021 13:12:17



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A pandemia provocada pola Covid alterou por completo o sistema sanitario, cuxos profesionais responderon de maneira contrastadamente eficiente ante os problemas xurdidos. Esta situación evidenciou algúns problemas de xestión, que forzaron a asumir algúns problemas durante as fases máis duras da pandemia pero que, sobre todo, amósanse agora coa dificultade para retomar un escenario de normalidade nas épocas onde estase a recuperar a actividade.

No eido da actividade hospitalaria as listas de espera son sempre un problema recorrente na xestión sanitaria. Galicia non queda a zaga e, pese aos datos pretendidamente oficiais, a realidade está en que xa existen irregularidades no cómputo das esperas (como así manifestou o Consello Consultivo na súa apreciación sobre o irregular cómputo dos tempos que permite falsealos) ao contabilizar como espera unicamente o tempo que transcorre dende que se define unha data concreta pero non dende que o paciente está realmente esperando. Ademais existe unha negativa permanente do goberno da Xunta de Galicia a facilitar os datos de espera estruturais, que inclúen a todas as persoas que están a espera dunha consulta, diagnóstico ou intervención, e non a aquelas que xa teñen data marcada (que é único cómputo actual). A maiores desta circunstancia, os tempos de espera para consultas, diagnósticos ou intervencións cirúrxicas complicouse e elevouse con motivo da pandemia, o que resulta natural e comprensible.

Sen embargo, na situación actual, é preciso afrontar que a recuperación dun elevado grado de normalidade na convivencia co virus, precisamos afrontar solucións excepcionais para recuperar o pulso previo. Neste punto cabe mencionar unha ineficiente optimización de recursos xa existente previamente á pandemia, como son os recursos hospitalarios (materiais e humanos). Os centros hospitalarios vén reducida drasticamente a súa actividade en horario de tarde, o que limita o aproveitamento de espazos e tecnoloxías, que ademais de ser custosas e estar a disposición, sofren e perden capacidade operativa co paso do tempo.

Dada esta situación, e co aumento de tempos de espera rexistrados xa sobre os datos oficiais, ademais da incongruente situación pola que non e posible coñecer a realidade das esperas en Galicia, é preciso establecer medidas excepcionais para mellorar así como tamén tomar decisións que permitan cambios estruturais no sistema para optimizar o rendemento dos recursos.

A existencia de fondos extraordinarios para a Covid aportados dende o Estado, que permitiron aumentar os orzamentos existentes e permiten aínda deseñar plans de mellora baseados no aumento de recursos (non só materiais senón tamén humanos), facilita a posibilidade de adoptar medidas extraordinarias para o fin de avanzar na situación actual.



Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Valora o goberno da Xunta de Galicia a necesidade dun plan especial de actividade hospitalaria para reducir tempos de espera en consultas, diagnósticos e intervencións cirúrxicas?
2. Cre o goberno da Xunta de Galicia que é necesario optimizar os recursos materiais e humanos dos centros hospitalarios públicos de Galicia para usalos de maneira máis intensiva e durante máis tempo na xornada habitual?

Pazo do Parlamento, 23 de setembro do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 23/09/2021 12:53:51

Marina Ortega Otero na data 23/09/2021 12:54:03





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a necesidade de impulsar un programa de estímulo nos sectores culturais galegos que afronte as consecuencias negativas derivadas da pandemia por COVID-19.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo un informe publicado pola UNESCO, a crise provocada pola COVID-19 produciu danos importantes no sector cultural e creativo con carácter global. En Europa, no ano 2020, o sector da cultura foi o segundo máis afectado, despois do transporte aéreo, e sufriu máis perdas que o turismo e a automoción.

Diferentes estudos analizaron ao longo de 2020 e 2021 como a crise sanitaria afectou de forma xeneralizada os sectores culturais en Galiza.

Estas diagnoses expóñennos a un escenario caracterizado por un tecido produtivo vulnerábel, unha contracción no consumo cultural e unha situación moi incerta para as profesionais da cultura.

As análises actuais, para alén de diagnosticar a realidade presente como un continuum dun tempo precedente marcado pola precariedade, aínda máis agudizado pola pandemia, achegan propostas de acción inmediata e temporal, mais sobre todo catalizadoras de cambios sistémicos a medio e longo prazo.

Así, neste sentido, a UNESCO propón:





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Apoio directo a artistas e profesionais da cultura.
- Apoio aos distintos sectores das diferentes industrias culturais.
- Fortalecemento da competitividade das industrias culturais e creativas.

Asemade, a OCDE traza tamén unha serie de recomendacións que cómpre atender, a curto, medio e longo prazo, pois todos os estudos estatísticos e económicos apuntan cara a un forte impacto negativo en todas as actividades relacionadas coa creación cultural.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

Que medidas ten previsto activar o goberno galego para estimular os sectores culturais galegos e afrontar as consecuencias negativas derivadas da pandemia por COVID-19?

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 23/09/2021 13:50:41

Daniel Castro García na data 23/09/2021 13:50:44

Mercedes Queixas Zas na data 23/09/2021 13:50:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o desenvolvemento do Proxecto HUB Audiovisual da Industria Cultural por parte da AGADIC.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En novembro de 2020 a Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos acolleu as comparencias do Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, así como tamén do director da AGADIC.

En ambas as dúas intervencións os comparecentes fixeron mención dunha importante achega económica de 9,6 millóns de euros que esta consellaría destinaría aos obxectivos e funcións da AGADIC, procedentes dos fondos FEDER REACT da Unión Europea.

A falta de toda concreción naquela altura, o director da AGADIC apenas mencionara unha liña de traballo novidosa, definida como Proxecto HUB, asentada no obxectivo de “incrementar as capacidades das empresas galegas, a competitividade das empresas galegas, situar Galiza como un referente das industrias creativas”, e que se desenvolvería da man do sector, sempre desde o consenso con este.

O pasado 10 de setembro de 2021 o DOG publicaba a convocatoria, en réxime de concorrencia non competitiva, de axudas para o fomento e a promoción de rodaxes





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

audiovisuais que favorezan a recuperación económica do sector ao abeiro do programa Hub da Industria Creativa Galega, a primeira das convocatorias do seu fondo para a atracción de rodaxes, dotada con 2 millóns de euros.

O mesmo día en que o Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade lles presentaba ás principais asociacións e empresas audiovisuais galegas as liñas mestras do Hub Audiovisual da Industria Cultural.

Para alén desta primeira convocatoria, o Conselleiro de Cultura anunciou, segundo nota de prensa do seu gabinete, “a posta en marcha da Galicia Film Comission, as subvencións para o desenvolvemento de grupos de proxectos, o polo de talento do sector audiovisual, o plan creativo e empresarial para videoxogos e un fondo transversal para o conxunto da industria cultural son outras das principais iniciativas que serán desenvolvidas proximamente ao abeiro do Hub”.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

. Consensuou o goberno da Xunta con todas as partes protagonistas do sector audiovisual galego as convocatorias anunciadas vertebradas ao redor do HUB Audiovisual da Industria Cultural?

. Como foi o proceso de diálogo aberto e consenso que anunciaran en sede parlamentaria os responsábeis da Consellería de Cultura?

. Considera o goberno que a xa publicada convocatoria de axudas para o fomento e a promoción de rodaxes audiovisuais responde ás características do tecido da maioría das produtoras galegas?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Entende a Xunta que esta liña de axudas de concorrencia non competitiva é unha opción accesíbel á maioría das empresas galegas?

. Centrarse en falar de Galiza como plató para empresas foráneas, que espazo de traballo preserva para as empresas galegas que transmiten historias propias, na lingua propia e que están a ter grande recoñecemento? Que medidas extraordinarias e adicionais se van poñer en marcha para este tipo de proxectos?

. Cumpre esta convocatoria co fomento da diversidade que marca Europa para a execución dos fondos REACT?

. Permite esta convocatoria a viabilidade sustentábel do proxecto audiovisual galego no tempo?

. Publicamente falan de que esta liña de fomento de rodaxes se pon en funcionamento para competir cos incentivos fiscais doutras CCAA. Como esperan mantela cando rematen os fondos REACT?

. Como se vai desenvolver, con que orzamento e modelo de xestión a anunciada Galicia Film Comission?

. Que medidas adicionais se van tomar para alén desta primeira convocatoria cos 9,6 millóns de euros anunciados?

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García
Manuel Lourenzo Sobral
Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 23/09/2021 16:22:51

Daniel Castro García na data 23/09/2021 16:22:54

Mercedes Queixas Zas na data 23/09/2021 16:23:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, M^a Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M^a Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia**, sobre a obriga de empregar a Tarxeta Nova para acceder ao transporte escolar mesmo a alumnado de ensino obrigatorio.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia motívase na necesidade de debater e adoptar un acordo no Parlamento canto antes sobre a obriga de empregar a Tarxeta Nova para acceder ao transporte escolar mesmo a alumnado de ensino obrigatorio.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos días, varias familias de alumnas e alumnos que cursan estudos de FP básica, están a denunciar que a Xunta abriga a empregar a Tarxeta Nova en transporte escolar prestado polos servizos integrados da consellaría de infraestruturas e mobilidade a alumnado que ten de ensino obrigatorio e que cumpre os requisitos para ser alumnado lexítimo do transporte escolar





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta solución, que é contraria á normativa vixente, obriga ademais do agravio que supón para este alumnado de FP básica, supón un prexuízo económico e de tempo importante para as familias.

A Tarxeta Nova tan só pode ser expedida pola entidade ABANCA, o que empuxa a abrir unha conta con esta entidade a aquelas familias que non a teñan, cos custes que iso supón.

Do mesmo xeito, esta tarxeta opera con reingresos quincenais dos custes do transporte, o que implica ter que cargar a tarxeta cada dúas semanas. O problema é que no caso da última quincena do curso ese remanente non pode ser retirado xa que a tarxeta tampouco permite reintegros de efectivo.

É importante destacar que o alumnado de FP básica, cursa estudos de ensino obrigatorio e que polo tanto debe serlle de aplicación o establecido no artigo primeiro da *Instrución conxunta 1/2021, da secretaría xeral técnica da Consellaría de Cultura, Educación e Universidade e da Dirección Xeral de Mobilidade da Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade do 25, de xuño sobre a xestión do Servizo de Transporte de Escolares no Curso Escolar 2021-2022* e polo tanto debe ser tratado a todos os efectos como usuario lexítimo de transporte escolar gratuíto.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia:

Vai a Xunta de Galiza considerar usuarios lexítimos do transporte escolar gratuíto a todo o alumnado da FP básica e en ningún caso esixir o uso da Tarxeta Nova nin mecanismo análogo algún para exercer este dereito?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2021

Asdo.: Ana Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

M^a Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonso

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

M^a Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 24/09/2021 09:28:25

Xosé Luis Rivas Cruz na data 24/09/2021 09:28:46

Mercedes Queixas Zas na data 24/09/2021 09:28:53

Rosana Pérez Fernández na data 24/09/2021 09:29:01

Ramón Fernández Alfonzo na data 24/09/2021 09:29:08

Daniel Pérez López na data 24/09/2021 09:29:17

Iria Carreira Pazos na data 24/09/2021 09:29:27

Olalla Rodil Fernández na data 24/09/2021 09:29:36

Daniel Castro García na data 24/09/2021 09:29:45

María del Carmen Aira Díaz na data 24/09/2021 09:29:57

Noa Presas Bergantiños na data 24/09/2021 09:30:06

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 24/09/2021 09:30:18

María González Albert na data 24/09/2021 09:30:25

Xosé Luis Bará Torres na data 24/09/2021 09:30:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 24/09/2021 09:30:39

Alexandra Fernández Gómez na data 24/09/2021 09:30:46

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 24/09/2021 09:30:51

María do Carme González Iglesias na data 24/09/2021 09:30:58

Paulo Ríos Santomé na data 24/09/2021 09:31:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Lourenzo Sobral, Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia**, sobre os problemas do transporte escolar en Galiza.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de debater e adoptar un acordo canto antes en sede parlamentar sobre os problemas do transporte escolar en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 25 de Xuño, a Consellaría de Educación publicaba a *Instrución conxunta 1/2021, da secretaría xeral técnica da Consellaría de Cultura, Educación e Universidade e da Dirección Xeral de Mobilidade da Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade do 25, de xuño sobre a xestión do Servizo de Transporte de Escolares no Curso Escolar 2021-2022*.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta orde, que regula a organización e funcionamento do transporte escolar, mantén na súa redacción aspectos que ano tras ano, veñen ocasionando problemas ao alumnado do noso país e aos centros de ensino á hora de acceder ao servizo de transporte.

A citada orde contempla no seu artigo o seguinte: *Esta Instrución será de aplicación directa durante o curso 2021-2022 ás rutas de transporte especial de escolares que cursen ensinanzas obrigatorias e de oferta obrigatoria en centros docentes públicos(...)* Igualmente, **aplicarase en todo o que resulte de aplicación (...)** ao transporte de escolares que se presta mediante servizos integrados nos que existe reserva de praza a favor de escolares.

Esta redacción, a todas luces ambigua e confusa, ocasiona interpretacións diverxentes e crea agravios tanto entre usuarios coma entre centros de ensino.

Outro dos problemas que se vén dando coa publicación desta orde ten que ver con que estas instrucións xestionan de maneira igual situacións sociais e académicas que son desiguais. Así por exemplo, establece no relativo as distancias dos usuarios lexítimos dos centros de ensino “*unha distancia deste superior a 2 km, calculada utilizando o itinerario máis directo, sen desvíos e rodeos innecesarios*”

Resulta evidente que non é o mesmo percorrer a pé un espazo de 2 km por unha cidade ou por un lugar urbanizado, que por unha vía rural; co que isto implica para un alumno/a de 12 anos que ten que facer este traxecto de noite ou en días de choiva.

Esta redacción está a ocasionar moitos problemas en centros rurais mais tamén noutros que simplemente se atopan fóra do núcleo urbano, sen que estas instrucións que din literalmente: *Será usuario con dereito a transporte escolar gratuíto o alumnado cuxo domicilio se encontre fóra do núcleo urbano no que radique o centro escolar*, resolva estas situacións; pola interpretación que fai a Xunta de Galiza da mesma.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Do mesmo xeito, nos últimos meses son moitas as denuncias de varios centros de ensino e familias pola obriga da Xunta de estar en posesión da Tarxeta Nova (expedida unicamente por ABANCA) para poder facer uso do transporte escolar, mesmo no caso alumnos e alumnas, de ensino obrigatorio.

Son estes tan só algúns dos exemplos dos problemas que a orde *de xuño sobre a xestión do Servizo de Transporte de Escolares no Curso Escolar 2021-2022* está a provocar na comunidade educativa.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia:

Vai o goberno galego iniciar un proceso de diálogo cos axentes da comunidade educativa para avaliar a situación do transporte escolar en Galiza e buscar solucións aos problemas que se suceden curso tras curso?

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2021

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Lourenzo Sobral

Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonso





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 24/09/2021 10:48:47

Paulo Ríos Santomé na data 24/09/2021 10:48:57

María do Carme González Iglesias na data 24/09/2021 10:49:03

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 24/09/2021 10:49:10

Alexandra Fernández Gómez na data 24/09/2021 10:49:18

María Montserrat Prado Cores na data 24/09/2021 10:49:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 24/09/2021 10:49:34

María González Albert na data 24/09/2021 10:49:42

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 24/09/2021 10:49:51

Iria Carreira Pazos na data 24/09/2021 10:50:00

Noa Presas Bergantiños na data 24/09/2021 10:50:13

María del Carmen Aira Díaz na data 24/09/2021 10:50:38

Daniel Castro García na data 24/09/2021 10:58:47

Olalla Rodil Fernández na data 24/09/2021 10:58:57

Daniel Pérez López na data 24/09/2021 10:59:08

Ramón Fernández Alfonzo na data 24/09/2021 10:59:21

Mercedes Queixas Zas na data 24/09/2021 10:59:40

Xosé Luis Rivas Cruz na data 24/09/2021 10:59:48

Rosana Pérez Fernández na data 24/09/2021 11:10:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, M^a Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M^a Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia**, sobre procedemento aberto pola Comisión Europea a España por irregularidades na ampliación da concesión da AP9.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de debater e adoptar un acordo no Parlamento sobre o procedemento aberto pola Comisión Europea a España por irregularidades na ampliación da concesión da AP9.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 23 de setembro a Unión Europea advertiu ao Estado español sobre a ilegalidade das prórrogas concedidas a Audasa para a xestión da AP 9, xa que non se respectou o procedemento comunitario en materia de contratación pública e concesións administrativas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- A primeira prórroga, de UCD en 1977, supuxo a ampliación da concesión en 1 ano, de 2012 a 2013

- A segunda, do PSOE en 1994, ampliou a concesión en 10 anos, até 2023.

- A terceira, do PP no ano 2000, prorrogou a concesión por 25 anos máis, até o 2048.

A comunicación da Comisión Europea, en resposta a unha denuncia da asociación En Colectivo, pon de manifesto a actuación irregular do goberno español coa adopción de decisións que favoreceron os intereses da empresa concesionaria e supuxeron un grave prexuízo para as persoas usuarias e para a economía galega.

Este caso conta xa co precedente dunha sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, que dictaminou en 2019 que Italia ampliou a concesión dunha autoestrada á “Società Autostrada Tirrenica” sen iniciar previamente un procedemento de licitación, infrinxindo a Directiva 2004/18/CE sobre contratación pública. No caso das prórrogas concedidas a Audasa en 1994 e 2000, tamén se incumpriron as normas de contratación pública da UE, nomeadamente a Directiva 93/37/CEE.

Cómpre ter en conta que grazas a estas decisións discriminatorias para Galiza, as galegas e galegos levamos pagados 1.091 millóns de euros en peaxes desde 2012. E Audasa -empresa privatizada polo goberno do PP en 2003- obtivo ingresos de máis de 3.000 millóns de euros e máis de 900 millóns de beneficios desde o inicio da concesión. E prevé beneficios de máis de 1.500 millóns de euros até o ano 2048. Todos estes feitos poñen en evidencia a aldraxe e o agravio da AP9, tantas veces denunciado polo BNG.

Mentres isto ocorre, outras autoestradas da mesma época que a AP9 remataron ou van rematar dentro de pouco tempo o seu período de concesión, de maneira que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

pasan a ser gratuítas. Un exemplo claro do trato discriminatorio do goberno central con Galiza, compartido por gobernos dunha e outra cor.

Tendo en conta as irregularidades sinaladas pola Comisión Europea, chama a atención a reacción do goberno galego. Primeiro nas declaracións da conselleira de Infraestruturas, que atribuíu as prórrogas a “decisións do pasado” e afirmou que había que agardar as decisións do goberno central ao respecto. Posteriormente, o presidente da Xunta xustificou as prórrogas concedidas ilegalmente e rebaixou a importancia da decisión do executivo comunitario.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia:

Que iniciativas prevé adoptar o goberno galego para deixar sen efecto as prórrogas concedidas e lograr a gratuidade da AP9?

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2021

Asdo.: Ana Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

M^a Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonso
Alexandra Fernández Gómez
María González Albert
M^a Carme González Iglesias
Rosana Pérez Fernández
Daniel Pérez López
Montserrat Prado Cores
Noa Presas Bergantiños
Mercedes Queixas Zas
Paulo Ríos Santomé
Xosé Luis Rivas Cruz
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 27/09/2021 13:26:59

Xosé Luis Rivas Cruz na data 27/09/2021 13:27:08

Mercedes Queixas Zas na data 27/09/2021 13:27:15

Rosana Pérez Fernández na data 27/09/2021 13:27:23

Ramón Fernández Alfonso na data 27/09/2021 13:27:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López na data 27/09/2021 13:27:38

Iria Carreira Pazos na data 27/09/2021 13:27:45

Olalla Rodil Fernández na data 27/09/2021 13:27:55

Daniel Castro García na data 27/09/2021 13:28:04

María del Carmen Aira Díaz na data 27/09/2021 13:28:12

Noa Presas Bergantiños na data 27/09/2021 13:28:22

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 27/09/2021 13:28:29

María González Albert na data 27/09/2021 13:28:39

Xosé Luis Bará Torres na data 27/09/2021 13:28:45

María Montserrat Prado Cores na data 27/09/2021 13:28:53

Alexandra Fernández Gómez na data 27/09/2021 13:29:02

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 27/09/2021 13:29:09

María do Carme González Iglesias na data 27/09/2021 13:29:15

Paulo Ríos Santomé na data 27/09/2021 13:29:21



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago, Leticia Gallego Sanromán, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

No barrio de Bouzas viven máis de 5.500 persoas que levan anos agardando pola posta en marcha do centro de saúde na vila. Este ano, as veciñas e veciños asistiron a innumerables visitas de responsables do Goberno da Xunta que un tras outro foron dando falsos prazos sobre a apertura da infraestrutura e cambiando á baixa as previsións de persoal e de cupo. Despois de moitos atrasos e incumprimentos, o conselleiro de Sanidade, Julio Comesaña anunciaba que o centro de saúde estaría finalizado en abril e abriría antes deste verán. Ao mesmo tempo, Comesaña trasladaba que o centro de saúde tería tres consultas médicas con capacidade para tres facultativos pola mañá e outros tres pola tarde, cunha posibilidade de atención de 3.900 pacientes en cada quenda.

Poucos meses despois, foi a conselleira de Infraestruturas a que atrasaba as previsións e situaba cara finais de verán a apertura do centro.

Finalmente e co verán practicamente rematado, as novas que reciben dende o Sergas na Asociación Veciñal apuntan a novos atrasos e a un novo recorte no cupo e nos profesionais que atenderán o centro, situando nun único médico a previsión de apertura

Ante os reiterados anuncios incumplidos, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

A que se deben os novos atrasos nas datas anunciadas de apertura do centro de saúde de Bouzas?

Pazo do Parlamento, 16 de setembro do 2021

Asdo.: Noelia Otero Lago
Leticia Gallego Sanromán
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 17/09/2021 12:34:10

María Leticia Gallego Sanromán na data 17/09/2021 12:34:20

Julio Torrado Quintela na data 17/09/2021 12:34:27

Marina Ortega Otero na data 17/09/2021 12:34:35



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García, Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A moción de censura do PP ao Goberno do PSdeG-PSOE en Malpica supón unha volta ao pasado, cun pacto da vergoña entre dúas persoas, Eduardo Parga e Alfredo Cañizo, que protagonizaron pelexas, leas nos tribunais e sentenzas no mandato anterior que remataron co segundo condenado por ameazar ao primeiro, semella que agora esquecen todo para converterse en amigos de conveniencia por intereses ocultos e opacos que non explican, pero que paralizan o traballo en curso do Goberno socialista e que traerán de novo a Malpica as liortas e as peores prácticas políticas que comezan por levar á alcaldía a quen non quixo a cidadanía que gobernase despois das eleccións de 2019 e que será xulgado por paralizar o traballo do goberno socialista no 2023.

O PP agora no Goberno local anuncia sen ningún tipo de rubor que retomará as relacións coa Xunta de Galicia, unhas relacións que nunca estiveron rotas, simplemente desatendidas por culpa dun Goberno autonómico que ante as solicitudes do alcalde Walter Pardo, fixo oídos xordos porque o Goberno da Xunta de Galicia entende que a cidadanía dos concellos non é libre para escoller e votar ao partido político e equipo de goberno que cre que mellor os vai representar e xestionar, respondendo ás necesidades da cidadanía segundo o color de quen governe os concellos, unha falla absoluta de respecto pola democracia e os galegos e galegas.

A Xunta de Galicia non fixo en dous anos nin unha soa proposta en positivo para a veciñanza de Malpica pese ás múltiples solicitudes do Goberno socialista que están reflectidas nos medios de comunicación e nas emendas presentadas polo Grupo Parlamentario Socialista aos orzamentos de 2021, como as xestións con Portos de Galicia para mellorar os servizos e a seguridade portuaria do municipio, as demandas á Xunta para mellorar a seguridade nos centros públicos ou os avances con Augas de Galicia na rede de saneamento.

As condicións de acceso á dársena do porto de Malpica son de moito perigo aínda despois da instalación de comportas que xeran unhas correntes que complican a circulación das embarcacións, con múltiples accidentes e danos na dársena, nas embarcacións e nos mariñeiros. A pesar dos continuos anuncios da



Xunta de Galicia sobre as melloras na dársena seguimos a esperar polas ditas actuacións. Nesa mesma liña dende o concello pediron dende hai tempo a ampliación do dique de abrigo do Porto e unha actuación esencial para a seguridade do porto como é o apuntalamento do tramo da dársena para o acceso de camións que asegure un tráfico pesado que pode traer algunha desgraza polo seu estado actual.

Por outra banda, hai tempo que o concello pide insistentemente a reparación da grúa do Porto de Barizo e o arranxo da rampa de acceso ao dito porto, para dar seguridade ás embarcacións presentes neste porto.

Todas estas actuacións foron solicitadas polo Goberno socialista no concello de Malpica e polo Grupo Parlamentario nas emendas presentadas ao orzamento de 2021 da Xunta de Galicia, sendo rexeitadas polo Partido Popular.

Por iso, os deputados e a deputada que asinan, preguntan:

Vai o Goberno galego desenvolver as obras necesarias de seguridade na dársena do Porto de Malpica e no Porto de Barizo tal e como presentou o PSdeG-PSOE nas emendas aos orzamentos de 2021 da Xunta de Galicia?

Pazo do Parlamento, 17 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 17/09/2021 12:20:46

Patricia Otero Rodríguez na data 17/09/2021 12:21:01

Julio Torrado Quintela na data 17/09/2021 12:21:13



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta en Pleno.

No Diario Oficial de Galicia do venres 17 de setembro de 2021 a Axencia Turismo de Galicia publicou a Resolución do 13 de setembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións a concellos de ata 10.000 habitantes para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas e anúnciase a súa convocatoria para o ano 2021, co obxecto do fomento da recuperación, da accesibilidade e da sinalización dos recursos turísticos en concellos de ata 10.000 habitantes cara á consolidación da oferta turística nas zonas rurais a través da posta en valor da súa riqueza histórica, cultural, patrimonial e paisaxística. Para esta subvención destínase un crédito orzamentario de 3,5 millóns de euros, e pódese conceder ata o 100 % da actuación, cun límite de 30.000 euros.

O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva cun prazo de presentación de solicitudes dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia, é dicir dende ás 00.01h do sábado 18 de setembro.

No artigo 6 das bases da convocatoria débúllase a documentación complementaria que deben presentar os concellos solicitantes e no artigo 19 establécese que a xustificación da dita subvención terá de prazo ata o 15 de novembro de 2021, é dicir, 58 días dende a apertura de solicitude da subvención.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Cales son os motivos polos que este ano se empregue o procedemento de concesión en réxime de concorrencia competitiva?

Pazo do Parlamento, 17 de setembro de 2021





Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 17/09/2021 11:14:38

Paloma Castro Rey na data 17/09/2021 11:14:54

Pablo Arangüena Fernández na data 17/09/2021 11:15:05



Á Mesa do Parlamento

Diego Calvo Pouso, Teresa Egerique Mosquera, Corina Porro Martínez, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, María Sol Díaz Mouteira, Rubén Lorenzo Gómez e Marta Nóvoa Iglesias deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

O Goberno galego impulsou a realización dun estudo de alternativas para garantir o futuro abastecemento de auga a Vigo e solucionar os problemas estruturais do sistema que quedaron especialmente evidenciados durante o período de seca do ano 2017.

Os medios de comunicación publicaron recentemente as conclusións de estudo que foi financiado a terzos polo Concello de Vigo, a Xunta de Galicia e o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta:

Que valoración fai o Goberno galego das conclusións do estudo de alternativas para solucionar os problemas de abastecemento de auga que ten o concello de Vigo?

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Diego Calvo Pouso na data 17/09/2021 12:58:46

Teresa Egerique Mosquera na data 17/09/2021 12:59:01

María Corina Porro Martínez na data 17/09/2021 12:59:15

Ramón Carballo Páez na data 17/09/2021 12:59:30

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



José Manuel Balseiro Orol na data 17/09/2021 12:59:46

María Sol Díaz Mouteira na data 17/09/2021 13:03:06

Rubén Lorenzo Gómez na data 17/09/2021 13:03:37

Marta Nóvoa Iglesias na data 17/09/2021 13:03:45

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Carme González Iglesias e Alexandra Fernández Gómez, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación do CEE Saladino Cortizo tralo anuncio da Consellaría de recortar a praza de traballadora social.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comunidade educativa do CEE Saladino Cortizo de Vigo afronta o presente curso cunha gran preocupación despois de que a dirección do centro comunicase que a praza de traballadora social deste centro ía ser amortizada despois da xubilación.

Mais se este novo recorte coloca toda comunidade educativa deste CEE nunha situación difícil, a resposta e o proceder da Xunta de Galiza é se cadra máis grave aínda; xa que esta comunicación produciuse de xeito telefónico e chegando a afirmar na mesma que o traballo desta profesional era puramente administrativo e que polo tanto debía facerse polo servizos sociais do concello.

Esta actitude irresponsábel por parte da Consellaría de Educación contrasta co posicionamento do centro e das familias que insisten na necesidade de contar con esta traballadora social para acadar unha formación de calidade e integral, que sexa quen de abarcar servizos básicos, de saúde, educativos, de ocio ou de formación complementaria.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mais alén destas cuestión, o alumnado escolarizado neste centro procede de dezaseis concellos, moitos dos cales nin sequera contan con traballadores sociais. E por se isto non fose dabondo o propio perfil do alumnado e das familias (cun 35 % de usuarios de servizos sociais) amosan a evidente necesidade de contar con esta figura e de que esta praza non sexa amortizada.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai a Xunta de Galiza cubrir a praza de traballadora social do CEE Saladino Cortizo que a propia administración comunicou que ía amortizar?

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2021

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Carme González Iglesias

Alexandra Fernández Gómez

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme González Iglesias na data 17/09/2021 13:24:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez na data 17/09/2021 13:24:04

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 17/09/2021 13:24:11



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O Servizo Galego de Saúde (Sergas) foi condenado en sentenza firme a pagar a vaxinoplastia que unha muller tivo que afrontar acudindo á sanidade privada ante a imposibilidade de recibir unha resposta da Xunta de Galicia o que supón o incumprimento da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.

Unha muller que pese a ter acudido ao Sergas foi derivada á privada no 2016 despois de que unha doutora do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña (CHUAC) así o recomendase ante a “ausencia dun centro de referencia público en Galicia ou outra parte do país”.

A muller que non tivo resposta da Administración pese a solicitala formalmente, reclamou posteriormente a finais de 2018 á Xunta de Galicia os máis de 22.000 euros que lle custou a mamoplastia e a vaxinoplastia recibindo a esta solicitude unha negativa como resposta. A muller tivo que chegar ata o Tribunal Superior de Xustiza para que a xustiza obrigase ao Sergas a facerse cargo dos máis de 22.000 euros que a muller tivo que investir.

Na sentenza, censúrase o silencio do Sergas, que neste tipo de situacións non pode ser unha resposta.

A muller recolle a decisión do Tribunal, "acudiu, obrando de boa fe, á única vía á que podía acudir para obter unha prestación á que ten dereito, e que non debería de serlle denegada polo argumento de que non esperou a terminar a xestión".

Unha situación da que temos coñecemento pola denuncia da muller ante a xustiza, pero que non é un caso illado nos últimos tempos. De feito, dende a Asociación Arelas veñen reclamando e denunciando as dificultades para acceder a datos e información por parte do Sergas para avaliar o cumprimento da lei.



Ante estes feitos, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai o Goberno da Xunta de Galicia desta sentenza?

Pazo do Parlamento, 17 de setembro do 2021

Asdo.: Noelia Otero Lago
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 17/09/2021 13:28:06

Julio Torrado Quintela na data 17/09/2021 13:28:20

Marina Ortega Otero na data 17/09/2021 13:28:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á valoración por parte da Xunta de Galiza da petición de “concreción” respecto dos fondos europeos que expresou a Vicepresidenta Calviño na súa visita a Galiza no mes de setembro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O xoves 16 de setembro de 2021 Feijóo recibiu en Santiago á vicepresidenta económica do Goberno do Estado, Nadia Calviño. Segundo consta nas informacións xornalísticas, a Vicepresidenta tería pedido concreción respecto de cales son os “dous ou tres proxectos” que considera “máis importantes” argumentando que o goberno recibía “centos” de propostas.

É realmente preocupante que a estas alturas, despois de máis dun ano de demandas á Xunta de Galiza desde diferentes ámbitos e sectores respecto da necesidade dun debate de país sobre as prioridades diante dos fondos europeos, cheguen estas afirmacións. Parecen desvelar dunha banda a falta de compromiso e concreción con Galiza por parte do goberno central. Doutra banda, a falta de capacidade de negociación, anticipación e concreción do goberno galego.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A día de hoxe o Parlamento galego descoñece a concreción da documentación e propostas que foron remitidos ao goberno central e se existe ou non esa concreción de proxectos ou algún avance na materia. Tampouco se coñece se hai algunha proposta estratéxica susceptible de formar parte dos denominados PERTE (Proxecto Estratéxico para a Recuperación e Transformación Económica), toda vez que a óptica centralista da denominada “cogobernanza” do goberno do Estado limita a relación e participación coas comunidades e a súa capacidade de impulso propio.

Por estes motivos fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Concretou ou vai concretar o goberno galego propostas para os fondos europeos despois da apelación do goberno central a seleccionar “dous ou tres”?

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2021

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 20/09/2021 12:20:01

Ramón Fernández Alfonzo na data 20/09/2021 12:20:04

Noa Presas Bergantiños na data 20/09/2021 12:20:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á previsión de incremento do prezo do gas no mes de outubro, en contexto de crise polo prezo da enerxía eléctrica e de aumento constante do IPC.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mes de setembro de 2021, ademais de continuaren as constantes subas de prezo da enerxía eléctrica, con diferentes récords históricos rozando os 200€ megavatio hora, coñecemos a actualización de datos do IPC respecto de agosto. Na liña dos últimos meses, constatábase unha liña crecente.

Desta maneira, segundo os datos do Instituto Galego de Estatística, o índice xeral de Galicia correspondente ao mes de agosto de 2021 rexistrou unha subida do 0,6% con respecto ao mes anterior, unha décima superior á rexistrada no conxunto do Estado. Con respecto a agosto de 2020 os prezos rexistraron un aumento do 3,9%,

Por outra banda, coñecemos que a previsión respecto do gas é que as tarifas reguladas TUR 1 e TUR 2 subirán a partir do 1 de outubro arredor dun de un 5 % e un 8% para TUR 3%. Esta suba é menor á que correspondería pola suba internacional do gas (21, 30 e 41%) respectivamente. O freo na suba corresponde ás medidas arbitradas polo goberno central no mes de setembro e que limita nos próximos seis meses o impacto do custo da materia prima no cálculo a tres bandas da tarifa de último recurso.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Porén, a redución da curva de suba non impide dificultades evidentes para moitos fogares nun contexto no que o IPC e singularmente a enerxía eléctrica tamén continúan a subir e se achegan os meses máis duros do inverno. Máis aínda, hai que ter en conta que a nivel do Estado español hai arredor de 8 consumidores de gas dos que menos do 20%, 1,58 millóns, están adheridos a estas tarifas, sendo maioritarios os contratos no mercado libre.

Esta medida actuará de parche no inmediato, pero hai que ter en conta que o incremento do custe da materia prima quedará pendente de repercutir na factura, facéndose nas seguintes revisións da tarifa.

Polo tanto este é un ámbito que polo seu impacto na economía dos fogares e das empresas o goberno galego debe vixiar.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Como valora o goberno galego o impacto da suba (inmediata e a seis meses vista) do prezo do gas nos fogares e na economía galega?

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2021

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 20/09/2021 12:43:47

Daniel Pérez López na data 20/09/2021 12:44:18

Ramón Fernández Alfonzo na data 20/09/2021 12:44:29





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños e Olalla Rodil Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o proxectos e contratos realizados para a construción dunha residencia de maiores na cidade de Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2016 o Sr. Núñez Feijóo anunciou, tras constatar as importantes carencias que padecía Galiza, así como as súas crecentes necesidades, a construción en cada unha das 7 grandes cidades de Galiza dunha residencia para maiores con distintos grados de dependencia. Prevendo entrada en funcionamento de tan importantes infraestruturas no período 2016-2020.

En xullo de 2016 a mercantil Oficina de Planeamiento, S.A. elabora a instancia da Xunta de Galiza un informe sobre a distribución espacial para residencias de maiores, indicando posíbeis emprazamentos para as mesmas. Recomendando, no caso de Ourense, a ubicación do centro nunha parcela de máis de 7.800 m2 sita no Camiño Real de Cudeiro núm.8 en Ourense.

A pesares do compromiso anunciado e do momento sinalado para a súa entrada en funcionamento, tras dous anos de absoluta paralización, en xullo de 2018 a Xunta asina un convenio coa Afundación e con Abanca para, entroutros extremos, promover un concurso de proxectos/ideas para a construción dos centros residenciais anunciados para o período 2017-2020 dentro do que denominaron Plan “Como na Casa”. No meritado convenio Abanca e Afundación comprometíanse, respectivamente, a satisfacer





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

o importe dos premios en metálico, ate 20.000 €, así como no segundo caso dos honorarios e custes da redacción do anteproxecto gañador, neste caso, ate o límite de 200.000€, impostos incluídos.

Sen embargo non é ate principios de 2019 cando se convoca o concurso obxecto do devandito convenio dirixido a profesionais da arquitectura e destinado á construción das macrorresidencias, xa anunciadas no 2016, nos emprazamentos que xa estaban concretados e determinados no estudo de 2016, e que como ficou exposto no caso do centro de Ourense se situaba nunha parcela do barrio do 21.

Vencido amplamente o prazo de presentación de proxectos, o Concello de Ourense e a Xunta de Galiza o día 12 de abril de 2019 -apenas un mes antes da celebración das eleccións locais- asinan o convenio para a cesión da parcela na que, dende 2016, estaba prevista a construción dunha residencia pública de maiores. Anunciando un investimento concreto que segundo a titular da Consellaría de de Política Social nese momento preelectoral xa estaba especificamente contemplada no orzamento de 2019 para as primeiras fases de construción.

No mes de xuño de 2019 se fai pública a resolución do concurso de proxectos/ideas para a construción das residencias de maiores nas 7 maiores cidades de Galiza, resultando escollida a proposta presentada por Elsa Urquijo Arquitectos, S.L.P. O 13 de setembro de 2019 asinase un Convenio de Colaboración entre a Xunta de Galiza e a Fundación Amancio Ortega para construción das residencias de maiores que o sr. Núñez Feijóo prometera para a lexislatura 2016-2020.

No Convenio a Fundación Amancio Ortega comprometéase a realizar a construción e dotación do equipamento inicial das residencias, cun investimento de 90 M€, asumindo a Xunta de Galiza a poñer a disposición da Fundación os terreos nos que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

se ubicarían as residencias -sen importar a localización dos mesmos-, así como os anteprojectos relativos aos mesmos.

Xa no mes de xaneiro de 2020, cando xa estaba próximo a rematar o prazo comprometido polo Presidente da Xunta para a construción das residencias e sen que conste causa que o xustifique a Xunta modifica o lugar da infraestrutura pretendendo sexa erexida na parcela da estación de autobuses, cuestionando todos os traballos e estudos previos, así como a eventual existencia dun eventual dereito de reversión sobre os terreos especificamente cedidos para a instalación dunha estación de autobuses.

Xa que logo, e ao marxe da discrepancia sobe o modelo residencial escollido pola Xunta de Galiza e que a experiencia recente demostrou errado, a realidade amosa que vencida o prazo anunciado e comprometido polo Sr. Núñez Feijóo, Ourense segue sen contar coa residencia de maiores prometida, cuxa construción nin sequera foi, cinco anos despois, iniciada.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Por que razóns a Xunta de Galiza non renunciou á construción dunha residencia de maiores na parcela do barrio do 21, cedida polo Concello de Ourense en abril de 2019, ate inicios de 2020?

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 20/09/2021 13:18:32

Xosé Luis Bará Torres na data 20/09/2021 13:18:43

Noa Presas Bergantiños na data 20/09/2021 13:18:53

Olalla Rodil Fernández na data 20/09/2021 13:19:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Carmen Aira Díaz e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno,** sobre a situación do Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra e as actuacións da Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 13 de abril de 2020 sete dos trece vogais con dereito ao voto dentro do CRDO Ribeira Sacra presentaron por primeira vez unha solicitude para que se convocase un pleno extraordinario que permitise debater unha moción de censura presentada para remover do cargo ao actual presidente, d. José Manuel Rodríguez.

Teñen pasado cinco meses e esa moción de censura segue sen ser debatida no plenario da Denominación de Orixe no que sen dúbida é unha situación anómala.

Os promotores da moción censura, ante a falta de resposta á súa solicitude de pleno extraordinario, realizaron un requerimento notarial o 25 de maio que de novo foi ignorado polo presidente da DO. Tan anómala é a situación que os promotores da moción de censura teñen declarado que o Consello Regulador está a vivir “unha situación de secuestro democrático” sen que até o de agora a Xunta teña actuado firmemente ante a situación a pesares de que os feitos foron postos en coñecemento da Consellaría do Medio Rural.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así, as únicas accións coñecidas por parte do goberno galego para desbloquear a situación consistiron en dirixirse ao presidente do CRDO Ribeira Sacra que o 18 de xuño recibiu a petición por parte da Axencia Galega de Calidade Alimentar para que convocase o pleno solicitado “á maior brevidade posíbel”.

E celebrouse un pleno extraordinario. Un pleno no que, a pesares das obxeccións dos vogais asinantes da moción de censura e do propio representante da Administración, non se debateu a moción.

Todo semella indicar que estes feitos foron tamén comunicados á Consellaría sen que até o de agora se teña exercido ningunha medida encamiñada a facer cumprir as disposicións legais e regulamentarias que rexen a D.O. Ribeira Sacra.

Por todo o exposto fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións se están a levar a cabo desde a Xunta de Galiza para devolver a normalidade ao CRDO Ribeira Sacra e garantir o seu correcto funcionamento?

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2021

Asdo.: **María González Albert**

Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 20/09/2021 13:57:17

Xosé Luis Rivas Cruz na data 20/09/2021 13:57:27

María González Albert na data 20/09/2021 13:57:36



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Noa Díaz Varela, Martín Seco García, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O despoboamento do rural galego é un feito, derivado do desmantelamento dos servizos públicos e privados.

A poboación do rural cada vez conta con menos servizos sanitarios, educativos e de servizos sociais para infancia e para as nosas persoas maiores, vemos como se desmantelan servizos bancarios, ou transportes públicos etc. Ademais non esquezamos un feito fundamental, o problema ven porque os pobos masculinizáanse, envellecen e ao final desaparecen.

A masculinización dos pobos prodúcese porque as mulleres encontran moitas dificultades á hora de por en marcha o seu proxecto de vida no rural.

A presidenta da Federación de Asociacións de Mulleres Rurais de Galicia (Fademur) afirmaba que case a metade das persoas traballadoras do campo en Galicia en 2011 eran mulleres: 43 % fronte ao 57 % de homes. Agora son só un pouco máis dun terzo (35 %).

Sinalaban que dende o inicio da anterior crise en 2008 produciuse un paulatino descenso do número de mulleres que traballan na agricultura galega.

No ano 2020 dos 4.000 novos empregos que se crearon no sector primario, os 4.000 foron homes. É máis, os homes varóns sumaron 4.300, mentres que as mulleres baixaron en 300. E no primeiro semestre deste ano a situación non vai mellor.

Unha das causas que explican esta situación, é que as mulleres no campo, e na pandemia isto se agravou, téñense que ocupar de todos os aspectos relacionados cos coidados de familiares, tanto dos seus fillos e fillas coma das súas persoas maiores, ou de ambos.



As afectadas explican que teñen que optar entre renunciar as súas perspectivas persoais e laborais para ocuparse da súa familia ou optar por trasladarse a un lugar onde a situación sexa distinta, con servicios públicos que cubran as necesidades de conciliación.

A Asociación Fademur explica que a brecha de xénero no sector primario está crescendo. Con anterioridade a poboación rural estaba equilibrada na agricultura e nos últimos anos hai unha diferenza que se está agravando cada ano. E explican que a brecha de xénero entre homes e mulleres está crescendo. Anteriormente Galicia tiña unha poboación moi equilibrada ente mulleres e homes na agricultura, algo chamativo a nivel nacional e nos últimos anos hai unha diferenza que se está a agravar.

O Goberno galego ten a obriga de facilitar que a agricultura e a gandaría sexan oportunidades para as mulleres.

O emprego na agricultura galega foi un dos poucos que se salvou o ano 2020, en tempos de pandemia. O ano 2020 rompía con tres exercicios de caídas no número de persoas ocupadas e ganaba 4.000 máis, 11 cada día. Pola contra os últimos datos, da Enquisa de Poboación Activa, correspondentes ao segundo trimestre deste ano, volvendo a senda negativa dos últimos exercicios.

Ata o mes de xuño, había 66.200 homes e mulleres traballando na agricultura galega. Eran 4.500 menos que en decembro. Só nos tres primeiros meses deste ano, o sector destruíu máis empregos que todos os que creara ao longo do ano 2020. As 66.200 persoas que traballan no campo en xuño eran un 15 % menos que fai só tres anos e a cifra supón caer a niveles do ano 2015.

As grandes damnificadas desta baixada son as mulleres. Dende o ano 2017, hai un 21 % menos de persoas traballadoras na agricultura galega, sendo o peor dato a nivel nacional só superado por Aragón, mentres que o descenso no apartado masculino foi a metade, un 11 %.



Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego de que Galicia sexa a Comunidade Autónoma que máis emprego destruíu na agricultura, o primeiro semestre do ano 2021?

Pazo do Parlamento, 20 de setembro do 2021

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Noa Díaz Varela
Martín Seco García
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 20/09/2021 16:50:45

Noa Susana Díaz Varela na data 20/09/2021 16:50:54

Martín Seco García na data 20/09/2021 16:51:05

Julio Torrado Quintela na data 20/09/2021 16:51:15

Marina Ortega Otero na data 20/09/2021 16:51:22



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

No ano 2007 a Consellería de Sanidade e o Colexio Oficial de Ópticos e Optometristas asinaron un convenio de colaboración que permitía un avance para as dúas entidades e, en definitiva, para os usuarios/as do Servizo Galego de Saúde. A partir de entón, os establecementos de óptica comezaron a realizar unha avaliación das persoas que, remitidas polos facultativos especialistas en medicina familiar e comunitaria, precisaban dunha análise por parte de ópticos e optometristas, para logo recibir no Sergas esta avaliación e poder traballar en base a ela. Esta avaliación non tiña custe para as persoas usuarias xa que era feita de maneira gratuíta polos ópticos. Esta situación foi aceptada polo Colexio e os seus asociados por comprender que, de inicio, favorecía a difusión da necesaria introdución do seu labor no contexto do sistema sanitario, así como establecía unha canle de vinculación do usuario co establecemento, pois é constatado que a maioría dos que precisan dos servizos dunha óptica acoden a aquela na que previamente fixeron a avaliación. O volume de avaliacións realizado, calculado en torno a 60.000 ao ano nos últimos de execución do convenio.

Sen embargo, esta situación sempre foi comprendida como circunstancial e de transición, e así foi acordado pola Consellería do momento e o propio Colexio Oficial. O cambio de goberno en 2009 mudou a concepción do convenio, pasando a entender que era unha situación estabilizada e sen propor en ningún momento ningunha mellora, facilitación de progresos ou introducir variables de compensación económica co paso do tema. Tampouco contribuíu a que dende o Sergas se valorizase a figura dos ópticos e optometristas, pois foron habitualmente subordinados a profesionais do propio Sergas, cando a realidade é que o seu traballo é complementario a outros especialistas que si están dentro do cadro de persoal do servizo. O horizonte desta situación, que é a inclusión progresiva e sistemática da figura do óptico e optometrista no servizo galego de saúde tampouco foi tida en conta, e dende a propia Consellería rexeitouse de plano calquera vía proposta para comezar a estudar esta solución, ao contrario que outras comunidades autónomas de España están facendo coa incorporación desta categoría laboral nos seus servizos autonómicos de saúde.



No ano 2020 o Colexio de Ópticos e Optometristas decidiu renunciar ao convenio, por decisión da súa asemblea, o que puxo no aire a capacidade e calidade asistencial neste área dos usuarios do Sergas. Aínda que a pandemia freou o impacto desta decisión, a realidade é que esta situación vese agora plasmada. O Sergas formulou individualmente a cada establecemento a posibilidade de sumarse ao convenio, sen alterar ningunha condición nin considerar algunha mellora para tratar de atender as demandas do colectivo, de maior consideración pola súa profesión e de comprometer algúns avances para poder manter o servizo. Lonxe diso, a negativa do Sergas provocou que onde antes existían máis de 600 establecementos adheridos, agora non chegan a dous centenares. Isto provoca que se rompa a equidade asistencial, xa que existen poboacións que non dispoñen desta posibilidade, e tamén provoca que o propio sistema público estea provocando desequilibrio competitivo entre empresas, ao recomendar aos seus pacientes unhas e non outras.

A situación actual merece ser mudada, aspirando a recoñecer debidamente a figura do óptico e optometrista e consolidando novos acordos que permitan o seu traballo en mellores condicións.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera o goberno da Xunta de Galicia que a calidade asistencial actual para as persoas usuarias do Sergas está igualmente garantida agora que antes do cese do convenio co Colexio Oficial de Ópticos e Optometristas de Galicia?

Pazo do Parlamento, 20 de setembro do 2021

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 20/09/2021 17:13:01

Marina Ortega Otero na data 20/09/2021 17:13:10



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Patricia Otero Rodríguez e Luís Álvarez Martínez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A mediados do ano 2014 abríase a variante de Noia, de 4.929 metros de lonxitude e un investimento próximo aos 45 millóns de euros. Esta vía inclúe unha ponte con tirantes sobre a ría de 1.700 metros que une as zonas da Barquiña e Testal.

A ponte púxose en circulación cunha iluminación básica na que se investiron 92.671 euros. Catro anos máis tarde estreábase unha nova iluminación que, cun custe final de 326.943 euros, pretendía complementar a primeira cun proxecto ornamental pensado como atractivo para as persoas visitantes e tamén para mellorar a visibilidade da contorna da ponte durante a noite.

Segundo explicaba a propia Xunta de Galicia, o obxectivo desta segunda acción foi potenciar os elementos característicos da estrutura -os tirantes verticais-, permitir a creación de escenas mediante o axuste da intensidade de luz e cor e realizar prendidos e apagados regulados, automatizar a iluminación, axustar os luxes, temporizados e escenarios de iluminación.

A actuación incluía ademais o balizamento da zona peonil, con focos led e un ángulo de apertura asimétrica que evita o cegamento dos vehículos.

Mais o que pretendía ser unha actuación para completar a mellora do alumeado desta ponte resultou todo o contrario. Nestes momentos a ponte si conta coa iluminación decorativa pero a básica, a da senda peonil, está deshabilitada dende hai meses de maneira que quen precise atravesar a ponte a pé pola noite deberá facelo a escuras na maior parte do traxecto. A maiores, a veciñanza denuncia que logo de seis anos da súa inauguración, a varanda exterior está xa en mal estado e os elementos que protexen ao peón dos pasos dos vehículos non son suficientes.

Por todo isto, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Como valora a Xunta de Galicia que a iluminación do paso peonil da ponte da variante de Noia leve deshabilitada dende hai meses?

Pazo do Parlamento, 20 de setembro de 2021





Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 20/09/2021 17:15:24

Patricia Otero Rodríguez na data 20/09/2021 17:15:41

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 20/09/2021 17:15:57



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Luís Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O 17 de agosto de 2021 entrou en vigor o Real decreto 640/2021, do 27 de xullo, de creación, recoñecemento e autorización de universidades e centros universitarios, e acreditación institucional de centros universitarios.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, preguntan:

Considera a Xunta de Galicia que a Universidad Intercontinental de la Empresa se atopa en condicións de cumprir e adaptarse aos novos requisitos establecidos polo Real decreto 640/2021?

Pazo do Parlamento, 20 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 20/09/2021 17:17:03

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 20/09/2021 17:17:18



A Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Marisol Díaz Mouteira, José Manuel Balseiro Orol, Ramón Carballo Páez, Diego Calvo Pouso, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo e Marta Nóvoa Iglesias, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

O 15 de setembro de 2021 o Consello Internacional de Coordinación do Programa *Man and the Biosphere* (MaB) da Unesco, reunido na cidade nixeriana de Abuja, anunciou publicamente os novos territorios recoñecidos como reserva da biosfera, entre eles, obtivo a mellor puntuación (matrícula de honra) a candidatura da Ribeira Sacra e Serras do Oribio e Courel.

Esta decisión, de relevancia internacional, enxalza o valor singular deste territorio que agrupa aos 23 municipios incluídos na mesma —18 da provincia de Lugo e 5 da de Ourense cunha poboación total de máis de 75.000 habitantes— e, ao converterse na sétima reserva da biosfera de Galicia, tamén afianza a excelencia da riqueza do noso patrimonio natural en todo o mundo.

A nova reserva da biosfera da Ribeira Sacra e Serras do Oribio e Courel é a segunda máis grande da Comunidade, xa que abarca unha superficie total de 306.534,77 hectáreas que se estende polos canóns do Sil e polo río Miño e destaca pola súa gran beleza natural e pola riqueza cultural e etnográfica que atesoura.

Cómpre lembrar que a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, tivo un papel esencial na defensa desta candidatura e, como estratexia de apoio á mesma, liderou un plan de acción que tiña como eixos fundamentais a conservación da biodiversidade, a restauración e mellora dos ecosistemas, o fomento do uso sostible dos recursos naturais, a mitigación do cambio climático e a promoción dunha sociedade sostible e plenamente integrada coa súa contorna.

Con todo, a tratarse dun proxecto de país, a candidatura contou coa implicación de todas as administracións, institucións públicas e privadas e colectivos e axentes sociais que contribuíron nestes anos ao seu éxito. Todos foron que de sumar forzas en aras do interese común.

Ademais, esta declaración anima a seguir levando o nome da Ribeira Sacra por todo o mundo para que sexa redescuberta, especialmente no marco do Ano Santo bienal ou para que a propia Unesco declare a Ribeira Sacra Patrimonio da Humanidade.



Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que impacto positivo trae aparelado á declaración como reserva da biosfera da Ribeira Sacra e Serras do Oribio e Courel?

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia

@GrupoPopularGal



Raquel Arias Rodríguez na data 20/09/2021 17:26:01

María Sol Díaz Mouteira na data 20/09/2021 17:26:18

José Manuel Balseiro Orol na data 20/09/2021 17:26:34

Ramón Carballo Páez na data 20/09/2021 17:26:45

Diego Calvo Pouso na data 20/09/2021 17:27:02

Rubén Lorenzo Gómez na data 20/09/2021 17:27:17

Carmen María Pomar Tojo na data 20/09/2021 17:27:30

Marta Nóvoa Iglesias na data 20/09/2021 17:27:47

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García, Noa Díaz Varela e Leticia Gallego Sanromán, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O DOG do 25 de xuño de 2021 recolle a Resolución da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais pola que se dá publicidade á declaración de impacto ambiental formulada pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, relativa ao proxecto do parque eólico Outes, nos concellos de Negreira e Outes, promovido pola empresa Norvento, S. L.

O proxecto ten por obxecto a execución dun parque eólico de 21 MW de potencia total e está composto por 7 aerogeradores e toda a súa infraestrutura asociada. Esta infraestrutura distribuirase ao longo do Monte da Pena, onde o informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural reconece que existen elementos do patrimonio arqueolóxico e aínda que emite informe favorable ao recollido no Estudo de Impacto Ambiental (EsIA) propón unha serie de “cautelas”.

Neste monte consérvanse tres mámoas ao seu pé, unha no cume a menos de 50 metros do punto xeodésico e dúas na parte baixa dos Penedos. Outras dúas nos Chans da Millareira e no Alto do Pedrouzo, a menos de 500 metros, e outras dúas na súa área de dominio, a da Medoña en Tardeado e a do Garllardo. Ademais, moi preto existen xa catalogados, cando menos, oito castros entre os concellos de Outes e Negreira. Dende o punto de vista paisaxístico, a súa posición e elevación estratéxica permite ver as dúas marxes da ría de Muros e Noia, dende o Castro de Baroña a Monte Louro. E por entre os montes do Confurco (na parroquia de Tállara, en Lousame), a ría de Arousa e a imponente serra da Barbanza. Pode, á súa vez, ser avistado dende un radio de máis de 40 Km. ao seu arredor, dende todas as praias, cabos e pobos que mirar mar adentro dende ambas as marxes da ría de Muros e Noia, constituíndo un recurso turístico de importante valor.



Nas preguntas realizadas ao vicepresidente 2º no primeiro pleno de setembro sobre este parque eólico, o señor Conde informou que conta cos informes favorables, incluído o do Concello de Negreira.

O actual alcalde de Negreira, Manuel Angel Leis, carece de información sobre a tramitación deste parque eólico ao non existir a día de hoxe no rexistro municipal nin un só documento sobre a súa tramitación e descoñece os informes aos que se referiu o conselleiro no pleno de setembro de 2021.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista estamos preocupados pola falla de comunicación e información que dá a Xunta de Galicia cos concellos afectados pola instalación de parques eólicos e non sabemos se o grupo de Goberno que gobernaba Negreira naqueles tempos informou sobre este parque e desapareceu o expediente.

Por iso, o deputado e as deputadas que asinan, preguntan:

Informou e asesorou a Xunta de Galicia aos concellos de Outes e Negreira sobre a tramitación deste parque eólico?

Pazo do Parlamento, 20 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 20/09/2021 17:11:39

Noa Susana Díaz Varela na data 20/09/2021 17:11:53

María Leticia Gallego Sanromán na data 20/09/2021 17:12:25



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Neste ano e medio de pandemia de COVID-19 púxose de manifesto de maneira dramática a contradición entre a saúde e a vida e as presións para manter a actividade económica. Contradición que no eido da sinistralidade laboral, por desgraza, en moitas ocasións os representantes dos traballadores teñen que denunciar porque se produce tamén a diario. Así o demostran as cifras.

Porque o traballo debe ser decente, digno e de calidade, libre de riscos. Ninguén debería ter que elixir entre traballo e saúde.

A sinistralidade laboral, a pesar da baixada da actividade laboral, por mor da crise que se está a vivir motivada pola pandemia, segue presionando ó mercado laboral galego. Os 24.511 accidentes en Galicia no 2020 e 11.211 nos seis primeiros meses de 2021, que supoñen o 4,2 % do total dos sinistros rexistrados en todo o Estado, ben sexa porque son vítimas dos accidentes no traballo e no peor dos casos, porque faleceron no seu posto de traballo (59 falecidos nesta Comunidade no 2020 e xa 18 mortos nos seis primeiros meses de 2021).

Son as condicións de traballo que están na orixe desta eiva, sobre todo nun mercado laboral como o galego marcado pola precariedade segundo indica o sindicato UGT.

Logo da gran recesión de 2008 e a imposición de políticas de austeridade como única vía posible de saída da crise, vimos como os recortes decimaban servizos públicos que agora se revelan imprescindibles, como a sanidade pública.

Paralelamente, produciuse unha redución de investimentos en prevención de riscos laborais nas empresas e de financiamento de políticas públicas activas en materia preventiva.

Na última década asistimos a un rebrote dos accidentes de traballo, á ocultación e subregistro das enfermidades profesionais e afixémonos a que o lema “a precariedade laboral mata” se fixera recorrente nas campañas sindicais de denuncia.



Segundo os datos que adiantaba o Ministerio de Traballo, nos seis primeiros meses de 2021 en Galicia xa se rexistraron 11.211 accidentes laborais con baixa (10.319 en xornada e 892 “in itinere”). Destes, 10.991 tiveron un carácter leve (10.118 en xornada e 873 “in itinere”), 202 graves (185 en xornada e 17 “in itinere”) e 18 persoas faleceron (16 en xornada e 2 “in itinere”).

Por provincias, en relación a hai un ano, nos mesmo período, de xaneiro a xuño, a sinistralidade aumenta en todas, excepto en Pontevedra. Na Coruña, pasa de 4.990 accidentes entre xaneiro e xuño de 2020 a 5.573 no 2021 (11,68 % máis); Lugo, de 1.221 a 1.357 (11,13 % máis); Ourense, de 1.253 a 1.336 (6,6 % máis); e Pontevedra de 4.029 a 2.945 (o que significa unha baixada do 26 %).

Analizando os datos polo miúdo e achegando a análise ós subsectores, que ofrece o Ministerio nas súas estatísticas dos seis primeiros meses de 2021 (aquí o Ministerio non inclúe os accidentes “in itinere”), a realidade é que servizos se leva a peor parte, o 48,38 % da sinistralidade. E, concretamente, á cabeza está o comercio (con 1.389 sinistros), seguido de actividades administrativas e auxiliares (904), transporte (799), sanidade e servizos sociais (604), hostalería (411), administracións públicas e defensa (401), educación (112), outros servizos (100), actividades científicas e técnicas (97), actividades artísticas, recreativas e entretemento (91), información e comunicación (39), servizos no fogar (33), actividades inmobiliarias (7) e actividades financeiras e seguros (6).

Detrás disto, deste sector, está a alta temporalidade que rexistra na contratación, o que provoca que moitas persoas traballadoras non reciban a formación necesaria en materia preventiva e que moitas empresas tampouco vixíen a saúde da súa forza de traballo.

No caso da industria o número total de sinistros rexistrados foron 2.636; 1.643 na construción; 890 na agricultura, pesca, silvicultura e gandería; e 157 noutras empresas de subministros como enerxéticos ou auga e saneamentos.

Resulta evidente que aqueles traballadores e traballadoras que estiveron ó fronte nesta pandemia, que non cesaron a súa actividade, son os máis prexudicados pola sinistralidade laboral, xa o foron no ano 2020 e seguen a selo nos seis primeiros meses deste ano.

Precisamente, en relación á pandemia, o Ministerio informa que nos seis primeiros meses deste ano rexistráronse en Galicia 45 accidentes de traballo con baixa por COVID-19.



En canto ós índices de incidencia, é dicir, a relación que mide os accidentes mortais co número de afiliados á Seguridade Social, en Galicia, entre xaneiro e xuño de 2021 este foi de 0,271 puntos, por enriba da media estatal, do 0,251.

Destaca o caso de Pontevedra onde chega ós 0,385 puntos e Ourense, con 0,336.

É preciso resaltar que a alta temporalidade na contratación fai que moitas persoas traballadoras non reciban formación en materia preventiva, nin se produza a necesaria vixilancia da saúde por parte das empresas, ambas, cuestións obrigatorias segundo a Lei de prevención de riscos laborais.

Por outra banda, o incremento dos riscos psicosociais, polas pésimas condicións laborais, provocan que unha das máis importantes causas de morte, durante a xornada de traballo, continúen sendo os infartos e derrames cerebrais, segundo datos do Ministerio de Traballo a nivel do Estado porque non desagrega os datos por comunidades autónomas.

Aínda que o informe do ISSGA, referido ó 2020, o último que publicou a Xunta de Galicia, tamén refería que os infartos eran os accidentes máis numerosos con consecuencia de morte.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego do índice de siniestralidade laboral no primeiro semestre de 2021, no que se produciron 18 falecidos e 202 traballadores vítimas dun sinistro grave?

Pazo do Parlamento, 20 de setembro do 2021

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 20/09/2021 17:48:59

Julio Torrado Quintela na data 20/09/2021 17:49:08

Marina Ortega Otero na data 20/09/2021 17:49:14



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Neste verán asistimos ao baleirado excesivo dalgúns encoros do territorio galego, unha situación que podería poñer en risco a vida nos ditos encoros e un nivel de auga necesario no caso de ter que acudir a eles para cargar auga en caso de lumes forestais, este baleirado excesivo afectou concretamente a 4 dos 52 grandes encoros que existen na demarcación Miño-Sil, os encoros de Portas, Cenza, Belesar e Salas, dous destes encoros o de Portas e Cenza por debaixo do 20 % e os de Belesar e Salas entre o 25 e o 35 %, curiosamente o nivel medio destes 52 encoros excluídos Belesar e Portas é do 64 %, un nivel aceptable e que deixa en evidencia que se levou a cabo un turbinaxe excesivo dos encoros por parte das empresas responsables da súa xestión.

A Confederación Hidrográfica Miño-Sil carecía de mecanismos para garantir un nivel de auga que non estivese nas normas de concesión e explotación dos encoros que son moi antigas e non foron incumpridas, por iso dende o Ministerio de Transición Ecolóxica propuxeron esta semana unha modificación na Lei de augas para considerar a auga dos encoros como un ben de primeiro orde social e ambiental, facendo que as confederacións hidrográficas fixen un réxime mínimo e máximo de caudais mensuais a baleirar.

A Xunta de Galicia tiña mecanismos para poder salvagardar a vida da fauna e da flora en todos os encoros existentes en Galicia, tanto os presentes na demarcación Miño-Sil como os da demarcación Galicia-Costa, nos cales podería utilizar as leis de pesca continental e o seu regulamento, a Lei de patrimonio natural e a Lei de protección ambiental para evitar un baleirado excesivo, pero non tomou medidas ata 70 días desde que lle foran notificados os baleirados e para iniciar uns expedientes de infracción, o que non sabemos cales son as medidas que estableceron nos ditos encoros para evitar danos ambientais, tal e como figura no artigo 83 do Regulamento da Lei de pesca, se existen as ditas medidas.

Ante esta situación e despois de que o Ministerio de Transición Ecolóxica establece modificacións na Lei de augas para poder actuar ante esta situación sobre a que non tiñan mecanismos legais e a absoluta inacción da Xunta de Galicia que si tiña mecanismos dentro da súa competencia ambiental, dende o



noso grupo somos descoñecedores das normas de explotación dos encoros da demarcación Galicia-Costa.

Por iso, os deputados e a deputada que asinan, preguntan:

Cales son as limitacións de niveis máximos e mínimos para cada época do ano establecidos nas derradeiras comisións de desaugamento dos encoros da demarcación Galicia-Costa?

Pazo do Parlamento, 20 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 20/09/2021 18:26:43

Pablo Arangüena Fernández na data 20/09/2021 18:26:55

Paloma Castro Rey na data 20/09/2021 18:27:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral e Iria Carreira Pazos, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comunidade educativa do CEIP Monte dos Postes e das Fontiñas volveu sufrir un novo recorte de profesorado despois de que a Xunta optase por compartir profesores en itinerancia.

Foi a propia ANPA quen se puxo en contacto co BNG para denunciar esta situación suscitada ao inicio do curso, que mesmo obrigou a volver configurar o horario docente e de titorías, ante a preocupación de que 900 nenos e nenas compartan profesorado semanalmente, co risco que supón para a prevención da pandemia da covid-19.

Na actualidade vense afectadas tres prazas: unha delas dun titor, outra de Audición e Linguaxe e unha terceira de Pedagogía Terapéutica que foron asignadas ao centro con carácter itinerante.

A pesar das necesidades do centro, que precisan a asignación de docentes a tempo completo e que se respecten as características destas prazas tal como aparecen nos catálogos destes centros de ensino, o goberno galego decidiu seguir adiante con estes recortes.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai a Xunta de Galiza adxudicar as prazas de titor, AL e PT, que foron asignadas ao CEIP Monte dos Postes e das Fontiñas con carácter itinerante, como prazas a tempo completo?

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2021

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 20/09/2021 18:40:35

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 20/09/2021 18:40:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno,** sobre a situación da sanidade pública no Concello da Lama.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O centro de saúde da Lama leva varios meses sufrindo os recortes no seu servizo de atención primaria. Unha situación que está a motivar nos últimos tempos protestas e mobilizacións da veciñanza.

Hai escasas semanas este centro de saúde ficou sen o único médico que tiña, o que supuxo deixar o concello sen servizo de atención primaria e, ao tempo, sen a posibilidade de atender as posíbeis urxencias, coa situación de perigo que esta situación implica para a veciñanza.

A sanidade pública da Lama, como acontece en tantos concellos do País, nomeadamente no rural, está a verse empeorada día tras día, nunha espiral de recortes e desmantelamento que no caso da Lama vai cada día a peor.

Un servizo de pediatría con itinerancias cada vez máis prolongadas, cunhas carencias na atención primaria con baixas que non se cobren e deixan o centro de saúde sen facultativos ou a obriga a que a veciñanza teña desprazarse case unha hora en coche particular para ter atención sanitaria, son as consecuencias dunha política de recortes que as veciñas e veciños da Lama padecen día tras día.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai a Xunta de Galiza ofrecer no concello da Lama unha atención sanitaria digna cubrindo as ausencias dos facultativos e dotando os servizos de pediatría e enfermería que precisa a veciñanza?

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2021

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 21/09/2021 09:19:37

María Montserrat Prado Cores na data 21/09/2021 09:19:40

Iria Carreira Pazos na data 21/09/2021 09:19:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral e Paulo Ríos Santomé, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación do Ferri entre A Guarda e Camiña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O servizo de ferri entre A Guarda e Camiña que leva anos acumulando importantes carencias; moitas das cales se viron agravadas nos últimos tempos.

Despois dunhas obras de reparación que impedían o seu uso, este servizo de estivo varias días sen servizo moito tempo despois o transporte de vehículos entre as dúas beiras do Miño segue sen estar operativo

Este servizo, que ten unha enorme potencialidade para o Concello da Guarda non pode garantir frecuencias, xa que a travesía que realiza na actualidade está condicionada polas mareas; o que impide que se oferten horarios fixos que poidan converter o ferri A Guarda Camiña nun servizo áxil para a veciñanza.

Un servizo que de se poder desenvolver en toda a súa potencialidade suporía ademais do impacto social e económico para a veciñanza da Guarda, unha conexión directa con Portugal que implicaría ter un servizo de tren a cidades coma O Porto ou Vigo a menos de 20 minutos deste concello.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dende o BNG entendemos que A Guarda non pode permitirse ver como esmorece un servizo cun potencial tan importante como é o transporte transfronteirizo marítimo.

En consecuencia formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai a Xunta de Galiza solucionar os problemas que ten o Ferri A Guarda-Camiña estudando as posíbeis solucións ás súas carencias para que poida ofertar liñas e horarios fixos e convertelo en alternativa de mobilidade transfronteiriza real para a veciñanza?

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2021

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Paulo Ríos Santomé

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 21/09/2021 09:52:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 21/09/2021 09:52:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Carme González Iglesias, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ao impacto económico e laboral en Galiza da xeración de enerxía eólica e ás medidas que debe impulsar a Xunta de Galiza para evitar a constante perda de emprego por peches e deslocalizacións das empresas do sector.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os últimos datos de Red Eléctrica de España certifican o papel de potencia enerxética de Galiza. Máis aínda afondan no seu papel líder en enerxía renovábel-Galiza é a segunda comunidade autónoma que máis enerxía renovábel xerou no ano 2020, só por detrás de Castela e León. Neste sentido, cabe salientar ademais o liderado das enerxías hidráulica e eólica. De feito, é a segunda zona con meirande produción eólica, tamén só por detrás de Castela e León, acadando un máximo histórico para o noso país no mix enerxético.

Así mesmo, cómpre sinalar que malia o impacto da práctica paralización das centrais térmicas de Meirama e As Pontes, coa conseguinte destrución de postos de traballo e de tecido económico arredor destas tecnoloxías, Galiza continúa destacando polo seu papel produtor e exportador, cifrándose nun 29,2% a enerxía subministrada fóra do noso país, na liña da tendencia histórica que vimos sinalando desde o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

nacionalismo galego. É de sinalar tamén que, por primeira vez, a xeración con renovábeis (18.562 XWh) superou ao consumo galego (17.383 XWh).

Porén, esta situación de potencia contrasta co reducido retorno económico que ten no noso país e con graves procesos de destrución de emprego. No marco da profunda crise industrial que vive Galiza observamos como malia non ter xerado nunca tanta enerxía eólica e experimentar un boom de solicitudes de novos parques, destrúese e deslocalízase emprego, como foi sonado o caso de Siemens Gamesa, que parece non ser o último. O pasado 20 de setembro coñecíase que Vestas, empresa referencial no sector, ía pechar a súa planta de Viveiro ocasionando a perda de aproximadamente 115 postos de traballo. Para máis, a empresa aposta por un centro de innovación en Portugal.

Este é o resultado dun modelo que renunciou á participación e á planificación pública e que non impulsa medidas como a esixencia de que unha compoñente mínima sexa de fabricación galega, que non destina recursos á vinculación co sistema innovador e que tampouco esixe o desenvolvemento de Plans industriais asociados aos novos parques.

Por estes motivos fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Como valora o goberno galego a destrución de postos de traballo e deslocalización de empresas como Vestas malia ser líder Galiza en xeración de enerxía eólica e estar a vivir un novo boom?

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2021





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Carme González Iglesias

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 21/09/2021 10:23:30

María do Carme González Iglesias na data 21/09/2021 10:23:33

Ramón Fernández Alfonzo na data 21/09/2021 10:23:40

Daniel Pérez López na data 21/09/2021 10:23:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno,** sobre a precarización da función docente.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os recortes da Consellaría de Educación nos últimos tempos están a ter un importante impacto no curso académico que iniciamos. Un impacto que se evidencia no incremento da ratios nas aulas, na perda de profesorado en máis da metade dos centros do país ou na diminución da oferta de materias (sobre todo nos centros do rural).

Mais outras das consecuencias que estamos a ver dende hai tempo no ensino público e a precarización das condicións laborais e salariais do profesorado.

Unha precarización que se leva facendo efectiva coa perda de dereitos laborais, baixadas salariais ou incrementos no horario lectivo; máis que nos últimos anos tamén se está a executar pola vía da contratación do profesorado interino ou substituto a media xornada.

A negativa da administración a dotar os centros co profesorado necesario (isto é, profesorado a tempo completo dos cadros de persoal) motiva que moitas das prazas que oferta a Consellaría de Educación sexan prazas correspondentes aos diferentes programas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta modalidade de contratación incrementada exponencialmente nos últimos tempos, é a priori de aceptación voluntaria, mais a falta de profesorado (e polo tanto o risco a que as listaxes non garantan prazas a tempo completo) obriga a moitos docentes a ter que escoller estas prazas como mal menor.

Segundo datos trasladados polo sindicato CIG-Ensino, das 638 prazas ofertadas nos diferentes corpos de secundaria, 93 son a media xornada; o que supón unha porcentaxe do 14,6% de contratación precaria.

Unha modalidade que impón discriminacións salariais e laborais, tanto entre profesores que traballan nun mesmo centro, coma entre os diferentes centros; xa que case a metade dos centros do país ficaron este ano sen profesorado de reforzo.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai o goberno galego rematar coa precariedade no ensino público ampliando o cadro de persoal docente?

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2021

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Deputada e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 21/09/2021 10:42:54

Mercedes Queixas Zas na data 21/09/2021 10:43:05

Daniel Castro García na data 21/09/2021 10:43:15





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o desprendemento estrutural do centro de saúde de Vilamartín de Valdeorras e o estado dos centros no distrito sanitario de Valdeorras.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na fin de semana do 18 e 19 de setembro desprendeuse o falso teito e ferralla no Centro de Saúde de Vilamartín de Valdeorras. Este desprendemento, que non ocasionou danos persoais ao producírense nun momento no que non había actividade no Centro de Saúde, supuxo o desprazamento dos profesionais que alí traballan para pasar consulta nas instalacións do PAC do Barco de Valdeorras, xa habitualmente compartidas co servizo de Urxencias do Hospital Público de Valdeorras.

Este feito ten moita gravidade non só pola cuestión en si propia senón porque é un síntoma dun estado xeneralizado de mal coidado e funcionamento do conxunto dos centros do distrito,

No mesmo luns tivemos noticias dun escrito da Confederación Intersindical Galega dirixida á xerencia da Área Sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras sinalando o seu malestar polo estado de coidado e conservación dos centros tanto no aspecto material como en dotación de recursos humanos.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A situación puido revestir maior gravidade se o desprendemento se tivese producido en xornada laborábel e resulta só o feito máis lamentábel dentro dun estado xeneralizado de abandono e mal funcionamento dos centros de saúde en todo o distrito sanitario.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións pensa levar a cabo a Xunta de Galiza para garantir o bo estado estrutural e dotacional dos centros do Sergas no distrito sanitario de Valdeorras?

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2021

Asdo.: **María González Albert**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 21/09/2021 11:57:50

María Montserrat Prado Cores na data 21/09/2021 11:57:54





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María González Albert na data 21/09/2021 11:58:02



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Carlos Francisco Rivera, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O presidente da Xunta de Galicia vén anunciando dende o 2016 unha serie de rebaixas fiscais que se teñen incrementado cada ano e que, segundo os seus anuncios propagandísticos, suporía para o ano 2021 un aforro de 472 millóns de euros, 24 millóns máis que as aplicadas para o exercicio 2020, sumándose así á política fiscal adoitada por outras comunidades gobernadas polo Partido Popular que se gaban de eliminar todos os impostos xestionados pola autonomía, o que despraza a maior parte da carga tributaria na participación dos ingresos estatais (IVE e IRPF) e renunciando a aplicar políticas máis progresivas nas que paguen máis aqueles que máis gañan, ben a través do incremento dos tramos máis altos do IRPF ou o incremento na % do Imposto de Patrimonio ou de Sucesións.

Segundo o último e recente Informe Global do sector público autonómico do *Tribunal de Cuentas* de España (publicado o 27 de xullo de 2021) o 80 % dos recursos da Xunta de Galicia e entidades instrumentais proceden dos recursos da Lei 22/2009 (25 % do IRPF, 26 % IVE, 11 % impostos especiais, 8 % tributos cedidos, 19 % Fondo de Garantía de servizos públicos fundamentais, 8 % Fondo de suficiencia global e 3 % dos Fondos de Convergencia). Do restante 20 %, o 6 % procede doutros recursos (7 % FCI, 68 % UE e 24 % subvencións, convenios e outros). E finalmente, o 14 % son recursos propios da Comunidade Autónoma (83 % endebemento, 10 % tributos propios, 2 % prestación de servizos e o 5 % outros ingresos e patrimoniais).

Xa que logo, os gastos aos que ten que facer fronte o Goberno galego están financiados nunha boa parte polos ingresos correspondentes aos capítulos I e II (impostos directos máis impostos indirectos), que en Galicia supoñen aproximadamente a metade dos ingresos totais da comunidade autónoma, supoñendo, polo tanto, unha parte importante para financiar servizos públicos fundamentais, como a sanidade pública, a educación pública, as políticas sociais, de emprego ou industrial. Polo que sería necesario que a Xunta de Galicia establecese obxectivos e indicadores de cumprimento para cada un dos incentivos fiscais aplicados, así como a elaboración sistemática de estudos sobre os efectos dos beneficios fiscais nas políticas económicas e sociais ás que van destinados, recomendación manifestada polo Consello de Contas no Informe de



fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma para 2019 e non aceptada polo Goberno galego.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, preguntan:

Que valoración fai o Goberno galego sobre os incentivos fiscais aplicados dende o ano 2016?

Pazo do Parlamento, 21 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 21/09/2021 12:15:10

Juan Carlos Francisco Rivera na data 21/09/2021 12:15:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé e Montserrat Prado Cores, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as medidas a tomar para reactivar as terapias destinadas ás crianzas con parálise cerebral do centro San Rafael de Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o anuncio do Estado de Alarma vai ano e medio, foron moitos os sectores afectados polo efecto do confinamento e as medidas especiais adoptadas ante a grave crise sanitaria que vivimos.

Desgrazadamente, foron os sectores máis vulnerábeis da nosa sociedade, os que peor viviron esta situación e aínda continúan a vivila. Alén das medidas improvisadas e insuficientes levadas a cabo pola Xunta de Galiza e o goberno do estado, existen sectores tremendamente golpeados por este novo contexto e que viven no total abandono e esquecemento por parte das institucións.

Este é o caso de moitas crianzas da comarca do Morrazo e as súas familias. Dende a proclamación do Estado de Alarma até hoxe mesmo, as crianzas con parálise cerebral, que teñen como centro de referencia o San Rafael de Vigo, contratado polo SERGAS, non retomaron as diferentes terapias que precisan para combater as súas doenzas e poder contar cunha mellor calidade de vida.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As terapias de atención temperá, aínda que insuficientes na súa duración, son unha ferramenta indispensábel para o desenvolvemento destas crianzas, e esta situación de interrupción xera unha situación de retroceso nas capacidades das crianzas afectadas, polo que en moitos casos é necesario que as familias acudan a servizos privados ante a inacción e o silencio administrativo da Xunta de Galiza e do SERGAS.

As familias afectadas nas vilas de Moaña e Cangas, veñen de mobilizarse ante a falta de resposta por parte da administración, cunha situación desesperada ao experimentar o deterioro da saúde e da calidade de vida das súas crianzas. Alén da reactivación e ampliación do servizo de terapias é preciso ampliar a idade de cobertura destas terapias, xa que na actualidade, a cobertura do SERGAS só chega até os 14 anos.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ante a falta de atención na reactivación do servizo público de atención temperá, que afecta ás crianzas con diferentes doenzas da comarca do Morrazo con centro de referencia no San Rafael en Vigo, que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza para reverter esta situación?

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2021

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Montserrat Prado Cores

Deputado de deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 21/09/2021 13:05:28

María Montserrat Prado Cores na data 21/09/2021 13:05:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Daniel Pérez López, Ramón Fernández Alfonso e Carme González Iglesias, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación na que se atopan os traballadores da empresa IKF.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os traballadores e traballadoras da empresa IKF (Imerys Kiln Forniture) situada no concello da Guarda levan semanas en folga. Este paro, que se iniciou o pasado 14 de xullo, produciuse tralo intento da empresa de manter as discriminacións nas condicións laborais e salariais dos seus traballadores/as así como pola negativa da mesma a negociar estas condicións co comité.

A medida da dobre escala salarial, que entre outras foi pactada polo anterior comité de empresa, foi destapada cando a CIG acadou a maioría sindical nesta empresa. Dado o carácter revisábel deste acordo tomado polo anterior comité de costas aos traballadores, o actual comité de IKF iniciou os trámites e as negociacións para reverter esta situación.

Ante a negativa sistemática da empresa a se sentar e falar sobre estas discriminacións; a práctica totalidade dos traballadores e traballadoras da empresa solidarizáronse cos compañeiros/as afectados pola imposición dunha





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dobre escala salarial que condena a agravios e discriminacións salariais e laborais entre profesionais que realizan as mesmas funcións.

Esta situación motivou unha convocatoria de folga que se mantén dende hai semanas. Unha folga que está a ocasionar prexuízos importantes nos traballadores e traballadoras e polo tanto na economía da comarca do Baixo Miño.

A pesar de que o comité de empresa xa solicitou en varias ocasións a mediación da Xunta de Galiza no conflito a empresa négase a negociar, nin a facer ningún tipo de aproximación, namentres os traballadores exerzan o seu dereito de folga. Unha actitude dos responsábeis de IKF que amosa tanto o seu escaso respecto polos dereitos sindicais e laborais dos traballadores como a súa nula intención de acadar acordos.

Hai escasos días, o pasado 15 de setembro, a sociedade da Guarda trasladou de xeito masivo o seu apoio aos traballadores de IKF nunha manifestación multitudinaria que percorreu as rúas do municipio.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai o goberno galego constituír unha mesa para a resolución negociada do conflito entre a empresa IKF e os traballadores/as e asumir un papel proactivo na





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

loita contra a precarización do traballo e a defensa dos dereitos dos
traballadores/as?

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2021

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Carme González Iglesias

Ramón Fernández Alfonso

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme González Iglesias na data 21/09/2021 13:08:43

Daniel Pérez López na data 21/09/2021 13:08:47

Ramón Fernández Alfonso na data 21/09/2021 13:09:02

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 21/09/2021 13:09:21



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O Plan de Hostalaría Segura da Comunidade Autónoma de Galicia que implantou o Executivo autonómico o pasado 15 de setembro permite, como principal novidade, a apertura de locais en toda Galicia independentemente da situación epidemiolóxica de cada municipio. Agora, os establecementos divídense en dous tipos - máis un terceiro, de seguridade, que as autoridades sanitarias activan se a situación epidemiolóxica empeora - en función das medidas que cumbran.

Así, os locais tipo un teñen as seguintes condicións e requisitos: 50 % interior, 75 % capacidade exterior; distancia de 1,5 metros entre mesas, exhibición pública de medidores, contador de CO² con notificacións como máximo cada 4 horas; máscaras cirúrxicas para persoal; carta en material que permita a desinfección e dúas horas de formación en protocolo Covid para o persoal.

Mentres tanto, o tipo dous de locais, con maiores esixencias, poden abrir o interior un 75 % e as terrazas un 100 %, pero deben ter un contador de CO² que faga anotacións constantemente e unha carta dixital, QR ou lousa. Tamén teñen que ter máscaras FFP2 para o persoal que o requira, deberá ofrecerse a realización de probas diagnósticas periódicas cada 15 días. A frecuencia será cada 7 días no caso de que o nivel de restrición aplicable ao concello sexa alto ou máximo. Os restaurantes deberán facer un rexistro de clientes. Nesta tipoloxía, ademais, as barras dos locais pódense usar de xeito individual ou cun máximo de dúas persoas sempre que convivan; e a distancia de 1,5 metros debería estar non só entre as mesas, senón tamén entre a clientela. O seu persoal tamén deben ter unha formación de 4 horas en protocolos Covid.

Estas normas obrigan a ter algúns procedementos a maiores que antes non había, como a formación dos traballadores e traballadoras e a realización de probas ós traballadores e traballadoras, a pesar de que a pandemia segue baixando no número de contaxios.

O grupo parlamentario socialista vemos necesario convocar de forma inmediata os cursos de formación en protocolo Covid para o persoal da hostalería. A día de



hoxe os locais deste sector non están cumprindo a propia normativa aprobada polo Goberno autonómico e publicada no DOG do 14 de setembro porque a dita formación non está convocada.

A maiores a Administración autonómica debería ampliar o período para a implantación do novo Plan de Hostalaría Segura da Comunidade Autónoma de Galicia, para que destes xeito os traballadores e traballadoras podan facer o curso e os locais podan adaptarse a toda a normativa e decidir con máis tempo a que nivel pode acollerse cada establecemento.

Entramos nunha nova etapa desta pandemia, con máis do 70 % da poboación vacinada, temos que ir cara a ter menos restricións para a hostalería, xa que a gran maioría da poboación está vacinada.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cando vai a convocar o Executivo autonómico os cursos de formación en protocolo Covid para o persoal da hostalería para que se poida formar o antes posible todos os traballadores e traballadoras deste sector?

Pazo do Parlamento, 21 de setembro do 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Martín Seco García
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 21/09/2021 16:20:25

Martín Seco García na data 21/09/2021 16:20:33



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Luís Manuel Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Salceda de Caselas é un dos municipios de Galicia que presenta nos últimos anos un maior índice de crecemento demográfico.

Na actualidade hai preto de 2.000 menores, dos cales arredor de 1.200 teñen idades comprendidas entre 3 e 12 anos.

Existe un Colexio de Educación Primaria, o CEP Altamira que é claramente insuficiente para absorber esta demanda.

O Partido Socialista tanto a nivel municipal coma autonómico, leva anos, esixindo á Xunta de Galicia que faga un estudo das necesidades escolares deste Concello, a nivel educación infantil, primaria, ESO e Bacharelato ou outros estudos post-obrigatorios.

O centro CEP Altamira faise escaso, tanto as zonas comúns coma as aulas, non podendo ofertar unha educación de calidade para un crecente alumnado.

Esta masificación fai que moitos pais e nais estean a matricular aos nenos e nenas en centros noutros concellos, cos prexuízos para a conciliación que isto supón.

En concreto en relación a educación primaria dende o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia levamos anos solicitando a creación dun novo CEP, xa que o existente non da resposta ás necesidades da poboación infantil de Salceda de Caselas.

Pero, a pesar de que algunhas destas demandas foron aprobadas por unanimidade no Pleno da Corporación municipal de Salceda de Caselas, e polo tanto solicitados ao Goberno da Xunta de Galicia, e o Grupo Parlamentario Socialista leva anos insistindo neste tema, o goberno do PP fai caso omiso e non atende estas reivindicacións, tan necesarias e que reverterían no beneficio da poboación infantil deste municipio, garantindo o dereito que teñen ao acceso a unha educación pública digna e de calidade.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera a Xunta de Galicia que as actuacións que se levaron a cabo no CEP Altamira de Salceda de Caselas, son suficientes para paliar as deficiencias e carencias nese centro?

Pazo do Parlamento, 21 de setembro do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Luís Manuel Álvarez Martínez
Noa Díaz Varela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 21/09/2021 16:28:31

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 21/09/2021 16:28:40

Noa Susana Díaz Varela na data 21/09/2021 16:28:50



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago, Leticia Gallego Sanromán, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

As cifras concretas sobre o número de persoas que arestora padecen Alzheimer ou algunha demencia varían segundo a fonte consultada. Segundo datos do Instituto Nacional de Estatística recollido pola Sociedade Española de Neuroloxía, estímase que hai entre 500.000 e 600.000 casos, unha cifra que se estima se duplicará ata o millón de pacientes no ano 2050. Pero se collemos os datos da Confederación Española de Alzheimer (CEAFA) elevan esta cifra ata o dobre, situando nun 1.200.000 as persoas afectadas por Alzheimer ou outra demencia na actualidade.

Pese ao seu peso na sociedade, e nomeadamente na nosa comunidade, o Goberno galego non está a cumprir con parte dos obxectivos de atención a persoas con demencia. En Galicia, segundo datos de Fagal (Federación Alzheimer Galicia) son máis de 70.000 persoas as que xunto as súas familias sofren a enfermidade.

Neste sentido, e tendo en conta que a pandemia por Covid vén de supoñer unha parálise nos diagnósticos e un agravamento dos enfermos pola supresión dos tratamentos e terapias debido ao confinamento, ao peche dos centros de día ou a non atención presencial nos centros de saúde, urxe dar cumprimento aos compromisos públicos e concretos como a apertura inmediata da Unidade de Demencias prevista no Hospital Meixoeiro de Vigo.

Tal e como veñen advertindo dende AFAGA, este contexto de pandemia ten provocado que moitas persoas acelerasen os seus procesos de deterioración cognitiva e funcional, e tivesen que saltar os recursos intermedios e ir directamente a residencias.



Ante os reiterados anuncios públicos dos responsables do Sergas e a Consellería de Sanidade avanzando unha posta en marcha inmediata desta unidade multidisciplinar dende hai anos, mesmo chegando a falar “de semanas”, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que data contempla a Xunta de Galicia para a posta en marcha da Unidade de Demencias prevista no Hospital Meixoeiro?

Pazo do Parlamento, 21 de setembro do 2021

Asdo.: Noelia Otero Lago
Leticia Gallego Sanromán
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 21/09/2021 16:34:32

María Leticia Gallego Sanromán na data 21/09/2021 16:34:39

Julio Torrado Quintela na data 21/09/2021 16:34:47

Marina Ortega Otero na data 21/09/2021 16:34:55



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García, Leticia Gallego Sanromán e Noelia Otero Lago, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Metalships quedou neste mes sen carga de traballo e xunto con Barreras e Vulcano, xa son os tres estaleiros máis importantes da ría de Vigo os que están sen actividade, estes dous últimos cun futuro complexo, no caso de Barreras cunha venta enriba da mesa e no de Vulcano cun concurso convocado pola Autoridade Portuaria nos seus terreos.

A actividade actual de Metalships céntrase en traballos de varada, acondicionamento e pintura de barcos, despois de que a partida do veleiro “Sexa Cloud” deixara o estaleiro sen apenas traballo, só pequenos traballos de varada e reparación, como un remolcador.

A situación en Barreiras é coñecida, cun contrato en vigor e nin sequera en Vigo. Trátase do cruceiro de luxo ‘Evrima’ que trasladou a Santander para o seu pintado e moi probablemente acabárase alí. Os novos xestores da consultora Krol que entraron para reestruturar o estaleiro avanza cara a un escenario preconcursal, coa intención de salvagardar a unidade produtiva e sacala á venda; e paralelamente, nun regulación temporal de emprego. Aínda que Barreiras reorganizou o seu departamento comercial, o certo é que carece de carga de traballo e non está prevista a entrada de novas contratacións a curto prazo. Por outra banda, o estaleiro enfróntase a unha ferverza de reclamacións xudiciais por falta de pagamento por parte da industria auxiliar de traballos executados no cruceiro para The Ritz Carlton Yacht Colletion. Existe o compromiso por parte de Barreiras de saldar o pago íntegro da débeda pendente, que supera os 15 millóns de euros

A antiga empresa Vulcano liquidada tras o proceso concursal, tamén está nunha situación delicada e sen actividade. Tras a súa reconversión en Estaleiros San Enrique enfróntase a un panorama complexo pola anulación da concesión portuaria e perdendo a lámina de auga que dá acceso ao mar as instalacións navais.. Recolocou a cinco ex-traballadores que están con labores de mantemento das instalacións e de limpeza. O Porto xa anunciou que sacará a concurso as instalacións exclusivamente para factoría naval, descartando que puidese converterse nunha zona loxística portuaria para contedores. Ante a dificultade



para poder desenvolver actividade algunha, o novo dono do estaleiro, José Alberto Barreiras, optou por ofrecer ao Porto de Vigo a venda dos 42.000 metros de instalacións navais que comprou en xaneiro deste ano por 7,8 millóns. O certo é que as posibilidades de conseguir carga de traballo de reparación ou de nova construción nas actuais circunstancias son escasas.

Segundo estimacións dos sindicatos do sector, o parón destes estaleiros, fundamentalmente os de Barreiras e Metalships, provocou xa a destrución de 1.500 postos de traballo. Non se trata de despedimentos nin de regulacións de emprego, senón que son, na súa maioría, postos de traballo eventuais que se extinguen por fin de obra. O problema é que a crise dos grandes estaleiros ameaza con arrastrar en moi pouco tempo tamén ao tecido auxiliar se a situación non se endereita, e tal e como evolucionan os acontecementos, non parece fácil, porque a situación xa viña complicada de atrás. Segundo Asime, a patronal galega do metal, o naval pechou o 2020 en Galicia cunha caída do emprego do 6 % e unha redución da facturación do 30 %. A contratación de novos buques retrocedeu un 75 % e iso traducíuse nun descenso do 33 % na carteira de pedidos. As tensións de tesourería para afrontar con solvencia novos proxectos, sumado ás dificultades de acceso ao financiamento que arrastra o sector naval, dificultan a situación dos estaleiros privados. Todo isto acontece, ademais, nun escenario especialmente adverso para o sector da construción naval. A pandemia leva xa máis dun ano xerando unha crise mundial de pedidos de novos buques, que afectou especialmente aos barcos de pasaxe (ferris e cruceiros). Pero a incerteza económica está a provocar tamén que proxectos que estaban en marcha por parte dos gobernos (oceanográficos, fragatas ou patrulleiras) pospuxéronse, á espera de que a situación económica e sanitaria sexa máis favorable a partir deste segundo semestre do 2021. En España, o ano da covid-19 saldouse con 18 novos buques encargados, unha cifra un 50 % máis baixa que no 2019, e un total de 44 buques en carteira, segundo o informe sectorial do Ministerio de Industria elaborado a xaneiro do 2021. Este boletín periódico da actividade de construción naval en España, constata un retroceso da actividade nos estaleiros da comunidade galega, que só pecharon tres novos contratos no 2020, e en total teñen en carteira 16 unidades.

O Grupo Parlamentario Socialista é plenamente consciente da importancia deste sector para Vigo e comarca, por iso é necesario que o Goberno galego faga valer as competencias en Industria e Economía e actúe como polo tractor que garanta a actividade dos estaleiros desta comarca cun plan para reactivar o sector naval de Vigo e con el aos seus traballadores e traballadoras.



Por iso, o deputado e as deputadas que asinan, preguntan:

Considera o Goberno galego que é necesario elaborar un plan de reactivación da industria naval privada da ría de Vigo, no que se reforce a colaboración pública-privada, acudindo aos fondos *Next Generation* para darlle capacidade económica a dito plan?

Pazo do Parlamento, 21 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 21/09/2021 17:21:10

María Leticia Gallego Sanromán na data 21/09/2021 17:21:32

Noelia Otero Lago na data 21/09/2021 17:21:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, María González Albert e Carmen Aira Díaz, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Contradicindo a lóxica marcada pola orografía, clima e reparto da propiedade nas súas diversas manifestacións, a tendencia marcada polas políticas dos gobernos do PP na Xunta de Galiza foron levando as explotacións gandeiras, nomeadamente as de leite, a unha intensividade que as fai cada vez máis vulnerábeis e dependentes dos insumos esóxenos ao non dispoñeren de base territorial abondo para o número de cabezas.

Ao mesmo tempo, estas dinámicas orientaron os cultivos forraxeiros a menos herba e máis maízo. Este feito, debido á ocupación de varios meses da terra sen poder fertilizar con xurros, leva a que a capacidade das fosas se volva insuficiente para almacenar o zudre xerado neses meses.

Os vertidos non desexados e sobardamentos marcan a necesidade de medidas políticas correctoras en ben da saúde humana, do equilibrio medioambiental e nun mellor aproveitamento dos recursos fertilizantes orgánicos.

Debido á forte subida do prezo do gas natural e do custe dos dereitos de emisións á atmosfera de CO2 emitidas na fabricación de fertilizantes químicos, están





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

parando numerosas fábricas en España (Fertiberia) e en toda Europa polo que nos atopamos ante un panorama de subida dos prezos dos fertilizantes o que constitúe unha ameaza para a viabilidade das nosas explotacións, sumada a escalada nos prezos das materias primas utilizadas na elaboración dos pensos.

Esta situación, constitúe unha óptima oportunidade para fomentar o modelo familiar de granxas ligadas á terra, sendo a mellora na xestión dos abonos orgánicos, un gran exemplo de economía circular, que permitiría un maior grao de autosuficiencia e tamén da redución da pegada ecolóxica das nosas granxas, pola redución de emisións indirectas de CO2 derivadas da fabricación de ditos abonos químicos.

Galiza que ocupa o décimo lugar en importancia, das rexións europeas produtoras de leite é sen embargo a única rexión produtora que non presenta aínda zonas vulnerables en canto á contaminación por nitratos. E mesmo así as políticas conducentes á intensificación e concentración da produción marcan realidades que están reclamando medidas correctoras na xestión destes recursos fertilizantes.

Moitas fosas actuais precisan con urxencia un redimensionamento da súa capacidade para poder almacenar durante períodos de tempo máis longos, así coma cubricións que eviten que a auga da chuvia aumente o volume de xurro reducindo así o tempo e gasto de gasoil no transporte coas cisternas, desde as fosas aos cultivos, e faciliten a creación desa costra que estanca o mesmo e evita unha parte considerable das emisións de metano, de óxido nítrico e amoníaco, facilitando o cumprimento na redución de emisións de contaminantes atmosféricos, Directiva 2016/2284 (Directiva de Teitos nacionais de emisións) plasmados no Programa Estatal de Control da Contaminación Atmosférica.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Trátase, pois, de xestionar en orixe a autosuficiencia das explotacións en abono e de evitar os vertidos accidentais e os apuros de xestión dos xurros en determinadas épocas do ano.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

. Que ten previsto o goberno galego para evitar a concentración excesiva de xurros e os problemas de xestión que representan actualmente en moitas explotacións gandeiras de leite?

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2021

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

María González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 22/09/2021 10:53:06

María González Albert na data 22/09/2021 10:53:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María del Carmen Aira Díaz na data 22/09/2021 10:53:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Mercedes Queixas Zas e Manuel Lourenzo Sobral, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de que o goberno central inclúa o galego na Lei Xeral de Comunicación Audiovisual.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A protección e promoción da lingua galega ten que ser unha das principais encomendas do goberno galego. Por esta razón faise moi necesario que a nosa lingua estea na totalidade das plataformas audiovisuais que a inmensa maioría da nosa sociedade emprega.

Pola contra, esta necesidade de normalización da nosa lingua en espazos coma Netflix, HBO ou Amazon Prime vese ameazada a día de hoxe co novo proxecto da Lei Xeral de comunicación Audiovisual. Esta nova lei recolle que un 30% das obras do catálogo das plataformas de contidos deber esta dedicado a obras europeas e que dentro dese 30%, polo menos un 50% destas “será reservado para producións en castelán ou algunha das outras linguas do Estado.”

Esta vaguidade nas cifras mostra que non hai ningunha garantía para que a lingua galega estea incluída no proxecto de lei. Ademais disto, esta redacción desoe todas as peticións e reclamacións das diferentes institucións e entidades do Estado español que recomendaban que un 50% da cota dos traballos fose para aqueles feitos en galego, euskara e catalán.





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dun xeito semellante, o problema espállase tamén ao debate do financiamento. No proxecto de lei citado indícase que os fornecedores do servizo de comunicación audiovisual televisivo cun ingresos superiores a 50 millóns de euros deberán financiar obras europeas cun 5% dese diñeiro. Pola contra, un mínimo dun 70% deberá ir dirixida a obras de produtores independentes na lingua oficial do Estado ou nalgunha das linguas oficiais das comunidades autónomas.

Desta maneira volvemos ver a pouca concreción e as vaguidades que se inclúen no relativo ao financiamento dos traballos en galego. Alén disto, o goberno estatal volveu facer caso omiso das reclamacións do sector audiovisual galego, vasco e catalán que reclamaban que esa porcentaxe do 5% pasase ao 10%.

Finalmente, este proxecto de lei pode ir en contra do acordo acadado unánimemente no Parlamento galego no que os tres grupos votaban cun si a Iniciativa Xabarín, unha iniciativa que tiña como principal obxectivo precisamente o de asegurar e garantir a presenza do galego nas plataformas audiovisuais.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai a Xunta de Galiza pular polo aumento da cota e do financiamento dedicado a obras en galego?

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2021

Asdo.: **Daniel Castro García**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas
Manuel Lourenzo Sobral
Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 22/09/2021 11:32:13

Mercedes Queixas Zas na data 22/09/2021 11:32:19

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 22/09/2021 11:32:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Mercedes Queixas Zas e Manuel Lourenzo Sobral, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O proxecto de reparación e posta en valor da Ponte Nafonso, entre os concellos de Noia e Outes, que está a levar a cabo a Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade non é, malia a se demandar e agardar durante moitos anos, unha actuación integral e de revalorización do noso patrimonio cultural.

A Ponte Nafonso é un ben de orixe medieval e de gran valor patrimonial, que está catalogado e que forma parte do patrimonio histórico-artístico de Galiza. Sen ter isto en conta, o proxecto que está a levar a cabo a Xunta de Galiza exclúe, inexplicabelmente, a reposición do vello peitoril de pedra orixinal, que foi retirado no século XIX para ensanchar a ponte e permitir o paso de vehículos, e non contempla actuacións de revalorización do propio ben nin da súa contorna.

Moi ao contrario, a agresión patrimonial que tivo lugar coa substitución do peitoril de pedra por unha varanda de ferro, perpétrase de novo no proxecto actual e, máis unha vez, non se contempla nin se respecta a importancia que ten a Ponte Nafonso como ben catalogado.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E por se isto non fose abondo, a desfeita leva camiño de se consumir xa unha vez iniciadas as obras. Logo de retirar o asfaltado que cubría a ponte, saíu á luz a existencia dunha gabia de formigón no centro da mesma que canaliza o cableado de teléfono de toda a comarca.

O BNG obtivo información dos responsábeis das obras de que esa situación non se vai corrixir e que, por tanto, o pavimento adoquinado terá que se elevar uns centímetros, abandonándose así toda posibilidade de reparar este grave dano ao noso patrimonio.

Representantes do BNG na zona, interesados pola execución do proxecto, recibiron hai poucos días unha chamada de “Patrimonio”, aclarando que o proxecto era o acaído e non se levarían a cabo modificacións. A persoa que contactou con eles presentouse como arqueóloga e historiadora e aseverou, entre outros desatinos, que a ponte nunca tivera peitoril de pedra, malia a existencia de probas gráficas do contrario. Tamén informou do visto e praxe de Patrimonio ao mantemento das tubaxes existentes na ponte ao considerar que é unha estrutura do século XX, afirmación incríbel e absolutamente cuestionábel.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera a Xunta de Galiza que as obras que se están a executar na Ponte Nafonso correspóndense cunha actuación integral, coidadosa e respectuosa co patrimonio histórico-artístico?

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2021





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Rosana Pérez Fernández
Mercedes Queixas Zas
Manuel Lourenzo Sobral
Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 22/09/2021 12:44:15

Mercedes Queixas Zas na data 22/09/2021 12:44:18

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 22/09/2021 12:44:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé, Luis Bará Torres e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O acceso á vivenda é un dereito fundamental que debe ser garantido pola administración pública. actualmente somos quen de ver como ese dereito é negado de xeito constante e consciente. O acceso á vivenda é un pilar fundamental á hora de poder emanciparse e acadar un mínimo de estabilidade e autonomía.

A día de hoxe, a mocidade galega vive ancorada na imposibilidade do acceso a unha vivenda por mor da situación de precariedade absoluta a nivel laboral na que vive. Hoxe, esta precariedade non foi a menos, senón que aumentou en eidos como o da temporalidade do traballo, o empobrecemento das condicións laborais ou a posibilidade mesma de atopar un traballo, situación que se agrava aínda máis coa chegada da COVID-19 e o seu enorme impacto no tecido económico do país.

Alén desta situación pódese advertir a consolidación dun proceso de xentrificación nas cidades e vilas do país, que ligado á proliferación masiva de alugueiros vacacionais, fan que a oferta de vivendas en réxime de aluguer ou venda caia de xeito considerábel e que os prezos dos alugueiros aumenten até cotas completamente inaccesíbeis para a mocidade galega. Este modelo baseado na lóxica consumista do





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

turismo masivo só contribúe a intensificar aínda máis o impacto económico da pandemia nas zonas urbanas.

Mais este non é o único motivo que explica o incremento dos prezos dos alugueiros no noso país, xa que a especulación ligada á construción que existía antes da crise do 2008, tornouse nunha especulación coa vivenda mesma após este período de crise.

Na Galiza existen actualmente, ao redor de 330.000 vivendas baleiras, pertencentes a entidades financeiras e a particulares. Isto acontece mentres atopar unha vivenda en alugueiro é unha tarefa moi complicada para a mocidade e para o pobo galego no seu conxunto.

Coa situación da COVID-19 e a crise económica derivada da mesma, dirixímonos a un período caracterizado por unha dramática destrución de emprego, facendo aínda máis difícil do que xa é o acceso do pobo á vivenda, especialmente na mocidade.

As políticas públicas postas en marcha pola Xunta de Galiza, non van ao núcleo do problema, senón que se limita a ofrecer axudas insuficientes para o alugueiro e máis para a compra de inmóbeis para que as mozas deste país poidan acceder a unha vivenda, cando a realidade di que a mocidade galega non ten capacidade económica para mercar unha vivenda, polo que a insuficiencia nas axudas para o alugueiro fan que a mocidade teña que continuar a vivir na residencia familiar, nos mellores casos, ou a emprender o camiño da emigración forzosa.

Galiza precisa que o acceso á vivenda sexa unha realidade para a mocidade galega e para o conxunto da sociedade. Son necesarias iniciativas públicas que poñan fin á especulación e contribúan a unha regulación nos prezos dos alugueiros





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Desde as administracións públicas deben despregarse iniciativas que garantan o acceso a unha vivenda digna a un prezo non desorbitado.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza para reverter a situación de imposibilidade no acceso a unha vivenda digna, en réxime de alugueiro, por parte da mocidade galega?

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2021

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**
Alexandra Fernández Gómez
Luis Bará Torres
Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 22/09/2021 12:01:34

Alexandra Fernández Gómez na data 22/09/2021 12:01:37





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 22/09/2021 12:01:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Carmen Aira Díaz e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno,** sobre a inestabilidade laboral dentro do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No verán de 2021 asistimos, un ano máis, a novos episodios de conflitividade laboral dentro do SPDIF que tiveron un punto álxido na semana do 20 ao 25 de setembro con distintas mobilizacións convocadas polos comités de empresa da Consellaría do Medio Rural nas catro provincias.

O BNG ten denunciado en múltiples ocasións a precariedade laboral á que a Xunta de Galiza ten sometido a este servizo fundamental no noso país e que ten na actualidade unha das taxas de temporalidade e precarización do emprego máis altas de toda a administración galega.

En atención a esta situación xa convertida en estrutural polos sucesivos gobernos do Partido Popular, o martes 21 o comité de empresa de Ourense concentrouse fronte a delegación territorial da Consellaría mentres que o seu equivalente en Lugo fixo o propio o mércores 22 e os da Coruña e Pontevedra se concentrarán de forma conxunta fronte a sede central da Consellaría do Medio Rural en San Caetano na xornada do xoves 23 de setembro.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As reivindicacións non son novas. O que se denuncia desde os representantes dos traballadores é a “gravísima precariedade laboral” e “inseguridade xurídica” que padecen os traballadores e traballadoras do SPDIF no seu conxunto e os fixos-descontínuos especialmente.

A reclamación é clara: reclámase a ampliación do tempo de traballo das prazas fixas descontinuas de 6 a 9 meses e de 9 a 12. Ao tempo púlase pola cobertura dos postos vacantes. Os comités de empresa advertiron con estas concentracións de que nestes intres, en pleno período de alto risco de incendios, son numerosas as prazas vacantes sen cubrir o que engadido á non cobertura de incapacidades temporais, licenzas e permisos segue a provocar unha diminución da capacidade de resposta do dispositivo.

Este extremo púidose comprobar in situ no gran lume de Ribas de Sil que calcinou preto de 1800 hectáreas e no que unha parte significativa das brigadas destinadas non contaban co total dos seus membros mermando significativamente a súa capacidade operativa.

Por outra banda, e no referido aos empregados fixos descontinuos, resáltase que o feito de que os arredor de 1.000 empregadas e empregados públicos da Xunta pertencentes ao SPDIF sexan contratadas e contratados unicamente durante seis meses ao ano atenta directamente contra a profesionalización do dispositivo, impide acadar os obxectivos de prevención de incendios forestais e reduce a operatividade dun servizo público de emerxencias esencial para a defensa dos intereses dos todos os galegos/as.

Ao mesmo tempo, critican que o Goberno galego esqueza a máis de 600 traballadores/as fixos/as descontinuos e descontinuas de nove meses, que tras máis de 12 anos e pese aos reiterados anuncios publicitarios por parte da Consellaría afirmando





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que solucionarán a cuestión, seguen agardando pola ampliación do tempo de traballo dos seus contratos.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto a Consellaría do Medio Rural solucionar a situación de precariedade laboral no SPDIF neste 2021 cubrindo todas as prazas vacantes no dispositivo e mudando as condicións laborais dos traballadoras e traballadores fixos discontinuos?

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2021

Asdo.: **María González Albert**

Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 22/09/2021 13:49:44

María del Carmen Aira Díaz na data 22/09/2021 13:49:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz na data 22/09/2021 13:50:04



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A crise económica e social xerada pola pandemia da Covid-19 afectou de xeito moi preocupante á mocidade, entre outros aspectos, nos seus procesos de emancipación ou laboral.

Este mes de agosto, UGT-Galicia presentaba unha radiografía do mercado laboral galego centrada nas e nos máis mozos que amosaba a falta de oportunidades, a precariedade e a inestabilidade como principais lastres para desenvolver un proxecto vital independente e digno na nosa comunidade.

Ante esta situación, compre poñer sobre a mesa todo tipo de medidas para ofrecer ás mozas e os mozos galegos oportunidades no plano laboral, no acceso á unha vivenda digna pero ao mesmo tempo ofrecer de xeito inmediato solucións en materia de transporte. Neste contexto de crise, non se entende a limitación ata os 21 anos dos beneficios da tarxeta Xente Nova. Agora que son xa máis de 100.000 as usuarias e usuarios da mesma, e nun escenario socioeconómico delicado para a mocidade galega, compre dar sentido ás políticas en materia de transporte público e mocidade.

Por todo isto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cal é o número de usuarias e usuarios beneficiarios da Tarxeta Xente Nova detallado por provincias, concellos e anos dende o seu inicio no ano 2016?

Pazo do Parlamento, 22 de setembro do 2021

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 22/09/2021 16:22:26





Julio Torrado Quintela na data 22/09/2021 16:22:38

Marina Ortega Otero na data 22/09/2021 16:22:46



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Noelia Otero Lago, Patricia Otero Rodríguez e Martín Seco García, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A cidade de Vigo estase convertendo nun lugar de referencia turística a nivel de toda España, proxectando a súa imaxe como cidade e impulsando tamén o turismo en Galicia.

Desde o ano 2018 a cidade vén incrementando o número de turistas. Os datos de ocupación hostaleira así o amosan, entre novembro e xaneiro do ano 2019-2020 a ocupación media foi dun 81,68 %, sendo nas fins de semana a ocupación dun 90,20 %. Estas cifras supoñen un incremento do 10 % con respecto ao ano 2018. Datos que non teñen precedentes na cidade de Vigo.

No mes de decembro do ano 2019 as pernoctas en Vigo disparáronse, subindo un 50,99 %. O número de visitantes totais tamén increméntase nun 37,09 %. No caso das pernoctas e de turistas no mes de decembro, son os mellores datos desde que hai rexistro do INE. Vigo en número de visitantes nacionais crece nun 50,98 % .

A importancia do turismo de Vigo en todos os meses do ano é grazas á desestacionalización da súas ofertas (o Nadal, as Illas Cíes, as praias, feiras, festas...).

No mes de agosto de 2021, pese as restricións da pandemia da COVID-19, a cidade tivo unha ocupación hoteleira do 90% e non só con visitantes nacionais, senón tamén internacionais (Alemaña, Francia, Italia, Portugal, Reino Unido,...) Esta gran subida do turismo en Vigo co seu consecuente retorno económico foi recoñecido por todo o tecido económico e social da cidade. Este incremento no número de visitantes ten unha gran repercusión social e económica para Vigo, pero tamén para toda Galicia.

A maiores, hai que ter en conta que Vigo é a cidade máis poboada de Galicia e a área con maior número de empresas da nosa Comunidade Autónoma, cunha relevante importancia no PIB. Por iso, a cidadanía e as empresas necesitan máis liñas aéreas para ter conexións con España, con Europa e có resto do mundo.



Os datos de ocupación dos avións no aeroporto de Vigo tamén amosan unha elevada ocupación, existindo moita demanda. Dita demanda xera prezos moito máis elevados do que se atoparían nuns marxes normais.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten pensado a Xunta de Galicia aportar recursos económicos equivalente ó que aportan conxuntamente o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra para a promoción de rutas aéreas no aeroporto de Peinador en Vigo?

Pazo do Parlamento, 22 de setembro do 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Noelia Otero Lago
Patricia Otero Rodríguez
Martín Seco García
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 22/09/2021 16:26:59

Noelia Otero Lago na data 22/09/2021 16:27:06

Patricia Otero Rodríguez na data 22/09/2021 16:27:14

Martín Seco García na data 22/09/2021 16:27:26



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Noelia Otero Lago, Marina Ortega Otero, Luís Manuel Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A Dirección do CEE Saladino Cortizo trasladoulles ás familias que a praza da traballadora social non vai a ser cuberta, unha vez que se produciu a xubilación da persoa que a viña ocupando nos últimos anos. Esta información foi a que lle fixeron chegar desde a Xunta de Galicia ó centro.

A Dirección e as familias son moi conscientes da necesidade de cubrir esta vacante no centro, pois dende sempre o traballo conxunto da traballadora social, a ANPA, a dirección e o Claustro do Saladino Cortizo fixo que se foran conseguindo para as familias servizos e se atenderan demandas feitas as distintas administracións de acordo as súas competencias.

A comunidade educativa deste centro demandan este servizo, pois o seu traballo é específico no campo da educación e dos servizos propios para os rapaces e rapazas en idade escolar, axudándolles a ter unha formación de calidade dos seus fillos e fillas, abarcando tódolos servizos básicos, de saúde, educativos, de ocio e de formación complementaria.

A traballadora social do centro é o engranaxe deste sistema, a que detecta as eivas en primeiro lugar e anticipápanse aos problemas moitas veces evitando sufrimento ao alumnado e permitindo saídas ordenadas aos problemas.

Hai moitos trámites específicos para o alumnado de Educación Especial, hai que enfrontarse a moitas etapas, a maioría de idade e os trámites que isto supón, as incapacidades para poder defender os seus dereitos, a saída deste e doutros centros cando compren 21 anos nos que as familias están completamente desamparadas e grazas ao traballo dos docentes, dirección e da traballadora social a maioría da rapazada ten unha alternativa grazas á anticipación e coñecemento da realidade de cada familia.

Cando os rapaces e rapazas abandonan o Saladino Cortizo, a maioría van a centros concertados pola Xunta de Galicia, para atender as súas necesidades e para seguir traballando a súa independencia e o seu crecemento en sociedade, e todos estes centros teñen traballadoras sociais, porque son fundamentais nos



equipos de formación e xestión. O Saladino Cortizo non pode quedar sen a figura da traballadora social.

O alumnado do centro procede de dezaseis concellos diferentes de todo o Sur de Pontevedra. Isto fai que o apoio que se lles brinda ás familias polas ANPA dos centros ordinarios, nas que as redes das diferentes familias permiten axudarse entre elas, neste caso é imposible chegar a moitas delas. É aquí onde a figura da traballadora social neste centro é decisiva, foi dende sempre un apoio para as familias, sen o cal a metade do traballo que se realiza quedaría sen efecto.

A isto hai que sumarlle un problema cuantificado, este centro ten como mínimo un 35 % de familias usuarias de servizos sociais en risco de exclusión social dende xa fai moitos anos e comezan a ter novas xeración de alumnas e alumnos cuxos proxenitores xa foron alumnos deste centro e doutros de educación especial. Isto é algo que a administración autonómica debería ter en conta.

A maiores, tanto a dirección como as familias non entenden que comuniquen desde a Consellería de Educación o 29 de xullo que non se vai cubrir esta praza e o 10 de agosto sae publicada no DOG a resolución do 31 de xullo de 2021, pola que se aproba a relación de postos de traballo da Consellería de Cultura Educación e Universidade onde aparece a praza da Asistente/a Social, antiga definición da praza da que falamos.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista consideramos que esta figura debería existir en tódolos centros públicos de educación especial de Galicia porque os traballadores/as sociais son unha figura clave nestes centros.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai a Xunta de Galicia cubrir a praza da traballadora social no CEE Saladino Cortizo á maior brevidade posible, tal e como aparece na relación de postos de traballo da Consellería de Cultura Educación e Universidade publicada no DOG do 10 de agosto de 2021?

Pazo do Parlamento, 22 de setembro do 2021

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





María Leticia Gallego Sanromán na data 22/09/2021 17:26:15

Noelia Otero Lago na data 22/09/2021 17:26:22

Marina Ortega Otero na data 22/09/2021 17:26:33

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/09/2021 17:26:43

Noa Susana Díaz Varela na data 22/09/2021 17:26:55



Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero, Luis Manuel Álvarez Martínez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Os centros de día son un dos recursos máis importante para as persoas con dependencia ou discapacidade e para as súas familias. Constitúe unha das fórmulas que contribúe a retrasar a institucionalización das persoas maiores, polo que se trata dun dos piares que se debe impulsar dentro do novo modelo de coidados que o Goberno galego está chamado a exercer.

O centro de día público de Chantada estivo pechado de xeito temporal alegando falta de persoal. Dito centro da servizo a 40 usuarios e usuarias, consta de sete auxiliares, unha limpadora, unha directora, unha educadora social, e unha traballadora social itinerante.

Ante a baixa de 3 auxiliares que non cubriron o centro pechou alegando a falta de persoal. Inmersa nun tránsito obrigado cara a un novo modelo de coidados, a sociedade galega reclama que se faga efectivo canto antes. O Goberno galego ten que dar resposta á demanda e emerxencia que está a reclamar a cidadanía, dotando de recursos a servizos tan importantes como os centros de día.

Por todo, dende o grupo parlamentario socialista solicitamos ao Goberno galego a que dote de recursos aos centros de día e blinde aos públicos cubrindo o persoal sempre que exista necesidade tal e como aconteceu en Chantada e non fixeron.

É o momento de aproveitar a maior dotación de recursos estatais e europeos chegados a Galicia e transformar a nosa sociedade, das máis envellecidas do país, para camiñar cara a un novo modelo de coidados.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:



É coñecedora a Consellería de Política Social do peche temporal do centro de día público de Chantada?

Pazo do Parlamento, 22 de setembro de 2021

Asdo.: Marina Ortega Otero
Luis Manuel Álvarez Martínez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 22/09/2021 18:27:12

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/09/2021 18:30:46

Julio Torrado Quintela na data 22/09/2021 18:31:00



Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presintan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A sanidade pública recibiu os aplausos de todas as persoas na pandemia, non obstante non debemos esquecer en ningún momento que se trata dunha profesión con moita responsabilidade que é preciso dignificar dende as institucións incentivando contratos estables e con mellores condicións para afianzar persoal sanitario en Galicia.

O feito é que existen carencias e falta de persoal na sanidade pública galega que se están normalizando de xeito estrutural nun contexto no que debemos impulsar máis que nunca a sanidade pública.

Na provincia de Ourense, entre outras cuestións, existe un problema importante coa lista de agarda de traumatoloxía. Con demoras de máis dun ano para a cita co especialista en traumatoloxía, incluso en casuísticas urxentes como por exemplo o caso dunha señora de 90 anos que ten unha escaiola tras a rotura do radio e onde o facultativo recomenda revisión nun mes, o Sergas outorga dita cita co traumatólogo para finais do seguinte ano, 2022. Este caso en concreto é derivado do Hospital Comarcal de Valdeorras.

Tendo en conta que ademais Ourense é unha das provincias máis envellecidas do país, e polo tanto con maior poboación susceptible de ser usuaria de traumatoloxía, dende o Grupo Parlamentario Socialista consideramos urxente que dende o Goberno galego poñan no centro da xestión este problema para dar solución efectiva canto antes. Propoñemos para elo que exista unha maior planificación e coordinación na xestión dos recursos así como un incremento dos mesmos, tanto materiais como humanos.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan a seguinte pregunta:





Dende o Goberno galego teñen constancia das longas listas de agarda pata traumatoloxía na provincia de Ourense?

Pazo do Parlamento, 16 de setembro de 2021

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 22/09/2021 17:48:19

Julio Torrado Quintela na data 22/09/2021 17:48:37





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Mercedes Queixas Zas e Manuel Lourenzo Sobral, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o mantemento da oferta de Educación Secundaria para persoas Adultas (ESA) no IES de Ribadeo Dionisio Gamallo Fierros.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A oferta educativa do concello de Ribadeo conta coa opción de Educación Secundaria para persoas Adultas (ESA). Este é un servizo vital para moitos homes e mulleres que precisan obter esta titulación mínima para poder acceder á inmensa maioría dos empregos, algo que ademais de ser un dereito básico, como é a educación, convértese nun aspecto máis que importante nun contexto de pandemia onde a crise económica e laboral está a invadir as vidas de moitas familias.

Pola contra, esta realidade compartida por todos e todas parece verse ameazada pola Consellería de Educación ao mostrar a vontade de eliminar este servizo.

Esta decisión da Consellería, non entendida pola comunidade educativa, faise aínda máis incomprendible ao falarmos dunha oferta educativa que permite que moitas persoas do rural teñan o dereito a estudar e formarse preto do seu lugar de residencia, sen ter que facer grandes desprazamentos e reducindo as desigualdades en materia educativa entre os e as habitantes do rural e as cidades.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alén disto, é importante recalcar que os motivos que se aducen para suprimir a ensinanza para adultos en Ribadeo son falsos, xa que cando se fala de que non se acadou o mínimo de alumnos e alumnas permitido, estase a obviar dun xeito deliberado o feito de que todos os anos o prazo de matrícula se abre o 1 de setembro e permanece aberto durante todo o curso, dando lugar a que nos últimos 5 cursos, a mediados de setembro, o número de matrículas era similar ao actual.

Esta realidade fixo que tanto o Consello Escolar do propio IES de Ribadeo Dionisio Gamallo Fierros, como as organizacións sindicais e políticas e a propia cidadanía ribadense mostrasen o seu enfado reclamando o mantemento do servizo.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cales son as razóns da Consellería de Educación para suprimir a oferta de Educación Secundaria para persoas Adultas (ESA) no IES de Ribadeo Dionisio Gamallo Fierros?

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2021

Asdo.: **Daniel Castro García**

Mercedes Queixas Zas

Manuel Lourenzo Sobral

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 23/09/2021 09:09:30

Mercedes Queixas Zas na data 23/09/2021 09:09:33

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 23/09/2021 09:09:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a garantía do dereito ao aborto na sanidade pública galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo os últimos datos publicados polo Ministerio de Sanidade español correspondentes a 2019 en Galiza producíronse 2.868 Interrupcións Voluntarias do Embarazo (IVE).

Segundo o tipo de centro no que se levaron a cabo os abortos o 77% dos mesmos foron en centros extrahospitalarios privados, 2.212 fronte apenas 34 na pública. En troca, os abortos realizados en centros hospitalarios son maioritariamente asumidos pola sanidade pública (539) fronte a 83 na privada.

Os datos evidencian que o dereito á interrupción voluntaria do embarazo non está a garantirse no sistema público senón que se está a derivar na inmesísima maioría dos casos á rede privada.

Entre as razóns coas que tradicionalmente se pretende explicar esta distorsión (moi lucrativa para as clínicas privadas) está a obxección de conciencia do persoal sanitario público, un dereito recoñecido na lexislación vixente que permite ás traballadoras e traballadores negarse a practicar unha interrupción do embarazo por ir en contra dos seus principios éticos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alén do debate que podería darse arredor da obxección de conciencia o certo e verdade é que a súa invocación por parte do persoal sanitario na rede pública non pode supor un impedimento, de facto, ao exercicio do dereito ao aborto no sistema público de saúde.

Esta situación supón unha vulneración dos dereitos das mulleres mais tamén o incumprimento flagrante da lexislación vixente a nivel estatal que sitúa como “excepcional”, desde 2010, a derivación á privada sendo a rede pública a que debe garantir o dereito ao aborto nos termos previstos legalmente.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cre que se está a garantir o dereito ao aborto das mulleres na sanidade pública galega ?

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2021

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 23/09/2021 13:17:29

Iria Carreira Pazos na data 23/09/2021 13:17:33

María Montserrat Prado Cores na data 23/09/2021 13:17:43



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Pablo Arangüena Fernández, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O pasado 16 de xuño a Audiencia Nacional publicou a sentenza que resolvía o recurso interposto pola Asociación medioambiental GREENPEACE e o Concello de Pontevedra, contra a concesión polo goberno de Mariano Rajoy dunha prórroga de 60 anos a empresa pasteira Ence no ano 2016.

Aínda que a reseñada sentenza aínda non é firme, dende ese momento o PPdeG adoptou unha postura de oposición ao seu contido, ata o punto de afirmar, varios membros do goberno da Xunta de Galicia, que a única solución posible, se a mesma adquire firmeza, era que o Goberno non executara a resolución, nunha clara incitación á desobediencia.

Para continuar secundando a postura da empresa que segue a manter a imposibilidade de traspaso por non existir outro emprazamento posible en Galicia.

Asemade, na segunda xuntanza, da mesa de diálogo polo futuro de Ence, celebrada o día 10 de setembro, arrincouse o compromiso do Goberno de España e do Concello de Pontevedra de non executar temporalmente a sentenza se existe unha posibilidade real de reubicación.

Pola contra, o presidente da Xunta de Galicia, a pasada fin de semana, apuntaba a posibilidade de instaurar outra pasteira en Galicia se Ence pecha, creando un desconcerto no cadro do persoal desta empresa e contradicindo a postura doutros membros do seu goberno.

Ante tanta contradición e falla de responsabilidade dun goberno con competencia exclusiva en materia de desenvolvemento industrial e ordenación do territorio, dende o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que a Administración autonómica ten que deixar de dar bandazos e buscar unha solución real, que permita a continuidade desta industria madeireira en Galicia e permita o mantemento dos postos de traballo.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Como xustifica o goberno da Xunta de Galicia os sucesivos cambios de postura que ven mantendo en relación ao futuro da empresa Ence en Galicia?

Pazo do Parlamento, 23 de setembro do 2021

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2021 13:22:40
Nº Rexistro: 22524
Data envío: 23/09/2021 13:22:40.623

Paloma Castro Rey na data 23/09/2021 13:15:23

Pablo Arangüena Fernández na data 23/09/2021 13:15:31

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/09/2021 13:15:43

Patricia Otero Rodríguez na data 23/09/2021 13:15:53

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG3FwIPuSpG4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A pandemia provocada pola Covid alterou por completo o sistema sanitario, cuxos profesionais responderon de maneira contrastadamente eficiente ante os problemas xurdidos. Esta situación evidenciou algúns problemas de xestión, que forzaron a asumir algúns problemas durante as fases máis duras da pandemia pero que, sobre todo, amósanse agora coa dificultade para retomar un escenario de normalidade nas épocas onde estase a recuperar a actividade.

No eido da actividade hospitalaria as listas de espera son sempre un problema recorrente na xestión sanitaria. Galicia non queda a zaga e, pese aos datos pretendidamente oficiais, a realidade está en que xa existen irregularidades no cómputo das esperas (como así manifestou o Consello Consultivo na súa apreciación sobre o irregular cómputo dos tempos que permite falsealos) ao contabilizar como espera unicamente o tempo que transcorre dende que se define unha data concreta pero non dende que o paciente está realmente esperando. Ademais existe unha negativa permanente do goberno da Xunta de Galicia a facilitar os datos de espera estruturais, que inclúen a todas as persoas que están a espera dunha consulta, diagnóstico ou intervención, e non a aquelas que xa teñen data marcada (que é único cómputo actual). A maiores desta circunstancia, os tempos de espera para consultas, diagnósticos ou intervencións cirúrxicas complicouse e elevouse con motivo da pandemia, o que resulta natural e comprensible.

Sen embargo, na situación actual, é preciso afrontar que a recuperación dun elevado grado de normalidade na convivencia co virus, precisamos afrontar solucións excepcionais para recuperar o pulso previo. Neste punto cabe mencionar unha ineficiente optimización de recursos xa existente previamente á pandemia, como son os recursos hospitalarios (materiais e humanos). Os centros hospitalarios vén reducida drasticamente a súa actividade en horario de tarde, o que limita o aproveitamento de espazos e tecnoloxías, que ademais de ser custosas e estar a disposición, sofren e perden capacidade operativa co paso do tempo.

Dada esta situación, e co aumento de tempos de espera rexistrados xa sobre os datos oficiais, ademais da incongruente situación pola que non e posible coñecer a realidade das esperas en Galicia, é preciso establecer medidas excepcionais para mellorar así como tamén tomar decisións que permitan cambios estruturais no sistema para optimizar o rendemento dos recursos.

A existencia de fondos extraordinarios para a Covid aportados dende o Estado, que permitiron aumentar os orzamentos existentes e permiten aínda deseñar plans de mellora baseados no aumento de recursos (non só materiais senón tamén humanos), facilita a posibilidade de adoptar medidas extraordinarias para o fin de avanzar na situación actual.



Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Valora o goberno da Xunta de Galicia a necesidade dun plan especial de actividade hospitalaria para reducir tempos de espera en consultas, diagnósticos e intervencións cirúrxicas?

Pazo do Parlamento, 23 de setembro do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 23/09/2021 12:57:09

Marina Ortega Otero na data 23/09/2021 12:57:16



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A pandemia provocada pola Covid alterou por completo o sistema sanitario, cuxos profesionais responderon de maneira contrastadamente eficiente ante os problemas xurdidos. Esta situación evidenciou algúns problemas de xestión, que forzaron a asumir algúns problemas durante as fases máis duras da pandemia pero que, sobre todo, amósanse agora coa dificultade para retomar un escenario de normalidade nas épocas onde estase a recuperar a actividade.

No eido da actividade hospitalaria as listas de espera son sempre un problema recorrente na xestión sanitaria. Galicia non queda a zaga e, pese aos datos pretendidamente oficiais, a realidade está en que xa existen irregularidades no cómputo das esperas (como así manifestou o Consello Consultivo na súa apreciación sobre o irregular cómputo dos tempos que permite falsealos) ao contabilizar como espera unicamente o tempo que transcorre dende que se define unha data concreta pero non dende que o paciente está realmente esperando. Ademais existe unha negativa permanente do goberno da Xunta de Galicia a facilitar os datos de espera estruturais, que inclúen a todas as persoas que están a espera dunha consulta, diagnóstico ou intervención, e non a aquelas que xa teñen data marcada (que é único cómputo actual). A maiores desta circunstancia, os tempos de espera para consultas, diagnósticos ou intervencións cirúrxicas complicouse e elevouse con motivo da pandemia, o que resulta natural e comprensible.

Sen embargo, na situación actual, é preciso afrontar que a recuperación dun elevado grado de normalidade na convivencia co virus, precisamos afrontar solucións excepcionais para recuperar o pulso previo. Neste punto cabe mencionar unha ineficiente optimización de recursos xa existente previamente á pandemia, como son os recursos hospitalarios (materiais e humanos). Os centros hospitalarios vén reducida drasticamente a súa actividade en horario de tarde, o que limita o aproveitamento de espazos e tecnoloxías, que ademais de ser custosas e estar a disposición, sofren e perden capacidade operativa co paso do tempo.

Dada esta situación, e co aumento de tempos de espera rexistrados xa sobre os datos oficiais, ademais da incongruente situación pola que non e posible coñecer a realidade das esperas en Galicia, é preciso establecer medidas excepcionais para mellorar así como tamén tomar decisións que permitan cambios estruturais no sistema para optimizar o rendemento dos recursos.

A existencia de fondos extraordinarios para a Covid aportados dende o Estado, que permitiron aumentar os orzamentos existentes e permiten aínda deseñar plans de mellora baseados no aumento de recursos (non só materiais senón tamén humanos), facilita a posibilidade de adoptar medidas extraordinarias para o fin de avanzar na situación actual.



Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cre o goberno da Xunta de Galicia que é necesario optimizar os recursos materiais e humanos dos centros hospitalarios públicos de Galicia para usalos de maneira máis intensiva e durante máis tempo na xornada habitual?

Pazo do Parlamento, 23 de setembro do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 23/09/2021 12:58:50

Marina Ortega Otero na data 23/09/2021 12:58:57



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Vilagarcía de Arousa ten, agora mesmo, un so centro de saúde nun edificio de máis de 40 anos e con notorias e coñecidas dificultades de accesibilidade, espazos e acondicionamento. As posibles melloras ou obras de mantemento non conseguen, polas dificultades da propia edificación, solventar problemas estruturais que dificultan claramente a capacidade asistencial en plena garantía de calidade para os/as usuarios/as.

Esta situación levou aos diferentes axentes sociais de Vilagarcía a demandar un necesario novo centro de saúde. Dende 2008 existiu un acordo entre Concello, Porto e Xunta de Galicia para dispoñer do solar da antiga Comandancia de Marina para este obxectivo. O cambio de goberno en 2009 na Xunta de Galicia bloqueou esta solución ata este 2021 no que, tras taponar e dificultar calquera intento de solución, a Xunta de Galicia e o Porto de Vilagarcía accederon a un acordo que o Concello de Vilagarcía promoveu e no que traballou durante anos para que ese novo centro de saúde en Vilagarcía poda ser realidade.

Este acordo, moi importante para a dotación de servizos sanitarios na localidade, presenta a oportunidade de non frear agora a posibilidade de que esta infraestruturas sexa unha realidade canto antes. Para tal fin as tres institucións comprometeron o seu traballo áxil, e así poder facilitar os prazos que de por si conleva unha obra importante sobre o asunto. Ademais, a estes compromisos, é necesario sumar o coñecemento da dotación orzamentaria plurianual que estará prevista para os vindeiros tempos ata a finalización do centro de saúde.

No que corresponde á Xunta de Galicia é de interese coñecer as previsións temporais para aquelas accións que lle corresponden, así como o deseño do plan funcional que permita saber a previsión de usos e o proxecto asistencial. Ambas tarefas son chave para poder culminar no menor tempo posible o reto iniciado de dotar a Vilagarcía dun novo centro de saúde da capacidade que é precisa, tal e como outras localidades de entidade similar ou menor teñen hai tempo.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que prazos pode comprometer o goberno da Xunta de Galicia para a construción definitiva do centro de saúde de Vilagarcía?

Pazo do Parlamento, 23 de setembro do 2021





Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 23/09/2021 13:02:07

Marina Ortega Otero na data 23/09/2021 13:02:16



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Vilagarcía de Arousa ten, agora mesmo, un so centro de saúde nun edificio de máis de 40 anos e con notorias e coñecidas dificultades de accesibilidade, espazos e acondicionamento. As posibles melloras ou obras de mantemento non conseguen, polas dificultades da propia edificación, solventar problemas estruturais que dificultan claramente a capacidade asistencial en plena garantía de calidade para os/as usuarios/as.

Esta situación levou aos diferentes axentes sociais de Vilagarcía a demandar un necesario novo centro de saúde. Dende 2008 existiu un acordo entre Concello, Porto e Xunta de Galicia para dispoñer do solar da antiga Comandancia de Marina para este obxectivo. O cambio de goberno en 2009 na Xunta de Galicia bloqueou esta solución ata este 2021 no que, tras taponar e dificultar calquera intento de solución, a Xunta de Galicia e o Porto de Vilagarcía accederon a un acordo que o Concello de Vilagarcía promoveu e no que traballou durante anos para que ese novo centro de saúde en Vilagarcía poda ser realidade.

Este acordo, moi importante para a dotación de servizos sanitarios na localidade, presenta a oportunidade de non frear agora a posibilidade de que esta infraestrutura sexa unha realidade canto antes. Para tal fin as tres institucións comprometeron o seu traballo áxil, e así poder facilitar os prazos que de por si conleva unha obra importante sobre o asunto. Ademais, a estes compromisos, é necesario sumar o coñecemento da dotación orzamentaria plurianual que estará prevista para os vindeiros tempos ata a finalización do centro de saúde.

No que corresponde á Xunta de Galicia é de interese coñecer as previsións temporais para aquelas accións que lle corresponden, así como o deseño do plan funcional que permita saber a previsión de usos e o proxecto asistencial. Ambas tarefas son chave para poder culminar no menor tempo posible o reto iniciado de dotar a Vilagarcía dun novo centro de saúde da capacidade que é precisa, tal e como outras localidades de entidade similar ou menor teñen hai tempo.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que orzamento vai contemplar o investimento para a construción do centro de saúde de Vilagarcía? Que previsión de distribución anual ten este investimento?

Pazo do Parlamento, 23 de setembro do 2021





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/09/2021 13:25:45
Nº Registro: 22537
Data envío: 23/09/2021 13:25:45.067

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 23/09/2021 13:02:30

Marina Ortega Otero na data 23/09/2021 13:02:38

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG3FMIPuSpG4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, solicita a esa Mesa a seguinte corrección de erros no documento con número de rexistro **22537**, advertido un erro en dito documento.

Corrección de erros

Na parte onde se formula a pregunta para o seu debate en Pleno, onde di:

“Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que orzamento vai contemplar o investimento para a construción do centro de saúde de Vilagarcía? Que previsión de distribución anual ten este investimento?”, debe dicir:

“Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que orzamento vai contemplar o investimento para a construción do centro de saúde de Vilagarcía?”

Pazo do Parlamento, 27 de setembro do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 27/09/2021 10:33:43





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2021 10:34:53
Nº Registro: 22761
Data envío: 27/09/2021 10:34:53.935

Marina Ortega Otero na data 27/09/2021 10:33:52

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG3FMIPuSpG4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López, Ramón Fernández Alfonso e Noa Presas Bergantiños, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O proceso de concentración entidades bancarias e a dixitalización dos servizos ven resultando nunha continua redución de oficinas bancarias ao longo de todo o territorio do noso país.

E na medida en que o primeiro destes procesos atinxe a súa máxima expresión e o mercado queda baixo o control exclusivo de 4 grandes entidades o comportamento propio dun oligopolio abrolla sen disimulo, quer en forma de comisións, quer en forma de redución de oficinas co prexuízo conseguinte ás persoas usuarias.

O caso de ABANCA, é especialmente relevante por ser con diferenza a entidade con máis clientes no noso país, por ser resultado da fusión e venda das caixas de aforro galegas despois dun rescate mil millónario con diñeiro público, e curiosamente polo elevado número de oficinas pechadas.

5 anos despois de terse realizado a fusión das caixas, e polo tanto, cando as duplicidades deberían estar resoltas, a redución de oficinas en ABANCA é a seguinte: Entre o 31 de marzo do 2015 e o 31 de marzo do 2020 pechou 52 oficinas, o 9% da súa rede; o ano seguinte, até 31 de marzo do 2021 pechou 61 oficinas, o 11,53% da súa rede





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

restante. E nestes últimos tres meses outras 12 máis. É dicir o ritmo de peches aumentou desmesuradamente.

Por suposto que todo este proceso tivo graves consecuencias para o emprego. As dúas caixas galegas sumaban no momento da fusión 7.845 persoas empregadas. Hoxe o persoal de ABANCA na Galiza ascende a 3.800 persoas, o 48,43%, menos da metade.

A redución de persoal en ámbitos especialmente cualificados dentro do sector servizos, como é o financeiro, é un problema laboral de especial transcendencia para calquera sociedade moderna, mais neste caso, ademais, redunda nun grave retroceso na prestación dun servizo esencial para a cidadanía galega, sobre todo para aquelas persoas con dificultades para realizar os trámites a través dos medios dixitais.

Dous ámbitos, laboral e servizos esenciais, nos que ABANCA debiera xogar un papel proactivo a favor do país, tal como a sociedade reclama, despois de ter recibido 9.000 millóns públicos para o saneamento da entidade, e sendo como é unha entidade que obtén elevados beneficios ano tras ano no noso país, 157 millóns durante o primeiro semestre do presente exercicio e con volume de negocio en termos anteriores á pandemia.

Desgraciadamente, esta problemática, aínda que atinxe especialmente a ABANCA polo seu volume de negocio e incardinación nos concellos rurais galego, estase a agravar polo feito que outras entidades bancarias están a levar a cabo actuacións miméticas, animadas pola actuación do goberno galego plasmada na Orde de 18 de xuño de 2021, pola que se subvenciona o mantemento e posta en funcionamento de caixeiros automáticos.

A Costa da Morte e Bergantiños non están sendo unha excepción nesta merma inxustificábel na prestación dun servizo esencial. Así, primeiro, anunciouse o peche de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

oficinas na Parroquia de Baíñas, en Vimianzo, en Zas e agora, tamén en Malpica de Bergantiños.

Isto provoca a imposibilidade das veciñas e veciños destas poboacións de acceder aos servizos bancarios presenciais, obrigando a desprazamentos a outras poboacións limítrofes onde, de momento, se mantén o servizo.

O envellecemento da poboación, que en moitos casos ten serias dificultades para desprazarse, e a innegábel fenda dixital, supón que estes peches constitúan un auténtico ataque ao rural, ante o que o goberno galego ten que adoptar unha postura proactiva e, atopar solucións, en lugar de facer medrar o problema.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera o goberno galego que o peche das oficinas bancarias de Zas, Baíñas (Vimianzo) e Malpica de Bergantiños pode afectar negativamente ás economías locais destes concellos?

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2021

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonzo

Deputada e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 23/09/2021 13:29:03

Ramón Fernández Alfonzo na data 23/09/2021 13:29:08

Daniel Pérez López na data 23/09/2021 13:29:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno,** sobre os problemas de transporte no IES de Soutomaioir.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O IES de Soutomaioir ten carencias importantes dende o mesmo momento da súa inauguración. Estamos a falar dun concello, no que a pesar da demanda existente non tivo instituto ata hai 3 anos e no que a Xunta tratou ata a o último minuto de facer un proxecto de IES con só ensinanzas da ESO.

Foi a resposta da veciñanza a que obrigou á Consellaría a mudar aquel proxecto inicial e dotar de bacharelatos o IES de Soutomaioir. Mais o problema continuou porque a mudanza consistiu unicamente en construír un IES de 16 unidades no mesmo espazo pensado para un IES de 12.

En consecuencia, os problemas xurdiron xa no primeiro ano da inauguración do IES: falta de aulas, espazos diminutos, falta de instalacións básicas... A isto hai que engadir a falta de previsión (cuestión advertida dende o ano 2015 polo BNG) de que este IES acollese tamén alumnado doutras localidades, como así foi finalmente.

Con estas circunstancias, o IES de Soutomaioir ficou pequeno dende o mesmo momento da súa inauguración mais por se isto non fose dabondo, aos problemas de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

espazos, hai que engadir (tal cal aconteceu en cursos anteriores) os problemas de transporte.

O que está a acontecer a día de hoxe é que ante o incremento de matrícula, o IES de Soutomaior solicitou a ampliación de prazas de transporte nas liñas de Arcade; xa que non podía atender esta demanda pero esta petición foi rexeitada pola Consellaría de Educación.

Cómpre sinalar que a normativa establece no seu artigo primeiro, referido ao ámbito de aplicación: *Será usuario lexítimo do transporte escolar gratuíto o alumnado cuxo domicilio se encontre fóra do núcleo urbano no que radique o centro escolar, en calquera caso, a unha distancia deste superior a 2 km, calculada utilizando o itinerario máis directo, sen desvíos e rodeos innecesarios.*

É evidente que o IES de Soutomaior atopase fóra do núcleo urbano, tal e como establece o Plan Xeral de Ordenación Municipal, e polo tanto, a interpretación que fai a Xunta de Galiza, é a máis prexudicial para toda a veciñanza e prioriza o criterio economicista sobre os dereitos do alumnado.

Como consecuencia desta negativa da Xunta, varios alumnos da ESO (algúns de tan só 12 anos, usuarios das paradas de Pierres e O Calvario) non teñen servizo de transporte e vense na obriga de camiñar case dous quilómetros e saír do núcleo urbano con noite e en días de choiva para ir a clase.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vai a Xunta de Galiza considerar usuarios lexítimos do transporte escolar gratuito os usuarios das paradas de Pierres e o Calvario por o IES Soutomaior se atopar fóra do núcleo urbano?

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2021

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 23/09/2021 13:38:18

Mercedes Queixas Zas na data 23/09/2021 13:38:20

Daniel Castro García na data 23/09/2021 13:38:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á necesidade de estimular o consumo cultural desde a Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A crise provocada pola COVID-19 afectou de forma evidente ao consumo cultural da poboación galega e os efectos pódense percibir en boa parte nos produtos culturais, tal e como vén de concluír un informe do Consello da Cultura Galega.

A realidade que nos deixa a pandemia é que en Galiza os hábitos de lectura de libros son os únicos que melloraron lixeiramente pola situación de crise. Pola contra, son maioría os produtos que acusaron un descenso, ás veces moi significativo, sendo as artes escénicas e os concertos de pago os máis prexudicados.

No primeiro caso, se antes da pandemia o 52,6% da poboación galega non asistía nunca ao teatro, ao ballet ou á ópera, agora esa porcentaxe sitúase no 83,8%. O 29,2% non acode por desconfianza na seguridade e un 27% por cambios na vida persoal. En total, pódese calcular que se perderon 732.000 espectadores de artes escénicas. Mais, entre os que, a pesar de todo, puideron ir a algunha representación, o gasto medio anual pasou de 89,6 € a 66,9 € e o descenso afectoulles en maior medida ás mulleres e aos maiores de 45 anos. A situación é similar nos concertos de pago. Se antes era un 43,5% da poboación galega a que non ía a este tipo de espectáculos, agora esta cifra sobe ata o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

80,7% e, entre os que foron, a maioría asistiu un par de veces en todo o ano. Extrapolado ao conxunto da poboación galega, supón unha perda de 863.000 espectadores. O 39,3% non vai pola falta de confianza na seguridade e o 28% por razóns persoais. Neste caso tamén lles afecta, en maior medida, ás mulleres e obsérvase unha maior probabilidade de deixar de acudir a este tipo de manifestacións culturais canto maior é a idade dos suxeitos.

A perda de espectadores de cine tamén se sitúa arredor do millón de persoas. Se antes eran case sete de cada dez persoas as que ían ao cine, dende que comezou a crise sanitaria ese número descendeu ata o 23,7% e as que asisten fano con menos frecuencia. De feito, o gasto neste tipo de espectáculos contraeuse un 94,3%. Neste caso tamén son as persoas de máis idade as que reduciron a súa presenza e o motivo principal para non acudir está relacionado coa falta de seguridade.

A baixada no consumo increméntase coa idade das persoas. As razóns son principalmente económicas e cambios na situación persoal.

O 37,7% das persoas considera que o seu gasto cultural diminuíu bastante. Isto é máis evidente entre as persoas máis novas e as que mostran un maior interese pola cultura en xeral. A estimación que fai quen di que o seu consumo cultural se reduciu moito ou bastante sitúase nunha contracción media do 69,9%.

En contraste con este panorama, as expectativas pódense cualificar como positivas, de modo que tres de cada catro persoas en Galicia cren que volverán gastar en produtos culturais tanto ou máis que antes.

A poboación galega ten un interese pola cultura relativamente alto. Nunha escala de 1 a 10, a cultura en xeral suscita un interese de 7,9 e a cultura galega un pouco menos, 7,87. As mulleres teñen máis interese que os homes, sobre todo pola cultura galega. A





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cultura tamén suscita máis interese entre as persoas de mediana idade, de arredor de 40 anos, entre as persoas cun nivel educativo máis elevado e entre as que viven en contornos urbanos.

É por iso que, ademais do impulso do gasto público, dentro das medidas de estímulo do gasto privado, cómpre activar desde a Xunta de Galiza medidas que xa está a desenvolver noutros sectores económicos en forma de bonos de consumo orientados á cultura.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas ten previsto impulsar a Xunta de Galiza para reactivar a difusión e o consumo da cultura galega?

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 23/09/2021 13:45:16

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 23/09/2021 13:45:20

Mercedes Queixas Zas na data 23/09/2021 13:45:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de impulsar un programa de estímulo nos sectores culturais galegos que afronte as consecuencias negativas derivadas da pandemia por COVID-19.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo un informe publicado pola UNESCO, a crise provocada pola COVID-19 produciu danos importantes no sector cultural e creativo con carácter global. En Europa, no ano 2020, o sector da cultura foi o segundo máis afectado, despois do transporte aéreo, e sufriu máis perdas que o turismo e a automoción.

Diferentes estudos analizaron ao longo de 2020 e 2021 como a crise sanitaria afectou de forma xeneralizada os sectores culturais en Galiza.

Estas diagnoses expóñennos a un escenario caracterizado por un tecido produtivo vulnerábel, unha contracción no consumo cultural e unha situación moi incerta para as profesionais da cultura.

As análises actuais, para alén de diagnosticar a realidade presente como un continuum dun tempo precedente marcado pola precariedade, aínda máis agudizado pola pandemia, achegan propostas de acción inmediata e temporal, mais sobre todo catalizadoras de cambios sistémicos a medio e longo prazo.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así, neste sentido, a UNESCO propón:

- Apoio directo a artistas e profesionais da cultura.
- Apoio aos distintos sectores das diferentes industrias culturais.
- Fortalecemento da competitividade das industrias culturais e creativas.

Asemade, a OCDE traza tamén unha serie de recomendacións que cómpre atender, a curto, medio e longo prazo, pois todos os estudos estatísticos e económicos apuntan cara a un forte impacto negativo en todas as actividades relacionadas coa creación cultural.

Por estes motivos fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas ten previsto activar o goberno galego para estimular os sectores culturais galegos e afrontar as consecuencias negativas derivadas da pandemia por COVID-19?

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 23/09/2021 13:49:58

Daniel Castro García na data 23/09/2021 13:50:01

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 23/09/2021 13:50:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o desenvolvemento do Proxecto HUB Audiovisual da Industria Cultural por parte da AGADIC.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En novembro de 2020 a Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos acolleu as comparencias do Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, así como tamén do director da AGADIC.

En ambas as dúas intervencións os comparecentes fixeron mención dunha importante achega económica de 9,6 millóns de euros que esta consellaría destinaría aos obxectivos e funcións da AGADIC, procedentes dos fondos FEDER REACT da Unión Europea.

A falta de toda concreción naquela altura, o director da AGADIC apenas mencionara unha liña de traballo novidosa, definida como Proxecto HUB, asentada no obxectivo de “incrementar as capacidades das empresas galegas, a competitividade das empresas galegas, situar Galiza como un referente das industrias creativas”, e que se desenvolvería da man do sector, sempre desde o consenso con este.

O pasado 10 de setembro de 2021 o DOG publicaba a convocatoria, en réxime de concorrencia non competitiva, de axudas para o fomento e a promoción de rodaxes





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

audiovisuais que favorezan a recuperación económica do sector ao abeiro do programa Hub da Industria Creativa Galega, a primeira das convocatorias do seu fondo para a atracción de rodaxes, dotada con 2 millóns de euros.

O mesmo día en que o Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade lles presentaba ás principais asociacións e empresas audiovisuais galegas as liñas mestras do Hub Audiovisual da Industria Cultural.

Para alén desta primeira convocatoria, o Conselleiro de Cultura anunciou, segundo nota de prensa do seu gabinete, “a posta en marcha da Galicia Film Comisión, as subvencións para o desenvolvemento de grupos de proxectos, o polo de talento do sector audiovisual, o plan creativo e empresarial para videoxogos e un fondo transversal para o conxunto da industria cultural son outras das principais iniciativas que serán desenvolvidas proximamente ao abeiro do Hub”.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno

Considera o goberno que a convocatoria publicada de axudas para o fomento e a promoción de rodaxes audiovisuais responde ás características do tecido da maioría das produtoras galegas?

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 23/09/2021 16:22:24

Daniel Castro García na data 23/09/2021 16:22:28

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 23/09/2021 16:22:37



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Luís Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Co comezo do curso escolar estanse a producir distintas protestas reclamando máis persoal e recursos nos centros da comarca da Coruña, o que pon de manifesto as carencias actuais e o efecto acumulativo dos recortes levados a cabo na educación pública galega desde o ano 2009.

Así, as familias de alumnos do CEIP Ría do Burgo de Culleredo reuniron ata o día de hoxe máis de mil cen sinaturas para reclamarlle á Xunta máis docentes de educación especial, dado que a Xunta reduciu o persoal de apoio nese centro a pesar de que este curso se duplicou o número de alumnos con necesidades educativas especiais, o cal implica obviamente unha peor atención non só para eses alumnos senón tamén para o conxunto dos nenos e nenas.

Por iso, o Consello Escolar reclama que se lle asignen ao centro dous especialistas de Audición e Linguaxe, como tiñan ata o presente curso, no que se lles asignou soamente un. O Concello de Culleredo manifestou nos primeiros días de setembro a súa preocupación por este recorte. A dirección do centro considera que son necesarios dous profesionais para atender aos case 15 alumnos con necesidades especiais.

En segundo lugar, a comunidade educativa (pais, nais e profesorado) do instituto Rego da Trabe concentrouse hai escasos días para demandar melloras e critican a supresión de media praza de docente (e por tanto media xornada) de pedagogía terapéutica, o cal supón unha mingua para 17 nenos e nenas que necesitan un especial apoio, así como a supresión da reorganización horaria elaborada o ano pasado, a negativa a contratar un bedel para o edificio do instituto. Desde o concello de Culleredo sinalase neste caso que o incremento da ratio nas aulas, unido a un exceso de carga horaria do profesorado implica "un obstáculo insalvable no desenvolvemento de actividades e programas para mellorar a formación".

Tamén os pais e nais do CEIP Ramón de la Sagra da Coruña manifestáronse nos últimos días para solicitar que se complete o cadro de persoal docente do centro



dado que, a pesar de que no catálogo de profesorado do centro figuran 11 docentes, só hai 10 no curso que comeza.

Pola súa banda, a comunidade educativa do CEIP Sagrada Familia da Coruña denuncia que no centro falta un dos dous docentes a tempo completo especializados en educación musical que lles corresponde e desde a AMPA do centro manifestan “o seu desacordo co nomeamento por parte da Consellería de Educación dunha docente interina”, sobre todo “por carecer esta profesora da especialidade de educación musical”, incumprindo, segundo precisan, o Real decreto 1594/2011 do 4 de novembro polo que se establecen as especialidades do corpo de mestres que desempeñan as súas funcións nas etapas de educación infantil e primaria, segundo o cal “para impartir música, educación física e linguas estranxeiras requirirase ademais estar en posesión da especialidade correspondente”.

A resposta da Consellería en todos estes casos e inexistente ou insatisfactoria.

Por iso, os deputados e a deputada que asinan, preguntan:

Considera a Consellería de Cultura, Educación e Universidade que a situación descrita nos catro centros educativos ós que se refire a exposición de motivos pon en evidencia unha carencia de persoal e recursos nos centros da comarca coruñesa?

Pazo do Parlamento, 23 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 23/09/2021 17:12:34

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/09/2021 17:12:48

Noa Susana Díaz Varela na data 23/09/2021 17:12:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Luis Bará Torres e Carme González Iglesias, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as medidas que vai tomar a Xunta para ofrecer unha alternativa habitacional ante o desafiuzamento inminente dunha familia en Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Existe na actualidade un problema de falta de programas por parte da Xunta que garantan o acceso á vivenda para as persoas nunha situación de precariedade económica ou de vulnerabilidade social. Os poucos programas que existen adoecen, ademais, de falta de orzamento e duns procedementos que dificultan o acceso aos mesmos.

As consecuencias máis brutais destas deficiencias nas políticas públicas de vivenda vémolos a diario con dúcias de casos cun patrón común: no momento en que unha unidade de convivencia é incapaz de facer fronte aos pagos das rendas non atopa solucións rápidas por parte da Xunta, o problema de impago agrávase e estas persoas vense obrigadas a pasar por un auténtico calvario xudicial e burocrático na procura dunha solución que non sempre chega. Segundo os datos oficiais do Poder Xudicial, tan só no segundo trimestre de 2021 foron executados 447 lanzamentos, dos cales 432 corresponden con lanzamentos por impago de vivendas alugadas.

Un exemplo actual da situación de vulnerabilidade que xeran estas carencias en materia de vivenda é o que está a vivir unha familia na parroquia de Coruxo en Vigo. A familia está composta por dous adultos, un deles cunha doenza crónica, e tres fillos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

menores. Esta situación non impidiu que se ditase unha sentenza de desafuzamento da familia. A presión realizada por veciños e diferentes colectivos fixeron con que finalmente se atrasase por uns días o desaloxo da vivenda, do contrario terían quedado na rúa sen ningunha alternativa. Mais a situación segue sen resolverse e as propostas que parece formular a Xunta pasarían polo desprazamento da familia fóra do Concello de Vigo o cal ten un claro impacto negativo para a familia.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 2ª :

Que solución concreta vai ofrecer a Xunta para que esta familia teña garantida unha alternativa habitacional digna?

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2021

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Carme González Iglesias

Luis Bará Torres

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez na data 23/09/2021 17:31:25

María do Carme González Iglesias na data 23/09/2021 17:31:29

Xosé Luis Bará Torres na data 23/09/2021 17:31:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Carme González Iglesias e Alexandra Fernández Gómez, deputadas e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG) solicitan a seguinte corrección de erros no documento con número de rexistro 22629:

Onde dí: “Por estes motivos fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 2^a”.

Debe dicir: “Por estes motivos fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno”.

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2021

Asdo.: Luis Bará Torres
Alexandra Fernández Gómez
Carme González Iglesias
Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 24/09/2021 13:30:11

María do Carme González Iglesias na data 24/09/2021 13:30:20






OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez na data 24/09/2021 13:30:27





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

